CONTAMOS A NOSA HISTORIA

A Galicia moderna (1880-1939)

Unha sociedade activa, unha economía innovadora

Lourenzo Fernández Prieto

XERAIS

CONTAMOS A NOSA HISTORIA

A Galicia moderna (1880-1939)

Unha sociedade activa, unha economía innovadora

Lourenzo Fernández Prieto

XERAIS

Dedicado aos avós Rosendo e Balbino
e ás avoas Carme e Josefa, que foron novos
no mellor daquel mundo de antes.
E mais a Claudia, Irene e Miguel,
que son novos no mundo de hoxe.

O meu agradecemento ás moitas persoas que
me axudaron na elaboración deste libro, entre elas,
o director da colección e amigo Isidro Dubert,
e o compañeiro e amigo Gustavo Hervella.

LIMIAR

Libros como este son necesarios e deben lerse. Basicamente, por ser unha boa vacina contra ese virus social e cultural que inoculan a escola e os medios de comunicación cando fan referencia ao «atraso de Galicia» ou dan pábulo a andrómenas como a da «Galicia profunda». Este libro demostra que ese «atraso» nunca foi tal, do que se desprende que non é máis ca un imaxinario creado polas elites sociais e políticas do país.

Sobre ese imaxinario xa escribira Lourenzo Fernández Prieto en *Historia das historias de Galicia* (Xerais, 2016), como máis tarde o fixo tamén Francisco Xavier González García en *Celtas, castrexos e romanos* (Xerais 2021). Neste último caso, cando amosaba como a idea de que Galicia é un país escuro, bárbaro, afastado do mundo e da historia, un *finis-terrae* europeo, foi unha invención grecolatina, relacionada en última instancia co seu afastamento xeográfico dos centros do poder do Imperio romano, situados na altura na cidade de Roma. É certo que tamén os xermanos foron considerados bárbaros. Mais, a diferenza dos galegos, a futura Alemaña tivo no seu día un Renacemento que relativizou e reverteu culturalmente os mitos clásicos no seu favor, e unha Reforma protestante que valorizou a lingua popular, o alemán, empregado por Lutero na súa tradución da Biblia, co que o dignificou e enxalzou, e, con el, todas as persoas que o falaban e a cultura que se expresaba nesa lingua.

Pola contra, esa idea de terra escura e bárbara, condición estendida aos seus habitantes, mantívose en Galicia durante a Idade Media nas mans dos frades e cregos que custodiaban e interpretaban os restos do vello saber clásico. Unha idea difundida logo, nos albores da Idade Moderna, entre as súas elites sociais por un Renacemento que, ao contrario do sucedido en Alemaña, potenciou os canons e os estereotipos socioculturais máis negativos

sobre o «outro». Consonte a eles, nun reino onde a maioría da poboación vivía no campo e as cidades eran pequenas, estas últimas foron consideradas fachos de civilidade, de cultura, de civilización cristiá, fronte a ese mundo tenebroso situado alén das murallas, no que residían os labregos. Destes, presupúñase que vivían miserablemente e falaban unha lingua bárbara, o galego, do cal, a medida que avanzaba a Idade Moderna, non deixaron de renegar a Igrexa, a nobreza, a fidalguía e as elites do terceiro estado ligadas á administración real e señorial. De aí que a inmensa maioría das fontes históricas da época estean escritas en castelán por escribáns, por cregos ou por fidalgos galegos; en suma, polas elites sociais e culturais do país. E de aí tamén, por exemplo, que a finais do século XVI houbese bispos de orixe foránea á cabeza da sé episcopal de Tui pedindo ao rei Felipe II que os seus fieis fosen obrigados a abandonar as súas aldeas e a vivir concentrados en «poboacións», de maneira semellante a como no abrente do século XVII fixeron os xesuítas cos indios guaranís nas «reducións» do Paraguai. No fin de contas, para eles, Galicia non era outra cousa que «as Indias destas partes», un mundo aínda por cristianizar e castelanizar, por «civilizar».

Nestas circunstancias, o mito da barbarie e o atraso galegos, materializado no comportamento social amosado polos habitantes do reino, na súa *hexis* cultural ou no emprego da súa lingua, chegará intacto ao século XIX, cando será literaturizado en castelán por escritoras como Emilia Pardo Bazán e encarnado nas figuras do mordomo, das criadas e dos labregos que aparecen en *Los pazos de Ulloa*. Fronte a estes estereotipos socioculturais negativos houbo quen, como amosa Antom Santos en *Terra a nossa!* (Laiovento 2024), reaccionou construíndo entre 1875 e 1936 unha identidade agraria de Galicia desde a que poder encarar con dignidade a Modernidade. E iso malia non ser esa identidade –tal e como se amosa no libro colectivo *Galicia, un mar con historia* (Xerais 2024)–, máis ca unha das moitas que había, e houbo, no seo da sociedade galega.

Porén, o certo é que, na altura, Galicia xa era un país moderno, innovador, europeo, aberto ao mundo, quer no agro quer na cidade.

Abonda con ler as páxinas do libro de Lourenzo Fernández Prieto para decatarse disto. Nelas amósanse as achegas á Terra de institucións tan relevantes como a Misión Biolóxica de Galicia, a carón do emprego nos campos de superfosfatos e malladoras mecánicas, da aparición das primeiras industrias agropecuarias, das exportacións de gando aos mercados internacionais, da actividade de estaleiros, conserveiras, bancos, empresas eléctricas ou de transportes. Tamén se amosan os labregos mobilizándose a prol dos seus dereitos da man do agrarismo, traballadores e traballadoras afiliadas a sindicatos anarquistas e socialistas, organizacións obreiras vinculadas a asociacións internacionais ou o funcionamento de sociedades de instrución, de ateneos libertarios, de clubs deportivos…

Chegado este punto, se aspectos como estes son considerados polos expertos unha clara mostra da existencia de modernidade en países como Francia ou Inglaterra, por que non o son tamén en Galicia? Ou é que somos uns bárbaros que descoñecemos e valoramos tan pouco a nosa historia?

Isidro Dubert
Na Coruña, mirando o mar

O SÉCULO XX A GALICIA MODERNA E A GALICIA ATRASADA UNHA ECONOMÍA: DÚAS SOCIEDADES?

> Até 1914, as nobrezas terratenentes, militares ou de toga de toda Europa, mesturadas entre si, seguían sendo as que predominaban nas clases dirixentes. Agás en Inglaterra e Francia, tamén mantiñan a súa primacía política. A súa posición era sólida e temible, non precaria e pretensiosa […] Pero a súa resistente base material […] estaba sendo minada pola decadencia relativa do sector agrario […]. Os *grands bourgeois* en ascenso e con aspiracións tiñan pouco máis que o seu capital con que desafiar este alto grupo de poder amplo, coherente e formidable […]. Dubidando da súa propia lexitimidade, e sen condicións para subverter ou conquistar as antigas clases dominantes, os novos grandes homes dos negocios e as profesións decidiron imitalas, persuadilas e unirse a elas.
>
> ARNO MAYER, *The Persistence of the Old Regime: Europe to the Great War*, New York, 1981(edición Alianza Editorial, 1984, p. 124).

> A primeira idea […]: o papel preponderante que o clero e mais a fidalguía, en canto que grupos dirixentes, xogaron na configuración da Galicia actual […] A segunda […]: a demora histórica con que se esborrallou unha sociedade entrambilicada polos foros, os frades e os fidalgos […] non hai até o século vinte modificacións substanciais e cuantitativamente diferentes nesa estrutura social nordeada […] polo sistema foral.
>
> RAMÓN VILLARES, *Foros, frades e fidalgos*, Xerais, 1982, pp. 12-13.

> «As casas dos señores van parar aos labradores.»
>
> ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO, década de 1920.

A sociedade galega contemporánea construíuse sobre elementos de igualdade ou, máis ben, impulsada por potentes mecanismos sociais

de igualación, os cales foron moi activos no século XX, especialmente nos territorios euroamericanos. Aqueles territorios europeos nos que a pegada da emigración foi máis activa e estendida. Eses elementos non son algo improvisado nin responden unicamente aos ventos democráticos deste século, pois esa tendencia igualitaria atopouse incrustada e presente no seo da sociedade galega, en procesos de longo percorrido histórico e en inevitable conflito con tendencias contrarias. As tendencias sociais e culturais a prol do arrasamento dos grandes e poderosos poden indagarse no pasado; en certo modo, son herdeiras dos tempos en que as Irmandades derrubaban os castelos, alá polo século XV, e non andariamos descamiñados ao dicir que se afirmaron moito desde que a Revolución liberal acabou co poder económico –e xurisdicional– da Igrexa, xa no século XIX. Esas tendencias poden apreciarse tamén, xaora, noutras sociedades europeas e extraeuropeas.

Entremedias, nos anos que van de finais do século XV ao remate do XVIII, medraron como cogomelos os fidalgos de pazo en moitas xurisdicións, ás veces confundidos e outras distinguidos cos labregos de casa grande. En coincidencia con este proceso, foi entón cando se reforzaron as comunidades aldeás e, dentro delas, cando as facendas labregas se afirmaron na produción para si e para o mercado, por mor da capacidade que desenvolveron de innovar en rotacións e produtos grazas á incorporación das plantas americanas como o millo e a pataca, e tamén aproveitando a vantaxe de labrar a terra duns predios levados en foro que, en moitos casos, traballaban como se fosen propios. O experimento individual nas cortiñas e hortos particulares, os acordos comunitarios nas agras e as afirmacións colectivas no manexo dos montes da aldea fixeron aquelas comunidades e as súas casas máis sólidas, outorgándolles un poder social imbatible, o cal se reafirmou no século XX. Todo isto pode rastrexarse e seguirse no plano histórico nos traballos de Ramón Villares, Pegerto Saavedra, Xosé Manuel Pérez García, Ermelindo Portela ou Carlos Barros, mentres que para o século XIX a súa culminación foi ben descrita por Aurora Artiaga, Xesús Balboa, David Soto, Beatriz Corbacho, Edelmiro López Iglesias ou Xoán Carmona.

Os grandes poderes que en Galicia turraron historicamente por unha afirmación social desigual foron sucumbindo sucesivamente, ou ben non puideron adaptarse aos tempos, e foron substituídos. A ausencia dunha monarquía primeiro e dun estado que despois foi tamén consecuencia da derrota deses poderes. A aristocracia guerreira empurrada cara ás Castelas e alén do Miño foi substituída na fin da Idade Media por unha Igrexa dominadora de terras e persoas que non deixou de aproveitarse da riqueza agraria até o XIX. Un século que antes de rematar viu como a pequena nobreza local, a fidalguía, tiraba proveito das bases da súa riqueza rendeira en declive para dar un chimpo cara ao Estado nacional liberal e atopar nel unha nova fonte de ingresos na política, na xustiza, no exército, na administración… As substitucións experimentadas nese ámbito no curso do século XIX foron máis profundas e os relevos sociais completáronse como cumpría na altura, da man dunha burguesía que foi alcumada de foránea (catalá, francesa, inglesa, camerana, maragata…), que non foi moito máis grande e poderosa –léase desigual– que a fidalguía a que viña a substituír, pero tampouco menos numerosa, en contra do que adoita afirmarse con escasa base. En paralelo, o ascenso social dos fillos dos labregos a través do comercio, da emigración e dos estudos universitarios serviu para engordar aínda máis aquela burguesía tan numerosa como as vilas, e tan pequena como as cidades do país; unha burguesía conformada por fabricantes, fomentadores, profesionais liberais e da administración, pequenos banqueiros, empresarios dos novos servizos… Foi deste xeito como a sociedade galega chegou ao século XX, o das oportunidades, o do consumo de masas, o motor de explosión, os deportes e o da afirmación social das mulleres.

O pórtico do século XX galego foi a crise agraria que sacudiu Europa a finais do século XIX, non a crise colonial española do ano 1898, que tanto lamentaron as elites que logo serían chamadas rexeneracionistas, senón unha crise material derivada da revolución dos transportes, a cal contribuíu a arruinar as vellas familias europeas, preferentemente aristocráticas, que vivían da renda da terra. Até a gran guerra de 1914, estes poderosos afundíronse pouco a pouco, mentres que os territorios europeos con sociedades

trenzadas de casas de labranza autosuficientes que interviñan no mercado, como a galega, os labregos, *farmers*, *baserritarras*, *bauers*, *boers*, *fermiers*, *lavradores*, *lankbrukares* lograron resistir, adaptarse e afirmarse a través de explotacións cada vez mellor dotadas e grazas á existencia de comunidades que lograron superar a expropiación liberal dos bens comunais. Neste contexto, se as condicións biofísicas da produción agrícola que levaban adiante eran ademais compatibles coa *mixed farming* que protagonizara a revolución agrícola atlántica, en marcha desde o século XVII, esas sociedades contaban co vento nas velas. Mais esa revolución agrícola presentaba dúas versións: a desigualitaria –a inglesa e británica en xeral– e a igualitaria –a neerlandesa e a sueca–, a cal se asemellaba máis á evolución histórica das terras do norte atlántico ibérico.

Á Galicia da altura, ademais da falta de Estado, definíaa tamén a ausencia dunha nobreza poderosa cunha base material agraria. A diferenza da imaxe de Europa que debuxara o historiador Arno Mayer para 1914, a burguesía galega (*la petite bourgeoise galicienne*) non tiña en fronte un gran poder social e económico que desafiar e posuía, na súa medida e no seu territorio, máis capacidade que outras burguesías europeas para ocupar un lugar prominente sen ter que aloumiñar clases máis antigas e poderosas. Onde fora que estiveren situadas as súas orixes –Maragatería, Cataluña, Cameros, as aldeas galegas despois de pasar pola emigración americana– a nova burguesía non tiña en fronte, naquela altura, máis que o poder dunha fidalguía en disolución, en conflito cos labregos, mais unha Igrexa debilitada tras pasarlle por riba a Revolución liberal. Mudando a clásica sentenza do filósofo francés Jean Paul Sartre, na altura, o campo do posible era tan amplo como a ideoloxía burguesa estivese disposta a imaxinar.

Polo demais, o que a investigación histórica avanzou e descubriu nas últimas décadas permítenos debuxar un pouco mellor a imaxe da Galicia contemporánea e do acontecido nese século XX que xa pasou. O actual territorio autónomo galego, gobernado a través da Xunta, así como a súa sociedade, son produtos históricos ben coñecidos pola nova historiografía, mesmo máis enxergado canto

máis imos cara ao pasado, cara aos castros ou cara á Galicia romana. A súa pegada neste vello enclave europeo é tan forte como a do granito, os xistos e as cuarcitas da pegada xeolóxica. De certo, temos que ter conta das continuidades históricas, por moito que entender as rupturas e os cambios sexa o que distingue e dá mérito ao traballo historiográfico.

Neste punto, recoñecendo o moito que se ten avanzado na pescuda histórica, sería bo comezar por aclarar que queda moito aínda por facer na investigación sobre a Galicia contemporánea. O conseguido até hoxe tan só nos ofrece unha imaxe aproximada e parcial dela, suficiente para achegármonos ao coñecemento do agro, da emigración, de aspectos importantes da política; pola contra, a sociedade, e mesmo a economía e algúns aspectos da cultura, están menos esculcadas nas súas fondas complexidades na historiografía dispoñible. Contamos, xaora, con información suficiente para ofrecer un retrato bastante mellorado do noso pasado actual e, xa que logo, para coñecérmonos e recoñecérmonos no presente, en particular, se comparamos ese retrato co que tiñamos de nós mesmos hai cincuenta anos, ao comezo das máis recentes loitas pola Democracia e a Autonomía, cando os mestres Ramón Villares, Xosé Ramón Barreiro, Xusto Beramendi e Xoán Carmona principiaban a súa andaina historiográfica. Foi moito o que se indagou e se publicou nestas catro décadas, tanto que calquera que aborde o empeño dunha síntese se ve obrigado, coma min, a facer unha escolma, a non citar –por imposible– todo o producido, a referir só aquilo que nos axuda a completar, mellorar e ampliar o cadro que se intenta debuxar do máis salientable do século xx galego. Confío, pois, en que o destilado nestas páxinas recolla o bo bagazo que quedou nos moitos odres de viño trasfegados nas súas décadas. Viño novo en odres novos.

Desde un punto de vista biofísico e xeolóxico, Galicia é un territorio moi diverso, á vez que singularizado pola súa situación atlántica peninsular, compactado pola conformación dun macizo galaico de orixe paleozoica, longamente erosionado, que sufriu menos alteracións no pregamento alpino. A gran diversidade ambiental e paisaxística, que tanto destacan xeógrafos como

Augusto Pérez Alberti ou Luís Guitián, é compatible, porén, cunha imaxe tan idealizada como falsamente icónica. Por moito que o metabolismo social explique con tino a coevolución entre humanidade e natureza, isto non abondaría por si só para definir unha sociedade recoñecible e identificada de seu como galega. Alén das características ambientais da Fisterra de Eurasia, como a denomina o historiador Felipe Criado, que poden ser descritas como singulares, como homoxéneas ou diversas, segundo cumpra, foron procesos desenvoltos en condicións históricas concretas os que, cando menos en tres momentos, definiron a conformación dun territorio identificado con trazos susceptibles dunha certa unidade: a Galicia romana e castrexa (ou viceversa), o Reino medieval de Galicia (por inercia alongado até a era moderna) e o primeiro terzo do século XX. Sendo isto último discutible –por efecto da hipermetropía–, cómpre argumentalo.

Foi no abrente do século pasado cando a sociedade que habitaba na Fisterra ibérica, a Galicia constituída en catro provincias pola monarquía española liberal en 1833, se identificou como unha cultura contemporánea diferenciada que aspiraba, e mesmo logrou, a ter expresión política. Un empeño de afirmación que construíu aquel presente, e mais o futuro que habitamos, ao fundamentalo sobre todo na lingua e nalgúns outros trazos diferenciais, entre os que a paisaxe –física e emocional– non foi menos importante. Os habitantes da Galicia da época conformaron, pois, unha identidade moi definida que, ás veces, se manifestou con máis forza nas grandes urbes americanas da emigración que nas aldeas onde naceran os emigrantes. Tanto como a lingua –e máis que un pasado colectivo–, seguramente foi a arraigada identidade labrega e os lazos comunitarios, ligados á forza dunha cultura rural europea anovadora en tempos de cambio acelerado, a que amalgamou unha idea de Galicia no tempo dos nosos avós e bisavós. Ideas e identidades das que aínda somos debedores. Se buscamos ao xeito, o que atoparemos naquela altura é unha existencia capaz de influír na conciencia. Un resultado histórico –non un milagre– producido por esa sociedade cuxas chaves máis características intentaremos ofrecer.

Houbo, porén, un cuarto momento histórico que debe ser citado e que se sitúa entre ese vello Reino medieval estirado até as sete provincias da Idade Moderna e o primeiro terzo do século xx. Foi o tempo convulso e apaixonante da caída do Antigo Réxime, para a que estaban ben equipados os ilustrados, as comunidades labregas, os fomentadores e os comerciantes. O tempo da guerra –contra o francés– e da revolución –liberal–, da que fixeron parte frades exclaustrados, por exclaustrar e cregos como Juan Antonio Posse (1766-1854). Pero desa parte da historia, que ten excelsos cultivadores en Galicia, non cabe aquí máis que a lembranza dun momento revolucionario liberal, do que será herdeiro histórico mediato ese primeiro terzo do século xx, moito máis pacífico, pero política –e economicamente– revolucionario na súa capacidade para facer avanzar a igualdade. Un tempo no que se seguiu tecendo o vello fío irmandiño, enleado agora nas novas condicións históricas imperantes.

O que máis nos marca hoxe no plano histórico como galegos e galegas son, sen dúbida, as catro primeiras décadas do século xx, basicamente, porque neses tempos de acelerada mudanza se definiron algúns dos trazos sociais, políticos e económicos máis decisivos da Galicia actual. De 1900 a 1939, foron anos de rupturas, transformacións e novidades importantes, cortadas polo golpe, o resultado da guerra e unha ditadura que ocupou as décadas centrais do século (1939-1977), destruíndo a sociedade liberal e a súa economía. Mais aquel período inicial tivo a virtude de animar as grandes mudanzas históricas que seguiron a 1978 e que, erradamente, lemos aínda como continuidades do pasado franquista. A saída da crise das democracias europeas dos anos trinta materializouse no caso español nunha alternativa totalitaria á modernidade, que na Península Ibérica perdurou despois de 1945. Unha desfeita do *mundo de antes* de 1936 convertida en fonte de atraso do *mundo de despois* da guerra. Ou, se o prefiren, concretouse nun *gap* económico, pero tamén político e civilizacional de enormes proporcións.

Posiblemente o primeiro terzo do século xx sexa un dos períodos mellor coñecidos na investigación histórica contemporaneísta,

mentres a ditadura é un territorio dominado pola memoria e o relato político que a investigación vai rozando aos poucos como nun mato mesto e desdeixado. O presente da Autonomía –desde 1981–, profuso en información e informantes, devece por ser atendido desde a historia do tempo presente. Para o século xx coñecemos ben o mundo agrario e a sociedade rural, moi ben a sociedade que emigra e que retorna e as súas pegadas produtivas e culturais, bastante ben o complexo marítimo industrial e a evolución da sociedade urbana, temos unha idea cabal da política democrática nesgada polo interese no galeguismo en canto ideoloxía, liderados e influencia cultural. O retrato da sociedade do século xx en Galicia e das bases produtivas que lle deron sustento e fundamento faise con eses vimbios.

En Galicia, como no mundo, o século xx foi asombrosamente contraditorio. Tempo de grandes transformacións que comezou experimentando coa aviación, o cine e o motor de explosión e rematou coa rede de redes e a intelixencia artificial. Preñado de avances tecnolóxicos e melloras no coñecemento que serven para vivir máis e mellor, tamén para matar e dominar de forma máis científica. Comezou coa extensión da democracia a homes e mulleres, con loitas de masas por un benestar social antes vedado á maioría, o século descendeu despois ao fondo da modernidade alternativa que foron os fascismos; logo da súa derrota en 1945, estableceu a democracia de masas como modelo. Cando en 1989 rematou o ciclo da Revolución soviética, entrou no tempo de divina sublimación dun mercado do que participaron mesmo os herdeiros daquela revolución de 1917 que pariu a I guerra mundial.

A grandes trazos, este foi o marco histórico xeral do século xx galego, observado desde o prisma social, económico e político que, para ser completo, debe entenderse nun contexto europeo e mundial de grandes avances e infernais retrocesos. Un contexto que debuxa un marco no que os desfasamentos das ditaduras ibéricas até a década de 1970 se sentiron en Galicia de xeito xeracional –abrangueron case que tres xeracións– e que, por iso, deben considerarse decisivos, non só para entender o pasado, senón tamén

para apreciar as contraditorias formas que derivan da súa comprensión.

Porque as caracterizacións máis comúns da economía galega do século XX seguen a insistir no «atraso galego» diante da insuficiencia da renda per cápita, en termos comparativos, e da incapacidade do país para xerar un proceso de industrialización autosostido. O crecente desequilibrio existente entre a economía española e a galega ao longo do século podería sintetizarse, nunha perspectiva longa plurisecular, na distinta evolución que seguiron a produción e a poboación galega respecto da española:

Cadro 1. Evolución comparativa da produción e da poboación galega respecto da española (en porcentaxes)

Galicia /España	1800	1860	1900	1920	1940	1960	1975	1990	2005
Poboación	10,8	11,5	11	10,7	9,6	8,5	7,6	6,9	6,3
Produción	5,5	5,9	7,1	7,5	7,3	5,9	5,6	5,9	5,1

Fonte: Carmona (2001); Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000); Alcaide (1992); Lago Peña (2006)[1].

En 1990, o PIB por habitante en Galicia era o 80% da media española e o 66% da europea, gozando desde 1970 do dubidoso privilexio de estar situada ao rabo das rexións españolas. Unha posición que, curiosamente, contrasta coas positivas tendencias que amosaba o país no primeiro terzo de século, cortadas de raíz pola guerra e a ditadura, a cal abre a porta ao estancamento e á frustración dos procesos de transformación e cambio económico, social e cultural que estaban en marcha desde antes de 1900. En paralelo, e da súa man, vai a continua caída demográfica, acelerada a partir de 1960, cando Galicia pasa a converterse de novo nunha terra de emigrantes pobres, en realidade empobrecidos polas

condicións da ditadura. Xa que logo, as raíces do suposto «atraso galego» serían ben máis recentes do que hoxe se adoita considerar.

Diante desta realidade, cómpre afirmar, pois, que vimos dun pasado descoñecido. Dixérannos que eramos fillos e fillas dese «atraso», dunha miseria histórica, mais é obvio que esa conciencia foi construída nos anos sesenta, que foi avalada «obxectivamente» polas ciencias sociais da altura sobre a base de dous piares: o esquecemento dese pasado –destruído e reescrito a partir de 1936– e un agro empobrecido identificado neses anos como unha das principais fontes do suposto atraso. Resulta decisiva, polo demais, a pegada do tempo de recúa histórica vivida nas décadas centrais do século (1940-1970) e a viva memoria que construíu. A Historia expropiouna a ditadura. Galicia converteuse, na segunda metade do século xx, na terra dos emigrantes pobres que seguían saíndo cara ao mundo despois de cen anos de emigración continuada, economicamente no país do atraso agrario, culturalmente na rexión dos ignorantes que seguían falando maioritariamente dialecto, antropoloxicamente outra vez na terra das meigas e a morriña, politicamente no país dos que fixeron a guerra de Franco.

Porén, para o século xx é posible falar simbolicamente de dúas Galicias: a moderna e a atrasada pola ditadura. A primeira é anterior ao golpe de Estado de 1936 e ao resultado da guerra, esténdese de 1880 a 1939 e caracterízase por sincronizarse coas ondas de cambio que na altura se senten en Europa e América. A segunda, nada con posterioridade a 1940, é a que experimentou ese *gap* da longa posguerra, construíu e difundiu socialmente esa falsa sensación de «atraso» que acabou sendo un trazo característico da nosa «conciencia» histórica colectiva. Unha falsa «conciencia» condiciona, aínda hoxe, a forma galaica de pensar e de facer o futuro do país.

---

1 Autores e anos das obras das que se tomou a información. Para este e para os demais cadros e figuras, as persoas interesadas poderán atopar a referencia precisa na base de datos da Biblioteca da USC (https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria).

A ESQUECIDA GALICIA MODERNA. ANTES DA DESFEITA, 1880-1939

O modernismo novecentista foi a expresión dun país que se renovou a cabalo dos dous séculos mentres afondaba na estética enxebrista. Un territorio que, despois da desindustrialización e os freos do século XIX, incluída a demorada chegada do ferrocarril, recuperou terreo e colocouse en vangarda, como no século XVIII, grazas ás posibilidades que ofrecían os retornos económicos da emigración. A modernidade americana desbordouse no Parque do Pasatempo betanceiro (1893-1914) dos García Naveira, na organización devesá da Granxa Escola Pedro Murias (1913-1919) ou nese empeño que, arrasando coas vellas tradicións, levou os irmáns Moreno a derrubar a construción medieval para levantar a súa mansión modernista –a ribadense Torre dos Moreno (1913-1914)– a rente da que fora do Marqués de Sargadelos. Pola súa banda, as autoridades locais da Coruña botaban abaixo as murallas da cidade para crear na vella praza do Derribo a de María Pita (1877); en Vigo esa modernidade oceánica desembocou na creación da Escola de Artes e Oficios (1885), do Hotel Moderno (1897-1902) ou do teatro Rosalía de Castro (1900), ao tempo que se fundaban empresas como La Metalúrgica (1900); en Compostela a novidade parisiense pasou pola aparición do café Quiqui-Bar (1922-1926), logo coñecido como edificio Castromil, o Paraninfo da universidade (1906), a Facultade de Medicina (1928) ou o Campus da Residencia (arrincou en 1929); en tanto en Lugo nacía *El Progreso* (1908), xornal que levaría o nome dunha das rúas de Ourense, cidade que na terceira década se decidiu a lanzar *La Zarpa* (1921).

Edificio de Eloy Maquieira, Lugo, 1934. Moderna arquitectura urbana (Foto do autor).

A noite foi varrida da terra cunha electrificación que se convertería no lucrativo negocio da produción hidroeléctrica. As primeiras liñas de autobuses ocuparon as estradas e corredoiras galegas ao pouco de creárense, os tranvías abarrotaron as cidades e os barcos pesqueiros encheron o Grand Sole. A industria saíu do mar coa aparición de conserveiras e estaleiros. As *Prácticas Modernas*, atendendo á revista coruñesa do mesmo nome (1903-1936), triunfaron na agricultura: Cruz Gallástegui procurou o cultivo dos primeiros millos híbridos en Europa e as máquinas de mallar estouraron en case todas as parroquias. Ao mesmo tempo, nos novos ensanches urbanos agromaban os centros de lecer e cultura –do que o rural Mondariz foi a cerna tan indiscutible como imitable–,

tamén as múltiples expresións *sportivas* que transitaron do club e o ximnasio ao fenómeno de masas en bicicleta, nas traíñas ou nos campos de fútbol.

Malia todas estas mudanzas e avances, os desfasamentos das décadas centrais do século xx seguen a definir aínda –e en certo modo– a conciencia histórica que a sociedade galega actual, ou unha parte importante dela –obsesionada polos atrasos, as desviacións e as incapacidades colectivas–, ten do seu pasado. Desde a década de 1960, enlamados nas teorías da modernización e do «atraso» pasadas pola peneira da ditadura, a Galicia da altura esqueceuse da «Galicia Moderna», a de «antes da guerra», e fíxose como se esta nunca existise. Aínda que todo isto podería dicirse doutro xeito: con posterioridade a 1936, a «Galicia Moderna» foi borrada, anulada e tapada, mentres que nas últimas décadas da ditadura, nos anos sesenta e setenta, sobre esa táboa rasa do pasado, o poder deu pulo e animou a aparición dunha «obsesión» pola modernización e o desenvolvemento de Galicia que aínda perdura na mentalidade colectiva.

Canto máis afastada no tempo queda a Galicia Moderna, máis e mellor a descobre a historiografía e máis e mellor o seu coñecemento nos explica o presente. A Galicia dos cafés e dos cines que co rótulo *Moderno* encheron as vilas e cidades, das mulleres universitarias e votantes, das conservas e os estaleiros, das máquinas de mallar e o agrarismo… estivo aí. Certo é que o recordo da vida e das cousas de antes da guerra perduraron en moitas casas, en competencia coas carencias materiais e intelectuais da posguerra, por iso o azucre ou o café anterior a 1936 competía na memoria dos nosos avós co bule-bule e a chicoria da posguerra. Xa que logo, perdida esa memoria abafada dos avós, estamos obrigados a recompoñer a historia enteira.

Unha nova ollada ao cadro 1 permitiralles entender este empeño de historiador, xa que, como se aprecia nel, a evolución da poboación e da produción galega en comparación coa española entre 1860 e 1920 pon de manifesto a capacidade histórica de desenvolvemento endóxeno que tivo Galicia –desa «vía activa de converxencia», como a denominaron algúns autores–. Unha

capacidade que se distingue sen problemas no século XIX e que, en situación máis competitiva coa evolución española, se estende ao longo do primeiro terzo do século XX, até 1939.

Como ocorre nos países cun pasado incómodo, tamén en Galicia saltamos a historia dunha ou dúas xeracións. Isto explica que saibamos máis dos castros ou da Idade Media que do tempo dos nosos avós. Esta é a razón de que carezamos dunha interpretación coherente que nos axude a explicar algúns vestixios que negan os desfasamentos imaxinados –proxectados até a noite dos tempos–, que necesitemos unha lectura que integre coherentemente os trazos de modernidade que había entre nós. A primeira fenda neste senso foi posible grazas ao coñecemento histórico alentado polo galeguismo como fenómeno ideolóxico, polo nacionalismo como instrumento político, capaz de dotarnos da conciencia das nosas capacidades no pasado, de revalorizar a cultura e o idioma que nos singularizan e, tamén, da necesidade de procurármonos na década de 1930 dunha Autonomía que expresase esa diferenza. Aínda así, esa conciencia do pasado non abonda para abalar a lousa do «atraso» que pesa sobre el, máis aínda cando a idea de «atraso» arraiga –nalgunhas sociedades da altura– como produto dun proxecto fracasado. E nisto, o galeguismo e a Autonomía asumíronse na explicación dese pasado como unha anécdota ou unha frustración. No fin de contas, a longa vixencia da ditadura sería a expresión máis clara dese aparente fracaso.

Fronte a isto, a investigación do pasado rural empezou a cuestionar a suposta ausencia de transformacións e cambios en Galicia. Facer historia social da maioría permitiunos coñecer e explicar a conquista da propiedade da terra que hoxe é de case todos e todas. Aos poucos, as boas máquinas de mallar que seguían nos alpendres puideron separarse do horizonte tecnolóxico do arado romano para se converter en evidencias da existencia certa dunha modernidade material, na compaña dos millos híbridos ou a raza rubia. Os manexos colectivos dos montes polas aldeas ou polas casas descubriunos o soporte das labranzas, o motor da expansión agrogandeira e o fundamento sólido de explotacións que eran agrarias, silvícolas e gandeiras. O agrarismo albiscouse entón como

un instrumento de propietarización, de construción da sociedade civil, de participación dos labregos e as labregas no sistema político, de intervención no mercado e de organización e xestión dos bens comúns das aldeas, e non tanto como a desesperada expresión dun grupo de «rebeldes primitivos» enfrontados a gardas e caciques nas crónicas de época. Mesmo a emigración transoceánica puido explicarse como resultado dun éxito produtivo, non de fames e crises catastróficas.

A supostamente ausente industrialización –reiterada no relato creado polas elites no tempo que foi da autarquía ao *desarrollismo*– tamén foi aparecendo, con bagaxe e datos, baixo a forma dun singular complexo marítimo-pesqueiro, pioneiro en conserveiras, estaleiros e na abordaxe das afastadas pesqueiras atlánticas. As cidades e vilas empezaron a definirse tamén como espazos de socialización, de realización de actividades innovadoras, de aparición dunha cultura deportiva, dun movemento obreiro ou da actuación de empresarios emprendedores, e desculpen, por favor, a amentada reiteración. Aínda por riba, desde diversas historiografías que estudaron a Galicia Moderna descubrimos o papel transformador que desempeñaron no país os emigrantes retornados en moitos destes procesos grazas ás novas ideas que trouxeron consigo: caso da educación laica e da construción da democracia. Toda esta realidade –eses retallos do pasado– sempre estiveron aí, á espera dunha explicación que os integrase nun conxunto, o que, unha vez feito, serviu para superar a identificación contemporánea do noso pasado con ese suposto «atraso» económico, social ou cultural. Neste novo ollar doutro xeito a nosa historia recente, foi decisivo o cambio social que experimentou o presente.

A FORZA DAS PERSOAS NO TERRITORIO

A cuestión demográfica adoita ser presentada hoxe en Galicia por algúns sectores como un verdadeiro problema, cando o certo é que a demografía se refire estritamente ao estudo e ao coñecemento dos comportamentos da poboación. En realidade, a súa formulación ideolóxica como un «problema» faise xerando medos e temores na sociedade sobre asuntos culturalmente asumidos, como o envellecemento, resultado dun proceso liberado (para as mulleres) como a baixa fecundidade e historicamente explicados como o abandono do rural, mentres non resolven as causas da anormalmente persistente emigración que hoxe padecen en exclusiva os nosos mozos e mozas. Como xa se amosara no libro colectivo *A morte de Galicia* (Xerais 2019), na idea da demografía como problema revive a anticuada ollada *natalista* que a extrema dereita perfilara en Francia durante as décadas de 1920 e 1930, cando achacaban os males da modernidade á «baixa natalidade», ao avellentamento e á abundancia de inmigrantes na poboación francesa, idea moi estendida nos réximes fascistas da altura e dramaticamente aplicada polo nazismo.

Cómpre non perder de vista as visións do presente á hora de debruzarnos sobre o acontecido nas estruturas e as dinámicas demográficas do século pasado. Sobre todo cando queremos entender, primeiro, os procesos migratorios e os seus efectos, o que nos levará a arrincar nas nosas explicacións de mediados do século XIX. Segundo, cando atendemos ao porqué da permanencia –e das leves mudanzas– que experimentaron as formas de ocupación do territorio, a organización do espazo e a evolución histórica das súas lóxicas, aspectos que nos obrigarán a remontarnos –como todo o contemporáneo– até, cando menos, o século XVIII, aínda que, para comprender a profundidade histórica actuante, hai que remontarse

ao final da Idade Media e, por suposto, á romanización que reorganizou o mundo castrexo nunha fusión que define –case estruturalmente– trazos do poboamento e do hábitat do Noroeste peninsular até o presente. Terceiro, cando pretendemos amosar como o demorado proceso de desprazamento da poboación do interior de Galicia cara ao que hoxe chamamos Eixe Atlántico ten a traza no capitalismo mercantil, polo peso de factores como o pulo dos portos, o desenvolvemento do complexo marítimo-pesqueiro-industrial ou o trazado da liñas de ferrocarril (1880-1940). E, por último, para entender que o menor peso da poboación galega no conxunto estatal da segunda metade do século xx cadra no tempo da ditadura e ten algún significado en relación con cambios produtivos forzados e tamén coa perda de peso político de Galicia no Estado.

Gráfico 1. Poboación de feito en Galicia, 1860-2021



Fonte: IGE. Elaboración propia.

En liñas xerais, a poboación galega experimenta un crecemento notable matizado pola emigración. De 1860 a 1950 incrementouse

nun 31%, a pesar de que ese incremento estivese menos coutado polo exilio que polas matanzas da guerra, na fronte e fóra dela. De 1950 a 1970 a poboación estancouse por primeira vez desde o século XVII, amosando taxas negativas nos períodos intercensuais de 1950-1960 e 1960-1970, por efecto directo da saída de emigrantes e indirecto da continuada caída da natalidade, que comezara a finais do século XIX e que se vería acentuada nos anos seguintes, en parte polo efecto desa saída.

O anómalo neste contexto, o diverxente a respecto de Europa, pero compartido co sucedido durante a ditadura imperante no veciño Portugal (1933-1974), é o reinicio da corrente migratoria con posterioridade á II guerra mundial, con moita forza até 1970, e aínda con correntes de fondo persistentes hoxe, as cales se reactivaron a comezos da década de 2000, afectando á xente nova, avellentando aínda máis o país pola súa marcha e contribuíndo a afondar a vella caída da natalidade. Con todo, os cambios apreciados no réxime demográfico a partir de 1970, ligados parcialmente ao benestar democrático europeo e ás melloras económicas e sociais ocorridas desde entón en Galicia, conduciron a ese descenso da fecundidade apuntado e a un aumento do número de anos vividos polos galegos e galegas (gráfico 2). Ao seu xeito, estes dous aspectos fanse eco dos éxitos acadados na mellora nas condicións materiais de vida da poboación e non poden ser presentados como un problema, agás que sexa por razóns puramente ideolóxicas. En suma, o anómalo segue sendo que estas mudanzas aínda enguedellan nelas as inercias migratorias, pois, a pesar dos efectos positivos apreciados durante o proceso que marcan os anos da Transición á democracia, a vertixe migratoria reiniciouse na década de 1980 e segue instalada na sociedade galega á falta de políticas capaces de revertela.

Gráfico 2. Caída das taxas brutas de nacementos e de mortalidade, Galicia 1900-2015



Fonte: Beiras e López (1999).

A literatura académica concorda, desde os traballos de Eiras Roel aos de Isidro Dubert, no precoz abandono do vello réxime demográfico, definido polas altas taxas de natalidade e mortalidade, e a súa substitución por outro onde a redución conxunta e continuada desas taxas permite o crecemento da poboación a pesar do menor número medio de fillos por muller (gráficos 2 e 1). As melloras produtivas agrarias desde o século XVIII e as actividades industriais domésticas ou manufactureiras marcan a evolución temporal desa transición no territorio, das Rías Baixas ás serras orientais. Aínda así, a incidencia negativa dos efectos da emigración galega sobre os cambios demográficos orixinados durante a transición ao réxime demográfico moderno é un dos problemas máis destacados e tratados pola demografía histórica, vistas as súas implicacións a todos os niveis.

A longa interacción da poboación co territorio, a intensa coevolución das persoas coa natureza

Referirse á poboación na Galicia contemporánea leva adoito a falar de emigración e de dispersión poboacional. Mais cómpre ocuparse

primeiro da forma histórica que adoptou o asentamento dos homes e mulleres no territorio e que deu lugar a un poboamento disperso, mais tamén a un hábitat preferentemente concentrado, pese ás diferenzas que existen a este nivel entre o norte e sur, e o leste e oeste de Galicia. Entender, pois, as formas, permanencias e cambios do asentamento humano no longo prazo contribuirá a explicar mellor o papel histórico da emigración e a súa secuencia histórica, a cal, como veremos, está vencellada ás transformacións materiais: agropecuarias e industriais, así como sociodemográficas.

A Galicia de hoxe é un país onde case unha cuarta parte do territorio, o 23% do total, é dos veciños en comunidade –é dicir, son terras comunais–, no que un terzo son montes e no que o espazo forestado avanza sen taxa desde mediados do século pasado. Un país, polo demais, vertebrado arredor de 7 cidades contemporáneas, 33 vilas históricas de orixe medieval, 313 concellos, 3771 parroquias, 30 454 aldeas e cerca de 50 000 lugares habitados sobre os 150 000 que recolle o nomenclátor español. A grandes trazos, este podería ser o resumo básico da relación da poboación co territorio desde unha perspectiva histórica, o que desde unha óptica máis actual pode traducirse nunha articulación policéntrica moi resiliente. Noutras palabras, a poboación está dispersa, pero as formas do hábitat tenden á concentración, de maneira tanto máis clara canto máis ao sur e ao leste imos: desde a miríade de casas e lugares acasarados que forman as aldeas da Mariña, da Terra Chá ou do Ortegal á aglomeración daquelas que se atopan rodeadas de soutos nas serras surorientais ou ás máis mestas arreboladas nas ribeiras do Avia, do Miño e do Arnoia.

Que case un terzo dos lugares habitados do Estado se localicen en pouco máis do 6% do territorio peninsular é un dato ao que se lle deu moita importancia nos séculos XIX e XX. Nas últimas décadas, a preocupación parece ser máis o abandono, o avellentamento do rural e o gasto que supón prestar servizos a unha poboación tan dispersa. Mais esta homoxénea ocupación do espazo remóntase á Idade de Ferro castrexa, adaptouse e asentouse logo con forza na época romana e a loita do *ager* fronte ao *silvus* estendeuse durante o segundo milenio (d.C.) até lograr a máxima expansión,

posiblemente, na segunda metade do oitocentos. Foi despois de 1960 cando principiou o abandono dos lugares máis afastados e inhóspitos que foran ocupados nesa expansión multisecular. O capitalismo e a nova orde de vías de comunicación do camiño de ferro, xunto ás estradas para automóbiles, estableceron novas xerarquías espaciais. Así, o complexo e diverso interior, máis densamente poboado, foi perdendo vantaxes produtivas fronte á costa. O devalo dese interior fronte ao Eixe Atlántico comezou no século XVIII, á vez que a longa transición do feudalismo ao capitalismo. Mudou, deste xeito, no curso do século XX a fisionomía do poboamento, rompéndose con aquela ocupación aparentemente homoxénea do territorio, despoboándose o interior e concentrándose a poboación no litoral, momento en que o rural perdeu definitivamente o seu peso milenario fronte aos enclaves urbanos, é dicir, fronte a esas sete cidades contemporáneas, a unha parte das vilas históricas e ás outras que naceron na altura.

Unha mudanza que no século XX non pode explicarse só como se fose parte dun «movemento natural», xa que foi moi forzada polo *Novo Estado* franquista que se constituíu nos comezos da década de 1940. Os intereses que tiña na xestión e planificación do territorio levaron a que nos últimos oitenta anos se realizasen nefastas intervencións de enxeñería territorial e social. Abonda pensar na usurpación dos montes veciñais, nas reforestacións forzadas, nas colonizacións, nos desecamentos, nas concentracións parcelarias, coa destrución da paisaxe de mosaico e a conseguinte perda de biodiversidade.

As mudanzas recentes vémolas ben no peso dominante que acadaron nese século as provinciais occidentais, artelladas hoxe polo Eixe Atlántico AP-9. Porén, algúns tempos longos da historia marcan tamén o presente e non foron aínda totalmente diluídos pola aceleración contemporánea. Nesa combinación das lóxicas recentes cos trazos do longo prazo, e nas escollas que se fagan, estará a definición do futuro da interacción entre poboación e territorio, xa que logo da coevolución entre as persoas e a natureza en Galicia.

Este crecente desequilibrio interrexional apréciase tamén a través da evolución seguida polas densidades de poboación de Galicia, as

cales, sendo superiores a respecto da media estatal (en 2001, 91 fronte a 81 hab./km^2), sofren de gran desequilibrio territorial interno.

Mapas 1 e 2. Densidades de poboación en Galicia, 1860 e 2016



Fonte: Eiras Roel (1998); IGE (http://www.ige.eu).

En 1900, arredor do 10% da poboación galega vivía en áreas urbanas, en 1950 o 80% aínda vivía no rural, mentres que segundo os datos do IGE en 2024 só vive en áreas «predominantemente rurais» de Galicia o 23,3% da poboación (para España esa porcentaxe é o 2,6). Aínda máis, os galegos e galegas residen hoxe nun rural que, porén, xa está practicamente desagrarizado, agás nunhas poucas comarcas que combinan a produción gandeira e forestal situadas no centro do país e en parte do leste da provincia da Coruña. No interior, as cidades, as vilas e capitais municipais dirixen o proceso de concentración da poboación rural ao son desa desagrarización, namentres que no litoral das Rías Baixas e no Eixe

Atlántico, en xeral, o proceso de dispersión do hábitat acrecéntase espacialmente nas contornas urbanas.

En relación con estas mudanzas, as dedicacións produtivas dos habitantes de Galicia deron moito que discutir á hora de interpretar a evolución da Galicia contemporánea. O resistente predominio do emprego agrario fronte ao industrial foi tomado decote como un elemento definidor sen reparar nas distorsións, rupturas e regresións experimentadas nas décadas de 1940 e 1950, sen tampouco ter en conta a ocultación do traballo asalariado e industrial feminino, posta de relevo por Luisa Muñoz Abeledo, ou a variada pluriactividade, incompatible coa distribución sectorial, da que deron conta conceptos como o de «proletariado simbiótico» elaborados no seu día por Ramón López Suevos.

A estas alturas do século XXI, o coñecemento do pasado explícanos mellor a realidade da pluriactividade dominante que as supostas subdivisións dos mercados laborais de sectores produtivos aparentemente estancos. En parte, tamén, porque nunha sociedade e nunha economía tan vinculadas á emigración antes de 1936 –igual que despois, só que doutro modo–, o traballo industrial era buscado na altura tanto na Nosa Terra de acó como na de acolá, polo que algún dos efectos –evidentemente non os territoriais– do emprego industrial de alén mar tiveron consecuencias directas acó, no país.

Entre 1850 e 1960, as grandes cidades galegas foron La Habana, Buenos Aires, Montevideo, Caracas ou Baía, e tamén, Lisboa e Madrid na Península Ibérica. Cara a elas emigraron maiormente os continxentes poboacionais do rural e delas chegaban a Galicia, mar por medio, os aires urbanos dese longo século XX que aínda estende hoxe os seus brazos cara a nós. En consecuencia, desde unha ollada ao pasado que non integraba a emigración, tense insistido moito en que o grao de urbanización en Galicia foi escaso, feble. Agora ben, se enfocamos nesa ollada a perspectiva da historia transnacional, superando así o clásico marco nacional e estatal, e atendemos á espacialidade diferencial, a lectura do noso pasado non ficaría completa até incluír nela as cidades e os países americanos que estiveron nas vidas dos nosos avós e tataravós, tal e como poñen de manifesto os retratos familiares que penduran nas casas patruciais,

o contido das maletas e arcas de viaxe que viñeron de volta ou as cartas do destino que cruzaron o Atlántico estendendo os lazos familiares e culturais dos nosos devanceiros alén do mar. Porque Galicia participou precozmente no mercado mundial de man de obra, como Camilo Nogueira explicou e Xosé Manuel Beiras cuantificou. Pero iso non tivo efectos substanciais na urbanización e no crecemento das cidades até despois da década de 1920, a pesar de que entre 1900 e 1930 se constate un crecemento poboacional nas sete cidades, concentrado sobre todo arredor dos grandes portos da Coruña e Vigo, entre outras cousas por mor do dinamismo acadado polo funcionamento do complexo marítimo-pesqueiro-industrial. Logo viría ese gran parón, consecuencia do golpe de 1936, do prolongado illamento autárquico do Estado español e do conseguinte *gap* económico que afectou ao conxunto do Estado até 1960. Neses anos, e en contra do que moitas veces se pensa, a emigración galega, reiniciada a mediados da década de 1950, non foi só desde o rural, pois tamén as urbes e as súas contornas se viron afectadas pola saída masiva de emigrantes.

Actualmente, as dúas grandes cidades portuarias de Vigo e A Coruña conforman dúas amplas áreas metropolitanas que concentran o 30% da poboación galega, dando vida a un modelo que mesmo seguen as outras cinco cidades, as cales posúen á súa vez aglomeracións urbanas que agrupan o 25% dos habitantes de Galicia (datos do IGE, 2024). A xerarquía das vilas segue funcionando, aumentando a súa atracción sobre o rural circundante, de xeito que nesta altura aquelas vilas históricas que superan os 10 000 habitantes –descontando as absorbidas polas das dúas grandes áreas metropolitanas mencionadas– supoñen o 15% da poboación galega, podendo considerarse o resto como poboación propiamente rural, aínda que non agraria.

Como pode verse, segue habendo moito do pasado na estrutura e na xerarquía territorial deste presente, no cal mudaron moito as dimensións e as proporcións verbo do ocorrido con anterioridade a 1960.

A emigración que construíu a Galicia moderna

Coñecemos ben os números, as secuencias e as cadeas migratorias que enguedellaron os destinos ao longo do tempo, segundo as procedencias, os debates sobre as causas da emigración e as lóxicas de expulsión e de atracción. Sabemos moito sobre os retornos e celebramos a festa da memoria da emigración habaneira, arxentina ou uruguaia, distinguindo, ou confundindo, cidades, países, tempos e categorías, para converter a todos os emigrantes en «indianos». Porén, a idea de que a emigración foi unha fuxida da fame, metade ficción irlandesa asimilada, metade memoria da fame de posguerra, segue sendo hoxe aínda a predominante. Pola contra, está menos presente no imaxinario colectivo a emigración como construtora da Galicia de comezos do século XX, esa emigración que devolve e leva ao agro galego a modernidade coñecida nas grandes urbes americanas que foron, entre 1860 e 1960, as grandes cidades dos galegos, na altura, e –perdoen a redundancia– as máis modernas do continente máis moderno.

A emigración estacional foi unha constante na Europa do Antigo Réxime. Moitos territorios galegos estiveron implicados nela. Do interior, da montaña oriental, da Mariña ou das rías, uns saían á sega a Castela, outros cara a Madrid, a Lisboa ou ao Porto e outros ás cidades do sur peninsular, quer como man de obra especializada, quer para desempeñar os humildes traballos de «gallegos». Porén, desde mediados do século XIX, a emigración transoceánica converteuse nunha enxurrada, sobre todo a raíz do paso da navegación a vela á de vapor, até acabar levando a América medio millón de persoas entre 1880 e 1930, ao tempo que entre esas datas a poboación galega medraba en case catrocentas mil persoas até superar os dous millóns douscentos mil habitantes nos albores da II República.

Durante o século XX, os trazos distintivos da emigración galega, a respecto da do resto do continente, estiveron en virar de América a Europa e na súa continuidade despois da Segunda guerra mundial. De aí o seu efecto no cativo crecemento da poboación e tamén, en boa medida, a súa forte pegada negativa na memoria colectiva

actual. Despois da crise de 1929, coincidindo coa proclamación da II República e até aproximadamente 1945, o saldo migratorio foi positivo, con dúas lóxicas diferentes: un retorno sostido nos anos trinta e unha ausencia de saídas no tempo da conflagración mundial e o peche de fronteiras, entre 1940 e 1948. Igualmente, no período 1971-1980 descenderon os saldos negativos porque as saídas continuaron sendo superadas polos retornos.

As amentadas vagas migratorias do século XIX, con partidas masivas desde 1850, tiveron como destino as novas repúblicas americanas –as cales se atopaban nunha fase de expansión capitalista e de inequívoca afirmación burguesa–, ademais da illa de Cuba. Un século máis tarde, a emigración retomouse cos mesmos destinos e algunhas novidades, como a entrada en xogo de Venezuela; pero, alén de 1945, superada a posguerra mundial e a exclusión internacional da ditadura de Franco, os milagres económicos europeos necesitaron man de obra, e cara alá foron en masa os galegos e galegas cambiando o barco polo ferrocarril. Pola mesma, nos anos sesenta os «gallegos también» subiron ao ferrobús ou ao ómnibus cara a distintos destinos peninsulares para participar no desenvolvemento industrial de Barcelona, Biscaia, Madrid. Na propia Galicia, Ferrol, Vigo e A Coruña foron destinos preferentes.

Se axustásemos os números, cumpriría dicir que, entre 1835 e 1990, a emigración transoceánica levou cara a América case que 1700000 galegos (cadro 2). O seu significado queda claro nas estimacións que no seu día fixera o historiador Alexandro Vázquez, quen calculaba que entre 1858 e 1936 as saídas de poboación galega supuxeron o 30% do total das realizadas polo total das distintas emigracións españolas, nun período en que esa poboación era, de media, un 10% da do conxunto de todo o Estado.

Os destinos desta emigración son coñecidos, aínda que a precisión que dan as cifras resulta reveladora da súa concentración na Arxentina, que recibiu case que a metade dos emigrantes, e Cuba, un terzo deles, seguidas de lonxe polo Brasil e Uruguai, que comparten menos dun quinto restante cos Estados Unidos, México e outros lugares de chegada. Tras 1946, estas saídas volven dirixirse a

América, mesturándose deste xeito cos exilios ocorridos desde 1936, incorporando ese novo país de chamada, Venezuela, e unha compoñente feminina de máis peso como gran novidade.

Cadro 2. Destinos principais da emigración galega a América, 1849-1939

Períodos	Cuba	Arxentina	Uruguai	Brasil
1847-1864	55,5	31,8	8,3	4,2
1865-1877	49,6	47,6	1,3	1,4
1878-1885	58,3	37,9	1,8	1,5
1886-1891	27,0	48,1	7,2	13,5
1892-1895	53,3	22,5	2,5	18,8
1911-1914	24,1	59,7	3,1	11,5
1915-1920	49,6	36,7	4,4	4,5
1921-1925	29,3	57,3	6,4	4,9
1926-1934	14,5	67,0	8,6	7,4

Fonte: Vázquez González (1999).

A explicación histórica da emigración galega, alén dos datos e das comparacións con outros países que permiten definir a materialidade dun proceso moi estudado polos investigadores, enfróntase a dous problemas: por un lado, a memoria e, polo outro, os debates da época. Se ademais engadimos a ficción, resulta entón que explicar as razóns históricas dun proceso que marcou tanto Galicia vén sendo unha tarefa moi complexa para os historiadores. En realidade, o complexo é que se atendan e entendan as explicacións ofrecidas pola historiografía. Intentaremos destilalas brevemente. Dúas serían as explicacións adoito:

a) a gran miseria e a pobreza do país, derivada do suposto atraso produtivo da agricultura galega, a cal se amosa a través da persistencia dos foros e da praga do minifundio e o caciquismo.
b) o éxito do sistema agrario, cuxas transformacións aumentaron a capacidade de produción e de alimentar persoas, e cuxa expresión máis evidente sería esa precoz transición a ese réxime demográfico moderno que deixa atrás a pegada da mortalidade sobre a poboación.

A primeira destas explicacións pesa máis na memoria e nas propostas de emancipación, mentres que a segunda deriva dos resultados da investigación sobre o mundo rural e as migracións. A respecto dos referidos a estas últimas, convén non perder de vista que o padrón migratorio americano, que esixe mercar unha pasaxe, estivo máis relacionado territorialmente cunha incipiente prosperidade e coa mellora das posibilidades de saída. Que a man de obra galega sobrante puidese empregarse en América despois de 1850 tivo que ver cunha división internacional do traballo derivada da primeira e da segunda industrialización, coa expansión capitalista que se vivía nas novas repúblicas e tamén, por suposto, cun máis doado acceso ao transporte. Neste punto, a introdución do vapor na navegación oceánica acompañouse dun feixe de elementos facilitadores que foron decisivos: a maior e mellor oferta de medios de transporte –que posibilitou un novo e lucrativo negocio de embarque de emigrantes a América–, a redución do tempo de viaxe ou a competencia e a maior capacidade de carga dos buques, por exemplo, permitiron rebaixar o prezo das pasaxes. A iso engadiríase a situación e a condición dos portos de Vigo e A Coruña, mesmo de Vilagarcía ou Ribadeo, onde cargaban barcos europeos en ruta cara a América ou de onde saían outros directamente cara a ese destino. Engádase a isto a capacidade das casas de labranza de financiar billetes aos fillos sobrantes da mellora ou dunhas partillas insuficientes, ou a daqueloutras que para pagar esas viaxes hipotecaban ou vendían propiedades.

Todo este negocio navieiro respondía á oferta de traballo existente nas novas Europas americanas, a cal funcionou como un

gran factor de atracción, capaz de xerar sólidas cadeas migratorias ás que se sumaban paisanos e parentes, aos que os emigrados mantiñan informados sobre as oportunidades e as formas de aproveitalas unha vez que cruzaran o Atlántico. Os da terra recibían información directa do que sucedía nos países de acollida da man dos retornados ou ben por carta. Esta relación epistolar requiría que tanto o que emigrou como os que quedaron na casa soubesen ler e escribir, unhas habelencias favorecidas polas melloras que experimentara a alfabetización popular, pero tamén pola maior facilidade das comunicacións, que propiciaba a volta de visita a moitos dos que marcharon, sobre todo daqueles que podían amosar algo do seu éxito aos seus paisanos e familia. Por outra banda, esa maior e máis económica opción de viaxe propiciará igualmente a emigración andoriña dos que ían e viñan con frecuencia: «comeza a temporada dos habaneiros», titulaban os xornais locais mariñáns dos anos vinte.

As oportunidades americanas foron posibles, ademais de polas facilidades para emigrar, polo desempeño dos galegos de certos traballos, pola estadía que realizaron ás veces en territorios especialmente duros (o canal de Panamá foi só un deles) ou pola súa especialización en determinados oficios (como os desenvolvidos nos fornos de pan ou no comercio polo miúdo). Todo isto explica a consolidación desa enxurrada migratoria, propiciada en parte por unha auténtica mestura de oportunidades, facilidades, preferencias e posta en práctica de habelencias propias. O modelo que ofrece aos seus paisanos o retornado americano rico, habaneiro, arxentino ou brasileiro, xerou un escaparate engaiolante das enormes posibilidades que ofrecía a emigración, ás que se sumaron a partir de 1900 a potente acción colectiva tanto dos galegos instalados en América como dos americanos retornados a Galicia. A primeira desas accións daba seguridades e garantías de acollida suplementarias nunha terra allea, e a segunda resultaba ser, pola banda colectiva, un espello de modernidade social emancipadora e de axuda mutua e benfeitora, e, pola individual, un escaparate das riquezas que podía conseguir un mesmo. Escapar da guerra de Marrocos tamén foi unha opción alentadora para moitos mozos en idade militar que preferían

ir uns anos cun parente a América que nunha compañía de infantería a África.

Porén, os retornos americanos, que en boa medida construíron aquela Galicia moderna, esmoreceron despois de 1936-1945. Os beneficios que ofrecían na súa forma colectiva ou comunitaria, por vía societaria ou asociada –escolas, fundacións…–, minguaron até desaparecer, en boa medida porque estas accións de mecenado baseadas na asociación voluntaria propia do mundo liberal eran incompatibles coa ditadura española. A este nivel, todo ficou reducido, pois, a actuacións de carácter individual e doméstico. Unha das últimas accións de natureza colectiva foi a construción da Torre do Reloxo comunal da Arnoia, en 1948.

Da continuidade da emigración despois de 1945 trataremos na segunda parte desta obra, así como das profundas diferenzas entre ambas as diásporas que hoxe percibimos e coñecemos mellor. A tendencia a tratar as migracións posteriores como unha simple e «natural» continuidade dunha longa xeira migratoria galega, como se dun manifesto destino histórico se tratase, debe ser corrixida. O relato da continuidade migratoria como unha saída ou necesidade «natural» carece de rigor; as memorias da emigración faláronnos sempre da diferenza entre os pais que foron a Cuba ou o Brasil e as fillas que marcharon a Inglaterra ou Suíza. Polo medio 1945, a ditadura e os seus efectos.

UNHA ECONOMÍA INNOVADORA NA SEGUNDA ONDA DA INDUSTRIALIZACIÓN

A depresión económica que fechou o século XIX foi, como todas as crises, unha fase destrutiva e á vez seminal. O cambio de ciclo pode establecerse arredor de 1880, momento que coincide no tempo co inicio dunha etapa da economía galega contemporánea, a cal, con trazos específicos, se prolonga até a guerra española de 1936-1939.

A súa orixe está marcada pola gran crise agraria europea, que deriva a súa vez dun proceso de mundialización, cuxo punto culminante se acada a mediados da década de 1880. Nesa altura, prodúcese a caída das exportacións galegas de bovino a Inglaterra (gráfico 3), comezan a se apreciar os síntomas definitivos do devalo da fidalguía forista e ten lugar a explosión da emigración en masa a América (cadro 2). Nesa mesma década, despegou a moderna industria conserveira, afirmouse a pequena explotación agraria campesiña como ámbito de innovación e estableceuse, en 1883, a conexión ferroviaria de Galicia coa meseta que xa anunciaba unha rápida integración das producións galegas no mercado interior español. Esta fase de crecemento e transformacións rematou entre 1936 e 1939, cun golpe militar, unha matanza e unha guerra que foron a expresión dun conflito político e social característico da Europa de entreguerras; dun conflito que tivo en España unha das súas concrecións máis xenuínas antes da II guerra mundial e que en pouco máis de tres anos deu lugar a unha brutal destrución da modernidade construída en Galicia naquela altura. As consecuencias daquela destrución, sostida ao longo das catro décadas de ditadura, mesmo chegan até hoxe. Nas seis décadas anteriores a 1940, déranse procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais decisivos para a configuración daquela Galicia moderna que tamén poden aínda rastrexarse na Galicia actual. A misión da investigación

histórica pode ser facelos emerxer para incorporalos actualmente a unha memoria colectiva máis asisada.

Gráfico 3. Envíos de gando vacún fóra de Galicia, 1842-1931, (en n.º de cabezas)



Fonte: Carmona (1982); Martínez López (2000).

Os trazos da evolución da economía galega entre 1880 e 1939, que evidencian o carácter transformador do período e o profundo corte que supoñen a guerra e a ditadura, non poden entenderse sen atender ao innovador dinamismo social da altura, algo que pode apreciarse, por exemplo, nos positivos efectos da emigración andoriña ou nos do asociacionismo agrario e operario de masas. Se tivésemos que escoller un dato para amosar de xeito sintético ese pulo social, optariamos por un indicador relativo á formación do capital humano, caso das taxas de alfabetización masculina e feminina que, pese ás diferenzas por sexo, nas décadas de 1920 e 1930, experimentaron avances substanciais, con incrementos decenais de ata catorce puntos (cadro 3). Aspecto este que nos remite a unha sociedade desexosa de ampliar a formación da súa mocidade como parte dunha clara arela colectiva de mellora social.

Cadro 3. Taxas de alfabetización Galicia/España, 1860-1930 (porcentaxes sobre a poboación total)

Anos	Mulleres	Homes	Galicia total	Mulleres	Homes	España total
1860	5	45	22	12	40	28
1900	18	59	35	32	59	45
1910	29	64	42	41	63	52
1920	40	70	53	42	70	60
1930	55	81	67	67	81	72

Fonte: Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000).

A importante transformación que amosaron sectores claves da economía galega neste período non pasou desapercibida para algunha das persoas que visitaron o país daquela, como a británica Catherine Gasquoine Hartley, quen en 1911 se admiraba do:

> vigoroso movemento de progreso e reforma que se está producindo en Galicia […] as súas cidades están sendo transformadas e abundan os síntomas de actividade industrial e comercial.

Un progreso que a viaxeira facía extensible ao campo, onde se loitaba por superar os síntomas da desigualdade e da pobreza, que ela tamén apreciara no seu percorrido. Xa con ollos locais, unha visión dese progreso material cara a 1921 ofrécennola as liñas dun artigo aparecido no xornal vigués *Faro de Vigo* o 8 de outubro dese ano, a propósito do que ocorría na cidade; informaba os seus lectores –despois do crecemento económico asociado, en parte, á neutralidade española na gran guerra– de que:

> […] Los nuevos ricos, acostumbrados al encierro de una chavola, no se conformaron, sin la suntuosidad de una

> regia morada, y [….] no reparaban por satisfacer sus vanidosos deseos.
> El agricultor, que mal vendía sus ferrados, sus legumbres, sus pipas, sus patatas, las vió cotizadas a precio de oro […] y el pequeño agricultor se convirtió en potente almacenista de la población.
> Esta ola de dinero que arrasó el mundo, no podía menos de pasar por nuestra querida ciudad, y los bancos, las consignaciones, los negocios se multiplicaron proporcionalmente…

Este progreso material que avanzaba, segundo o xornal, do campo á cidade, era naquel tempo unha ampla onda que, afectando ao mundo enteiro, pasaba tamén pola cidade de Vigo, como tamén o fixo pola da Coruña ou de Ourense, ou polas vilas de Vilagarcía de Arousa, Ribadeo, Viveiro…

Da prosperidade social que acompañou aquel período de progreso económico trataremos, para identificar os límites establecidos para monopolizala, e tamén dos procesos desenvolvidos para estendela socialmente. Comezando pola descrición dos cambios nun mundo rural que nesas décadas coñeceu a culminación dunha forma endóxena de crecemento agrario que, aínda que pasou por numerosos avatares, arrincou no século XVIII como parte dunha revolución agraria atlántica europea capaz de integrar en novas rotacións de cultivos a alimentación humana, a animal e a produción de esterco axeitada, para un crecemento exponencial. A incorporación de plantas americanas tivo un papel central nesas innovacións biolóxicas. A meirande conexión cos mercados de produtos agropecuarios foi outra das consecuencias irreversibles. Abórdase tamén a configuración do complexo pesqueiro-conserveiro, que se configura nesta etapa como o primeiro sector industrial moderno e que segue sendo aínda hoxe un motor esencial da produción industrial de Galicia. Finalmente, atenderase ao desenvolvemento de novos sectores que, como a construción, os servizos urbanos, o turismo ou o sistema financeiro, xurdiron ou se transformaron nas primeiras décadas do século XX.

‘Donos de seu’ e labregos con ciencia

Na fin do século XIX os diferentes agro-ecosistemas galegos, que combinaban o policultivo coa gandería, adquiriron unha gran perfección produtiva. Todo isto, no marco dunha agricultura orgánica intensiva adaptada ás diferentes condicións ambientais, marcada por complexas rotacións de cultivos diferentes e unha gran diversidade na composición das cabanas gandeiras. O monte, aínda con escaso uso forestal, agás para a obtención de leñas e madeira para o consumo local, constituía o soporte do sistema agrario como principal subministrador de materias fertilizantes, ademais de garantir unha dotación complementaria –pero imprescindible– de cultivos e pastos; o seu uso silvícola –mesturado con outros– estaba articulado en devesas, fragas, soutos, carballeiras e outros espazos acoutados fornecedores de combustibles e madeiras.

Neste contexto, o conxunto das producións agrarias de Galicia incrementáranse notablemente desde mediados do século XVIII, ata o punto, grazas aos traballos de David Soto (2002) e doutros autores, de saber que as súas taxas de crecemento superaban claramente as do conxunto do Reino de Castela (cadros 4 e 5).

Cadro 4. Taxas de crecemento acumulativo anual, 1752-1900 (en porcentaxes)

	Produto agrícola	Produto gandeiro	Produto forestal	Produto agrario
Galicia	1, 0	1,1	0,9	1,0
Coroa de Castela	0,8	0,9	1,2	0,8

Fonte: Soto (2002).

Sobre estas bases, entre 1885 e 1936 a agricultura galega experimentou unha transformación moi significativa que a situou á cabeza do cambio técnico no conxunto español.

Nese tempo, a produción agraria galega medrou case o dobre que a española (78% fronte a 43%), sendo superada só por Baleares (95%), e seguida nisto de lonxe por Cataluña (61%). Un proceso acompañado entre 1900 e 1930 das melloras da produtividade da terra e do traballo, e no que se aprecia unha considerable redución no emprego de terra e traballo agrícola por unidade de produto, a cal foi moi superior na agricultura galega (especialmente na Coruña e Lugo) que nas demais agriculturas españolas (cadro 5).

Cadro 5. Variacións das macromagnitudes do sector agrario de 1900 a 1930 (base 100 = 1900)

	Sup. agrícola (hectáreas)	Activos agrarios masculinos	Produción agraria
Galicia	91	78	178
A Coruña	64	78	211
Lugo	157	79	271
Ourense	93	87	134
Pontevedra	97	69	96
España	123	83	143

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Gallego Martínez (1993).

Sobre a base dunha longa experiencia de comercialización de gando desenvolvida xa no século XIX, o mundo labrego adoptou agora unha orientación gandeira na súa produción, respondendo así ás novas oportunidades dun mercado peninsular en expansión, sobre todo o do interior, e co que tiña comunicación ferroviaria desde 1883. Unha sorte de especialización que tamén se aprecia na evolución do sistema de cultivos, ao estendérense da costa ao

interior e xeneralizárense nas casas labregas as vellas tendencias á intensificación agrícola que revolucionaran o século XVIII.

En coherencia con esa crecente orientación gandeira, prodúcese a definitiva eliminación do barbeito nas comarcas do interior, e o seu sistema agrícola experimenta unha modificación substancial a favor de pratenses e forraxes –cuxa superficie se incrementa un 23,3% de 1903 a 1923– e, en menor medida tamén do cultivo de patacas. O manexo do monte segue sendo o motor principal do sistema orgánico, aínda que a aparencia das continuidades pode resultar enganosa, pois agora responde a unha demanda de madeira que supón o comezo do aproveitamento forestal do monte particular, o cal coñecerá o desenvolvemento de plantacións de piñeiros nas zonas próximas á costa. Ademais disto, tamén se desenvolve un proceso de innovacións biolóxicas, químicas e mecánicas que favorecen os incrementos da produción e da produtividade, ao son da modernidade que corresponde a esta serie de cambios.

Un dos autores que deixou xuízos máis contundentes sobre as mudanzas que experimentaba a agricultura galega nas primeiras décadas do século XX foi Valeriano Villanueva, un xurista que gustaba asinar *Un labrador a la moderna*, a quen podemos considerar un dos mellores economistas agrarios, na senda doutros campesiñistas europeos da época, como o suízo Ernst Laur ou o ruso Aleksandr Chayánov. En 1925, tras unha viaxe de estudo para preparar o capítulo de agricultura da *Xeografía* de Carreras i Candi, relata o:

> magnífico progreso realizado en los campos en los últimos 25 años […] Hoy Galicia es rica, muy rica en sus aldeas. En ninguna parte de España se encontrará tanta extensión de territorio, junto, de mayor riqueza rural […] El que haya viajado por los campos gallegos en estos últimos meses habrá podido observar que los agricultores no hablan de política, ni del Ayuntamiento y el Juzgado Municipal, sino de cañerías de agua, luz eléctrica, abonos minerales, básculas en el mercado de ganados, líneas de automóviles y camiones, serrerías y molinos de vapor, acciones de

> empresas industriales, el estado económico de América y temas así.

O progreso que relata non beneficiaba, xaora, a todos por igual: non os que traballaban a xornal e menos aínda os caseiros, pero a bonanza xeral non parece coutarse. En 1931, Valeriano Villanueva volve referirse ao «progreso agrario relativamente grande conseguido en el territorio de Galicia en los años transcurridos de este siglo».

As intervencións parlamentarias dos deputados galeguistas da II República defenden os intereses dunha agricultura que manifesta os problemas propios dun sector de crecente integración no mercado. Estes problemas aprécianse, por exemplo, na cuestión do arancel que grava a importación de millo destinado á alimentación gandeira e no acordo que facilita a importación de carnes americanas, que prexudicaba a exportación das galegas á Península. Tamén consta a queixa contra a importación de madeira, a cal, segundo Suárez Picallo, puña en perigo a caixa de aforros que as casas labregas tiñan no monte. Desgravar a importación das producións agropecuarias que compiten coas galegas foi tan criticado como gravar a importación dos *inputs* necesarios para que Galicia puidese producir. Tiña sentido na lóxica de xestión política dos intereses económicos nun marco de representación parlamentaria en que os intereses dos labregos votantes pesaban moito. Neste punto, resulta reveladora a protesta de Antón Vilar Ponte sobre a recarga arancelaria á importación de Escouras Thomas, apenas producidas no Estado español, pero de uso xeral en Galicia para fertilizar os prados e corrixir a acidez dos solos, unha recarga na que a intención de favorecer a venda de superfosfatos de produción española prexudicaba os intereses da agricultura galega.

Outro dos mellores coñecedores da economía galega da época, Lois Peña Novo, salientaba en 1921 a capacidade produtiva da agricultura paisana, a cal «nos últimos trinta anos duplicou o número de reses e triplicou a súa exportación, e […] tivo que triplicar tamén a produción de forraxe». Na mesma liña, un observador algo máis

morriñento do mundo rural tradicional, Ramón Otero Pedrayo, referíase en 1927 a como:

> foi triunfando a economía do diñeiro. Hoxe manda nas aldeas como nas vilas. Os paisanos non se compoñen sen diñeiro e os cartos circulan na aldea en todas as formas, interveñen en todos os contratos […] Pouco importa ter unha boa colleita se non hai venda doada. Trabállase a terra, quizais mellor que denantes para ter cartos. Toda a xente viste de tenda. Mércase regularmente a carne e o peixe. Hai moitos fogares que compran o pan cocido […] Domina un sentimento de *carpe diem* […] Os mellores propietarios deben cartos e non teñen vergonza por elo. «O mundo non se entende», din os vellos.

O mesmo autor fai referencia, en 1932, ás capacidades endóxenas do proceso de mudanza e a súa homologación europea ao afirmar, con certa fachenda, que «los labradores de Galicia han creado, al margen de toda protección del Estado, por su propio esfuerzo, […] esa riqueza formidable, ese país de tipo verdaderamente europeo, que es hoy Galicia».

Desde 1900, unha parte importante dese cambio agrario ten que ver coa renovación de apeiros e a introdución de máquinas no agro. Dela dan conta os mesmos enxeñeiros e técnicos que a impulsan, como Leopoldo Hernández Robredo, director da Granxa Agrícola Experimental de Galicia (1904-1928), ou Juan de Eguileor y Orueta, agregado nesta antes de dirixir a Sección Agronómica de Lugo e organizar algúns dos campos de demostración que van instalarse nese tempo en cada partido xudicial do país.

A outra cara do progreso, a que converte en patrimonio popular os apeiros e prácticas abandonadas polo progreso, amósanola o etnógrafo e folclorista Luis Crespí Jaume, que en 1929 propón a creación dun museo que recompile os apeiros vernáculos e garde memoria das faenas tradicionais, as cales estaban a perderse con tanta rapidez que el prognostica a súa inminente desaparición no agro galego debido á xeneralización da maquinaria moderna. Outros

etnógrafos, como Xesús Taboada Chivite ou Xaquín Lourenzo, coincidían e confirmaban o empeño de Crespí, ao indagar e inventariar a sega, o carro e o arado, ou filmando a malla tradicional, como vestixios dunha cultura material que estaba mudando velozmente, como restos dunha Galicia rural que crían ver morrer en medio de tanto cambio. Como é ben sabido, esa morte anunciada atrasaríase varias décadas, e aínda reviviría ese vello mundo rural esmorecente nas regresivas condicións materiais e vitais causadas pola política de autarquía imposta pola ditadura do xeneral Franco entre 1940 e 1959, prolongadas en moitos aspectos no *desarrollismo* autoritario posterior, construído pola mesma ditadura sobre as mesmas bases políticas.

A saída da crise agraria finisecular: as casas labregas resistiron máis que as fidalgas

As reformas agrarias liberais do primeiro terzo do século XIX tiveran en Galicia efectos contraditorios, diferentes aos que provocaron nos dous terzos inferiores do Estado español, ao consolidar unha estrutura agrícola baseada na pequena explotación campesiña. Isto explica que, despois da crise agraria da década de 1880, se consolidase aínda máis a converxencia entre a pequena explotación familiar e a pequena propiedade, situándoa na cerna das transformacións e dos avatares que definirán a evolución da agricultura galega até o momento presente. Unha longa historia de douscentos anos de resistencias domésticas e comunitarias, de loitas organizadas en sociedades e sindicatos e dunha ampla despregadura de todo tipo de repertorios e estratexias, «armas dos febles» e de clase incluídas. No tempo que abrangue este libro, deuse o final desa historia, a que explica que hoxe 1,7 millóns de galegos sexamos propietarios de predios rústicos. O cambio agrario foi ao cabo protagonizado polas pequenas explotacións familiares, polas casas labregas, que saíron reforzadas daquel proceso de mudanzas.

A crise agraria que afectou a Europa nos anos oitenta tivo como consecuencia o descenso dos prezos e das rendas agrarias debido á

masiva chegada das producións agropecuarias americanas, as cales eran moito máis baratas a causa do amentado abaratamento dos fretes e do aumento da velocidade do transporte marítimo grazas á incorporación do vapor á navegación a longa distancia e, tamén, de sistemas destinados a unha mellor e máis duradeira conservación dos produtos. En Galicia, a saída da crise tivo como principal resultado o devalo definitivo da figura do perceptor de rendas que vivía dos foros e o seu paulatino abandono do rural, o que deu paso á formación dunha agricultura de casas de labranza de labregos propietarios. A súa consolidación como tales acompañouse da crecente individualización no seu favor dos espazos comunais, dos montes en mancomún, que en Galicia, como ten amosado Xesús Balboa, non foran desamortizados durante a Revolución liberal, pois a Lei de 1855 colleitou en Galicia un rotundo fracaso, constatado xa á altura de 1865, pero non deixou de ser unha potencial ameaza até ben entrado o século xx.

Efectos similares desta crise atopámolos noutras partes de Europa, en rexións onde o campesiñado era máis feble que en Galicia, como a Padania ou Andalucía, só que nelas tivo como consecuencia o depauperamento e a proletarización campesiña. Mais, alén disto, a crise agraria fixo tomar conciencia da necesidade de adaptar á pequena explotación as propostas da nova *modernidade agronómica*. Esta era presentada como unha garantía de estabilidade social, que afastaría a pantasma da revolta, ao tempo que nos amosa o arraigamento que en Europa tiveron as modernas propostas *jeffersonianas* relativas á necesidade de constituír unha república democrática de propietarios agrarios, propostas que ás veces mesmo confluían coas máis novidosas proclamas socialistas de «a terra para quen a traballa». As tres propostas, aparentemente contraditorias para un observador da teoría, encaixaban naquela altura coas lóxicas duns labregos empeñados na consolidación das súas casas, por iso confluían en síntese na modernidade técnica dunha república de propietarios da terra que traballan.

As consecuencias económicas e sociais da crise agraria de final de século marcaron o inicio das transformacións na Galicia rural no

tránsito dos séculos XIX ao XX, unhas transformacións que xiraron arredor de tres procesos: propietarización campesiña, mercantilización da agricultura e innovación tecnolóxica. O primeiro ten que ver coa consecución por parte dos labregos da propiedade plena e legal das terras que as casas de labranza viñan traballando secularmente. Foi lograda nun proceso cargado de tensións, no que intervén o amentado devalo da figura do perceptor de rendas –causado pola mesma crise en que o campesiñado resiste–, a posterior mobilización e loita social das casas labregas –organizadas en sociedades agrarias– e a citada mercantilización da produción grazas aos recursos gandeiros e ás remesas da emigración. En paralelo, cómpre contar tamén con outra variable neste proceso, que é máis silandeira, por mesturar vella resistencia comunal e moderna acción colectiva: a privatización das terras a monte, as cales eran fundamentais para o bo funcionamento dos agro-ecosistemas orgánicos galaicos. Da súa importancia facémonos unha idea ao constatar que aínda hoxe en día os montes de veciños en mancomún supoñen case un cuarto da superficie total do país.

O segundo proceso, que podemos definir xenericamente como mercantilización da agricultura, ten vellas e sinuosas raíces en Galicia, máis antigas nas rexións vitivinícolas e máis recentes nas de orientación gandeira. Aínda así, tan longas como evidencian as centenarias feiras de gandos onde se vendían aquelas eguas de ventre do monte que axudaron a mudar a agricultura das Castelas. Este proceso acelerouse á saída dunha crise que orixinou a redefinición do papel da agricultura no seo do capitalismo mundial, un proceso enxergado no tempo da emigración andoriña, que favoreceu a entrada de cartos en moitas casas labregas e nos novos negocios que agora se levaban adiante no mundo rural e vilego. Foi así como, fechado o mercado inglés, Galicia dirixiu a súa produción gandeira cara ao mercado español.

O terceiro proceso, vencellado ao primeiro e intimamente unido ao segundo, ten que ver coa extensión no rural de innovacións agropecuarias de diferente carácter, algo que foi posibilitado desde 1888 –cando se produce a instalación da Granxa Experimental de Galicia e Asturias– grazas á creación dun sistema estatal de

innovación agropecuaria. Este proceso non pode entenderse sen atender á progresiva articulación social do campesiñado, pero tampouco sen considerar a longa traxectoria de innovacións agrarias campesiñas que levaron no seu día á incorporación á agricultura galega das plantas americanas –o millo, a pataca…–, á creación dos agro-ecosistemas baseados no policultivo con orientación gandeira e ao manexo dos territorios a monte coa intención de que servisen de fonte de fertilización e de enerxía.

Nese sentido, as innovacións nas labranzas posibilitaron a resistente continuidade reprodutiva das casas labregas nun tempo longo –entre o século XVIII (Provisión contra os despoxos forais de 1763) e o século XX (Lei de redención foral de 1926) – en que a continuidade da posesión labrega non estivo asegurada. Máis de século e medio de empate en que, por mor da excepción foral, a terra e o produto que dela obtiñan os labregos estaban en disputa con outros tres axentes: a vella Igrexa derrotada pola revolución, a fidalguía rendeira e o nacente estado liberal. Nese longo tempo, visto do lado dos pagadores dos foros, as casas labregas máis abastadas aproveitaron as posibilidades de mercar foros desde as primeiras desamortizacións (Godoy, 1798) ou de procurar alianzas políticas, mesmo parlamentarias, na procura da redención dos foros (Lei de 1873) e cando puideron facer máis forza, como no tempo da I guerra mundial, promoveron a abolición do vello sistema. Visto do lado dos cobradores da renda foral, como resume Pegerto Saavedra, ao deixar a revolución liberal en vigor os foros, a fidalguía transitou do XVIII ao XIX cos seus patrimonios íntegros –medidos en rendas–, mesmo puido participar nas poxas de bens desamortizados –en xeral rendas forais–; continuou sendo unha «clase intermedia», puramente rendeira, e, como tal, desapareceu co proceso de redención de comezos do XX.

No pano histórico daquel tempo longo, a conxuntura da crise de finais de século e as súas consecuencias cadraron cun tempo político, a Restauración Borbónica posterior ao Sexenio Democrático (1868-1974), en que aumenta a importancia electoral do campesiñado independente, a partir da recuperación (1890) do sufraxio universal masculino instaurado na Constitución de 1869. A

canalización da participación política das masas rurais votantes foi unha das razóns da aparición do asociacionismo agrario galego. As novas formas de asociación (ao abeiro da Lei de 1887) convertéronse nun instrumento de mobilización contra os foros, axiña tamén nun mecanismo de articulación entre as casas labregas e as novas necesidades dos mercados no abrente do século XX. Unha moderna forma de articulación social que resultou máis efectiva que os fracasados intentos de asociación protagonizados por unha non-nata clase propietaria de fidalgos foristas e cobradores de rendas durante o século XIX.

Para explicar os tres procesos, aínda debe terse en conta outro factor: refírome ás novas formas da emigración a América, que desde finais do século XIX se foi facendo andoriña, con idas e voltas que achegaron recursos económicos para a redención foral, xeraron novas actividades comerciais no rural e nas vilas e contribuíron adoito á mellora das vivendas e moito á innovación técnica. Os emigrantes retornados tamén achegaron recursos culturais e habilidades técnicas e mercantís adquiridas en ultramar. O mundo rural galego daquela altura foi favorecido pola incorporación destes recursos humanos e materiais, tanto en termos económicos como políticos e sociais.

Deste xeito, nas primeiras décadas do século XX vai xerarse en Galicia un modelo de economía agraria determinado por unha produción que se integra progresivamente no mercado, especialmente a pecuaria, á vez que incorpora medios técnicos de orixe industrial ao proceso produtivo. Coetaneamente a estas transformacións, ten lugar tamén desde a década de 1880 unha articulación social do campesiñado que se expresa na creación de sociedades e sindicatos agrarios, a cal incide directamente neses tres procesos comentados mercé a un modelo de asociación voluntaria e de acción colectiva. Aquel conglomerado plural de asociacións libres destruído despois de 1940 pola ditadura –que borrou tamén o significado do *agrarismo* na memoria colectiva– foi ben estudado pola recente historiografía rural galega. Estes instrumentos de organización das comunidades labregas foron empregados na loita antiforal, no combate anticaciquil e tamén cumpriron un importante

papel na relación dos labregos cos mercados do capitalismo. Neste último caso, ao controlar os procesos produtivos e intentar dirixilos cara aos seus particulares intereses, organizando mesmo a comercialización de *outputs* e *inputs*. En suma, unha actuación comunitaria e cooperativa que acada o seu cume nos anos vinte e trinta, despois de que a mobilización antiforal levase a unha solución favorable as casas labregas en 1926.

Diante disto, é obvio que entre 1880 e 1936 o agro galego foi un espazo económico dinámico, no que se desenvolveron importantes transformacións produtivas e procesos de innovación tecnolóxica, na segunda onda da industrialización. Nin «atraso secular» nin campesiños miserables que estivesen á marxe do mercado e dos procesos sociais e políticos definen aquela época. Ao contrario, naquel tempo, os labregos condicionaron eses procesos políticos e sociais até os anos que marcan o comezo da II guerra mundial. Agricultura e mundo rural eran, por peso social e dinamismo económico, o eixe real e o referente simbólico de Galicia.

As loitas en común contra o foro: a unión que fixo a forza e os 'donos de seu'

A propietarización labrega conduciu á desaparición do réxime de propiedade territorial característico do noroeste peninsular desde o Medievo: o sistema foral. A súa supresión constitúe unha das transformacións máis significativas do período, vista a fortaleza e a vixencia histórica que lograran estes contratos agrarios. Como demostraron Ramón Villares, Pegerto Saavedra, Antonio Presedo, Aurora Artiaga e outras autoras, a liquidación do foro puxo cabo ao elemento central da organización interna que caracterizou o vello complexo agrario galego ao longo do Antigo Réxime.

Os intentos para a súa supresión foran vans durante todo o século XIX: a Lei de redención de Paz Novoa (1873) tivo feitura e caída coa I República, os proxectos de Montero Ríos (1888) e Eduardo Vincenti (1907) non chegaron a ser aprobados. Non foi até 1926, durante a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), cando a

Lei de redención foral permite dar unha solución legal ao problema foral. Nesa lei, determinábase a redención a favor do pagador foreiro mediante unha indemnización relativamente accesible, se ben algunhas limitacións restritivas dela non serían eliminadas até a II República. O último elo desta cadea legal constitúeo a Compilación Foral de 1963, onde establece a fin do foro para 1973, ano en que expirou definitivamente a súa vixencia.

Ao pé desta historia, e enmarcada nos procesos de transformación que a explican, dáse unha secuencia imparable de acordos de redención de foros que, por unha banda, expresan a dirección do proceso de cambio social e, pola outra, contribúen a crear as condicións para a definitiva solución do problema, da que a Lei de 1926 foi, en todo caso, a súa expresión tardía. Como sabemos, a crise de finais do XIX nin derrotou a pequena explotación nin fomentou a «concentración» da propiedade que algúns informantes galegos solicitaban á Comisión Parlamentaria encargada en 1887 de elaborar a ampla enquisa sobre a crise agrícola e pecuaria. A opinión deses informantes era conforme á de moitos teóricos sobre o protagonismo que acadaría a grande explotación agrícola no capitalismo, e que desde 1899 se aprecia tamén nas obras de socialistas como Karl Kautsky sobre *A cuestión agraria*, e Vladimir I. Lenin sobre *O desenvolvemento do capitalismo en Rusia*. Pola contra, a crise fixo entrar o sistema foral e a fidalguía en fase terminal, ata o punto de desapareceren tras o proceso de redención de comezos do XX. Diso eran conscientes os contemporáneos, tal e como amosa Castelao en 1924 nun gravado titulado «As casas dos señores van parar ás mans dos labradores».

Como no seu día amosaron Ramón Villares e Aurora Artiaga, o inicio deste proceso comeza cando importantes patrimonios agrarios se esboroaran na fin do século XIX, anunciando así a fin irreversible do sistema foral e, con el, a desaparición dese bloque social que vivía da renda que pagaban os campesiños pola terra. A vella fidalguía viuse obrigada entón a desfacerse dos seus patrimonios, cuxa desvalorización se acentuou debido a un descenso dos prezos agrícolas que mancaron unhas economías baseadas sobre todo no cobro de rendas aos labregos en especie, en cereal. Nese contexto,

o campesiñado acelera a redención dos gravames forais, ampliando un proceso que xa iniciara timidamente aproveitando as posibilidades redencionistas da Desamortización de Madoz (1855), e mesmo mercándoos nas anteriores desamortizacións (1798, 1836, 1845). Propágase así, e mediante acordos privados apoiados por unha crecente presión agrarista, a citada secuencia redencionista, especialmente agudizada nos momentos de maior axitación social, entre os que destaca o período posterior á I guerra mundial. Estas axitacións coinciden coas grandes mobilizacións pola terra que se dan por toda Europa e que forman parte dun ciclo que, co antecedente irlandés das Ligas Agrarias (1879), comeza en México en 1911, acrecéntase coa Revolución bolxevique en Rusia e séntese logo en lugares tan distintos como Andalucía, o Val do Po, Bulgaria ou Galicia. Un ciclo que remata en 1919, coas grandes reformas agrarias postas en pé polos novos estados democráticos saídos dos tres imperios centroeuropeos derrotados tras a guerra, por mor do Tratado de Versalles.

Segundo a análise, xa clásica, de Ramón Villares, os cambios económicos e sociais das primeiras décadas do século XX contribúen a facer do foro un instrumento inservible. Entre eses cambios están as transformacións técnicas agropecuarias; o auxe do agrarismo, que outorga ao campesiñado unha gran capacidade de manobra; ou as remesas de diñeiro da emigración americana, que permitiron a moitas explotacións dispoñer do capital necesario para a redención. Esta maior prosperidade campesiña viuse axudada pola crecente comercialización de excedentes agropecuarios, especialmente de gando bovino, pero tamén de coiros, produtos de horta, viño e peixe ou marisco na beiramar.

A resultas do proceso redencionista, as casas labregas fixéronse por fin coas terras que traballaban, ou sexa, os labregos foreiros fixéronse 'donos de seu'. Consolidouse entón a pequena explotación familiar e deuse un paso fundamental para a racionalización da produción agraria no marco liberal de mercado. Paralelamente, desapareceron as familias fidalgas que vivían das rendas agrarias, as cales buscan agora como nova fonte de ingresos e de poder a entrada na Administración, na Xudicatura ou no Exército e que,

asentándose maioritariamente nos centros de poder galego ou madrileño, só volverán aos seus lugares de orixe para a anual e obrigada visita do verán, como xa amosara Silvia Rosende. Isto é posible porque a fidalguía de finais do século XIX xa non é, nin sequera socioloxicamente, a do Antigo Réxime. Agora, moitos donos de casas fidalgas participan na vida política e forman parte da administración liberal, ou desempéñanse como médicos, avogados ou profesores universitarios. En moitos casos, como ten explicado Antom Santos, chegan a abrazar desde o nacente galeguismo a cultura labrega. Tanto é así, que poderiamos atrevernos a suxerir que, no primeiro terzo do século XX, se tece en Galicia un xeito de consenso social mesocrático semellante ao que vai asentar daquela as democracias escandinavas, aspecto este tratado por Miguel Cabo en traballos recentes, a propósito dos partidos campesiños europeos na época de entreguerras.

En paralelo, a redención foral acelera ese outro proceso que complementa o da propietarización campesiña: a repartición do monte comunal, veciñal ou abertal. Un proceso que pon de manifesto a capacidade de manobra das casas e das aldeas para actuar e defender os seus intereses no marco liberal, ao tempo que evidencia a adaptación dos labregos ás novas condicións do capitalismo.

A importancia produtiva do monte, pois do seu manexo deriva a capacidade de fertilizar e proporcionar enerxía, convérteo, segundo certeira expresión de Abel Bouhier, no soporte do sistema agrario orgánico, o cal coñece daquela substantivas modificacións ás que o seu repartimento entre os veciños contribuíron decisivamente. Segundo David Soto, neste período o monte foi o motor da intensificación orgánica e das súas orientacións comerciais, mentres que Xesús Balboa xa nos explicou como os sucesivos intentos de intervención administrativa no monte galego, despregados pola administración liberal desde mediados do XIX, deron lugar a unha crecente reacción defensiva das comunidades campesiñas, as cales estableceron diferentes estratexias para a salvagarda destas propiedades veciñais ameazadas, entre as que a progresiva individualización se demostrou, paradoxalmente, como a máis

efectiva. Aínda que foi un proceso até máis longo que o da redención foral, os repartimentos aceleráronse desde finais do XIX, tendo lugar os últimos a comezos da década de 1950, neste caso como forma de as comunidades evitaren a intervención forzosa da ditadura a través do Patrimonio Forestal do Estado. En suma, o non recoñecemento da propiedade veciñal e a intención da revolución liberal de vendela na desamortización conduciu á privatización –mediante o recurso ao apresamento individual ou ao repartimento colectivo– como unha forma de resistencia e de adaptación á realidade, e todo por medio de acordos entre as casas das aldeas sobre os seus montes.

Xunto á resistencia aos intentos de usurpación estatal, hai outra razón de peso para explicar a individualización, a cal se atopa relacionada cun novo sistema de explotación da superficie a monte. Segundo amosan os traballos de Xesús Balboa e Eduardo Rico, a maioría das parcelas individualizadas éranlles necesarias ás explotacións agrícolas para seren sometidas a aproveitamentos máis intensivos. Complementariamente, outras partes do monte adquiren entón unha función máis xenuinamente forestal, aínda que as plantacións nelas se acompañan dunha produción intensiva de toxo, que segue sendo indispensable para a fertilización orgánica do agro. Neste período establécese unha crecente relación entre individualización e abandono do aproveitamento do monte como área de cultivo, e a súa conversión nun espazo forestal. Á vez que o uso de novos arados –estilo Ajuria Brabant de dobre vesadoiro–, a sementeira de toxo seleccionado, a extensión de novos prados, as novas formas de fertilización mineral e outras innovacións tecnolóxicas, son empregadas para favorecer o proceso de intensificación orgánica ligado, na mesma orde, á produción para os mercados e á reprodución da casa. Velaí a complexidade que agocha a amentada propietarización.

En definitiva, a combinación da redención foral, a individualización da propiedade comunal nuns espazos de monte e o mantemento noutros amosan a forza da casa labrega e a súa capacidade de adaptación aos conflitivos procesos económicos e políticos derivados do desenvolvemento do capitalismo. Porén, diversos sectores do

campesiñado quedaron excluídos deste proceso de conquista e consolidación da propiedade. O suxeito colectivo protagonista del non é un campesiñado indiferenciado, idealmente identificado cos habitantes do rural que traballan o agro, e tampouco o conxunto da comunidade veciñal. Non toda a aldea se beneficia do proceso, senón ese grupo que identificamos como labregos máis ou menos abastados ou ben situados socialmente, saídos daquelas casas que durante os séculos XIX e XX foron capaces de combinar ao seu favor as estratexias de resistencia e avance e de establecer regras de herdanza e acollemento, pero tamén de expulsión dos membros sobrantes que había nas súas familias –do exceso de man de obra familiar–, para deste xeito garantir a súa supervivencia e reprodución ampliada dunha a outra xeración.

Este grupo de casas labregas é, así mesmo, diverso interna e territorialmente. Segundo as achegas de Silvia Riesgo, Xosé María Cardesín, Xesús Balboa, Luis Domínguez ou Alba Díaz, é posible distinguir nel un pequeno sector de casas ricas desde comezos do século XIX, outro de casas acomodadas, que consolidará a súa posición na fin dese século, e un terceiro de autosuficientes situadas nun limiar mínimo da riqueza e a cohesión, e que poden ascender ou descender socialmente en función das súas débedas e maior ou menor peso nas economías domésticas das urxencias materiais.

En conxunto, son os tres sectores do campesiñado que mellor resisten a crise, en virtude da relación máis ou menos favorable que conseguen manter co mercado tras lograr gozar dos eidos que conforman o groso da explotación agrícola baixo formas de cesión foral –as cales eran moito máis favorables que as do arrendamento ou da parcería–, evitan caer na fórmula do gando posto e logran poñer en práctica estratexias sucesorias centrípetas, para garantir a continuidade da casa, e á vez centrífugas, destinadas a expulsar a man de obra familiar sobrante. Son tamén aquelas capaces de acordar pagar a pasaxe para a emigración aos fillos e fillas que non teñen acubillo nelas e así aliviar tensión e os riscos que poderían ameazar a viabilidade das amentadas casas e, xa que logo, de beneficiárense dos recursos económicos remitidos polos seus emigrantes. Abofé que a morriña foi un dos grandes inventos

imaxinados na altura. Casar ben e para fóra era a outra forma clásica.

As casas destes labregos son tamén as que demostran ter unha maior capacidade para innovar e acumular recursos materiais. Unha capacidade derivada, en boa medida, de teren logrado unha mellor posición social no seo da comunidade rural, en ocasións aproveitando para iso os beneficios derivados do desempeño de cargos municipais, de situar algún fillo como crego ou de participar no movemento agrarista. Isto permítelles favorecerse, por exemplo, á hora de cercar os comunais ou de impoñer a forma do seu repartimento na parroquia, pero, sobre todo, de recrutar a forza de traballo que poidan precisar das casas con explotacións agrícolas máis pequenas, pouco suficientes, pertencentes a veciños, parentes ou achegados, aos que ofrecen traballo a través de fórmulas de axuda mutua asimétricas, grazas ás cales os pequenos ficarán sempre como debedores dos «favores» económicos e sociais que por esta vía reciben dos grandes.

Por baixo deles, e case sempre á marxe do proceso propietarizador, fican outros sectores da comunidade rural: os bodegueiros, os criados, as caseteiras (mulleres que viven soas, adoito con fillos) e os pobres, que viven do seu traballo a xornal ou de ofrecelo baixo a forma de axuda mutua xa comentada. Igualmente, por aquel entón tamén podían quedar á marxe as casas que posuían pouca terra propia ou as que carecían de casa de seu: os casaríos, as colonias.

Antigas feiras e novos mercados: aprendendo a vender e mercar nun contexto tecnolóxico innovador

A especialización gandeira e a renovación produtiva son dúas das caras máis importantes dun proceso de mercantilización que se completa coa venda de madeira e as remesas económicas que envía a emigración americana. En Galicia a mercantilización, con raíces que se estenden na historia até as feiras e mercados de orixe medieval e as rutas comerciais marítimas e terrestres que daban

saída aos produtos vendidos nelas, acelerouse agora ao ritmo da redefinición que experimentou o papel da agricultura no seo do capitalismo mundial ao remate da crise de finais de século. Co peche dos mercados británico e portugués, en plena construción dun mercado estatal alentado pola extensión dos novos camiños de ferro a toda a Península e a imposición de crecentes aranceis proteccionistas aos produtos foráneos, Galicia dirixirá a súa produción gandeira cara ao mercado español. En paralelo, desde o exterior, arriban a ela por vía marítima as achegas económicas da emigración andoriña americana, as cales axudarán ás casas labregas a establecer novos negocios nas aldeas e a que se abran outros nas vilas e cidades do país.

Desde o cambio de século, o agro participou de maneira crecente no mercado de insumos e de todo tipo de produtos. A conexión ferroviaria coa meseta permite que o gando adulto que tradicionalmente viaxaba a pé cara á vella Castela –neste punto están ben documentadas, por exemplo, as rutas de bois do Cádavo (no concello lugués de Baleira) a Benavente– acceda agora directamente a Madrid e aos centros urbanos do Mediterráneo. Ademais diso, o ferrocarril facilitará a saída e venda de gando novo, que antes só podía ser exportado por mar, xa que non resistía longos traxectos a pé. A capacidade de resposta ás cambiantes oportunidades de mercado foi unha das claves da expansión da agricultura atlántica galega ao longo do período. Mais, tamén, na superación das posibles dificultades, a chamada «saída portuguesa», pola vía legal ou do contrabando, foi sempre un recurso decisivo, cuxas achegas non sempre fican ben reflectidas nas análises do pasado, quizais porque non resultan doadas de estimar.

Antes de abrirse a oportunidade dos mercados urbanos españois, as exportacións de gando bovino cara a Inglaterra e Portugal –34 000 cabezas anuais na década de 1870– representaban o 87% do que achegaba ao mercado británico Dinamarca, un dos grandes abastecedores na Europa do noroeste; na década de 1880, as 38 000 cabezas anuais exportadas por Galicia representaban o 74% da exportación danesa. A década de 1890 foi para Galicia unha fase de crise na exportación e as pobres estatísticas da altura (que se

recollen no gráfico 3) non conseguen dar conta das vendas realizadas en Portugal. Pasado este mal momento, a opción do envío do gando galego cara aos distintos mercados da Península Ibérica explica que entre 1900 e 1930 o número de cabezas saídas cada ano de Galicia pasase das 30 000 ás máis de 200 000, o 20% das cales acababan en Portugal. Neste contexto, a orientación gandeira do país consolidouse durante o período; unha consolidación que, alén de 1950-1960, adoptaría a forma da versión leiteira. Sexa como for, neste período previo á guerra iniciada en 1936, os labregos conseguiron entrar en pugna cos tratantes e as súas redes de chaláns polo control da comercialización do gando a través do movemento agrarista, o cal desempeñou un salientable papel na organización de vendas cooperativas.

Porén, non foi o vacún de abasto o único produto comercializado con destino ás cidades galegas e peninsulares. Ao longo destas décadas, únense progresivamente outras producións –a porcina, as aves, os ovos, leite etc.– que xeraron unha corrente comercial que aínda non foi convenientemente estudada. A demanda de madeira, tanto en forma de puntais para as minas de carbón inglesas como para a elaboración de placa para a embalaxe de produtos, en especial de conservas e peixe, actuou igualmente após 1880 como un estímulo para o aproveitamento forestal do monte.

Outra vía de integración do agro no mercado está relacionada coa súa renovación técnica –xa sinalada– por medio da demanda de produtos de orixe industrial. Unha demanda que exemplifica a complexidade dun proceso mercantilizador enguedellado nas lóxicas da innovación tecnolóxica que tiña lugar durante a segunda onda da industrialización europea. Así, a vinculación da agricultura co mercado de insumos medra aceleradamente en Galicia desde comezos de século e pode constatarse a través do crecemento e extensión das súas redes de comercialización no territorio, da súa venda como maquinaria e dos efectos macroeconómicos que tivo no país a incorporación desta nova tecnoloxía.

Grazas á información contida en fontes como os anuarios do comercio Bailly-Baillière, a prensa e as contabilidades de empresa, constátase que, entre 1903 e 1911, o número de ferraxerías se

multiplicou por tres, ao pasar de 147 a 425, igual que o de casas vendedoras de fertilizantes. Ademais diso, nas dúas seguintes décadas vanse instalar en Galicia sucursais directas das compañías fabricantes de maquinaria, entre outras a casa Ajuria de Vitoria, que abre unha central en Lugo a mediados dos anos 1920, ou a casa catalá Cros, que inaugura en 1930 un centro distribuidor de fertilizantes e anticriptogámicos –de superfosfatos e sulfatos– no Burgo (A Coruña), máis tarde convertido en fábrica. As vilas, que son eixes de rexións agrarias, protagonizan este incremento de establecementos comerciais especializados na venda de insumos, e tamén as cidades, unha primeira evidencia da extensión da oferta da nova tecnoloxía dispoñible daquela para as casas labregas.

As indagacións realizadas sobre as vendas ofrécennos unha segunda evidencia. A través desa rede de ferraxerías e das súas propias sucursais, a amentada casa vitoriana de Ajuria, poñamos por caso, vendeu entre 1928 e 1940 máis de 55 000 máquinas e apeiros de labranza en Galicia. Entre as primeiras, máis de 812 máquinas de mallar, 517 motores de gasolina para movelas e 2230 limpadoras; entre os segundos, máis de 37 000 arados, 12 377 dos cales eran arados Brabant de dobre vesadoiro con antetrén de dúas rodas, que esixían para o seu bo funcionamento bois ou vacas poderosas para tirar deles e abrir o monte ou para labrar máis á présa (cadro 6). A estas cifras hai que sumarlles, obviamente, as vendas doutros fabricantes con delegacións en Galicia: Mújica Arellano, Felix Schlayer, Aranzabal (antes da fusionarse con Ajuria) ou a británica Ramsons, que comercializaban os seus produtos a través da ampla rede de ferraxerías –como xa sabemos, máis de 400– e de casas de venda de maquinaria –máis de 50– estendidas por todo o país á altura de 1920, segundo consta nos anuarios do comercio.

Cadro 6. Vendas da casa Ajuria en Galicia, 1928 -1940

Utensilios agrícolas	Total vendas	Media anual (1928-1936)	Media anual (1937-1940)

Arados lixeiros	8.481	774	379
Arados Ideal e Iduya	16.914	1.336	697
Arados Brabant	12.377	1.265	247
TOTAL ARADOS	**37.772**	**3.375**	**1.848**
Sementadoras	923	91	26,5
Sachadoras	9.021	797	461
Limpadoras	2.230	191	128
Máquinas de mallar	812	76	31,5
Motores de gasolina	517	63	10,5

Fonte: Fernández Prieto (1992).

No cadro distínguese a diferenza das vendas (medias anuais) antes e despois de 1936 para indicar, á vez que a esperable redución no tempo da guerra, a evidencia da continuidade das mesmas tamén nese período, como inercia aínda non coutada do tempo anterior. Todo mudaría entre 1941 e 1945, ano en que se interrompe a serie anual de Ajuria dispoñible. Nos cinco anos que restaban da guerra mundial, as vendas redúcense progresivamente agás no caso de limpadoras e malladoras, pero xa sen o apoio de motores, pois non se vende ningún desde 1942. Certamente, os datos de vendas en Galicia da casa Ajuria dispoñibles (1928-1965) permiten unha ollada longa e clarificadora. No período 1928-1936 os tres modelos máis económicos de arados (lixeiros, Ideal, Iduya) acadaron unha media anual de 2113 unidades vendidas; nos 25 anos seguintes (1941-1965), que inclúen a expansión da primeira metade dos anos sesenta, as vendas medias reducíronse á metade (1143). A dimensión e temporalidade das minguas non poden explicarse por saturación do mercado, por competencia entre fabricantes, nin por substitución. Nese período, pola contra, os datos desvendan unha

fenda e unha reversión de grandes proporcións na evolución da modernidade agraria en Galicia que supera o cuarto de século.

No caso dos arados Brabant, a redución de vendas no tempo da ditadura, respecto aos nove anos anteriores ao golpe de 1936, é do 73% (de 1265 a 345 anuais). Caros e apreciados, aínda podemos ver Brabants, sachadoras ou sementadoras de adorno nas airas –convertidas en xardíns– de antigas casas labregas ou nas casas de comidas do rural.

Mapa 3. Rede de vendas da casa Ajuria en Galicia cara a 1930



Fonte: Fernández Prieto (1992).

En relación cos avances do proceso de innovación agrícola anterior a 1936, compre resaltar que Galicia contaba con máis do 10% da disponibilidade estatal en trece tipos específicos de máquinas e apeiros segundo distingue en 1932 a estatística do Ministerio de Fomento. Entre as cincuenta provincias do Estado, as catro galegas xuntaban o 36% das sementadoras de carretilla, o 35% dos arados de desfondar e o 13% dos de gueifa xiratoria, o 22% dos motores de gasolina ou o 16% das máquinas de mallar. Polo demais, e como en todas as agriculturas europeas da altura onde predominaban as pequenas explotacións, en Galicia practicábase tamén a combinación do vello e novo instrumental en función das necesidades concretas do cultivo, así como unha flexible

adaptación e mellora dos apeiros vernáculos que, por selo, eran moi axeitados e respondían bastante ben ás específicas condicións ambientais e traballo existentes. No que facía aos arados, sachadoras e sementadoras, por exemplo, isto significou a incorporación de elementos de ferro aos apeiros locais e a copia e adaptación local polos ferreiros dos novos modelos industriais. Esa adaptación do dispoñible, combinada coas compras de arados comerciais de fabricación industrial xa comentada, sustentou a expansión agrícola galega do primeiro terzo do século xx.

Ese mesmo espectacular incremento de introdución de material agrario moderno no agro prodúcese tamén en relación coas novas sementes (trevo violeta, millo…) ou aos adubos químicos. Entre 1908 e 1935, o consumo de fertilizantes comercializados en Galicia multiplicouse por dez, pasando de 47 000 a 502 000 Qm. As recomendacións dos técnicos sobre os novos fertilizantes ás veces chocaron entre si por intereses comerciais, argumentos agronómicos e razóns económicas. Por outra banda, e como en toda Europa, as fraudes neste punto tamén foron aquí moeda común.

Fronte aos fertilizantes potásicos e nitroxenados, en Galicia impuxéronse fórmulas baseadas nos fosfatos, en especial as escouras de defosforación e os amentados superfosfatos. As escouras eran importadas por mar; foron as primeiras en xeneralizarse e recomendábanse para prados, nabos e cereais panificables. Pola contra, os superfosfatos, pese a ser de produción española, eran máis caros e usábanse para o cultivo das patacas e o millo. O novo adubado pode relacionarse coa orientación gandeira, ao favorecer os prados e as forraxes, pero tamén foi aplicado aos cereais panificables, e mesmo á agricultura de rozas nas extensas superficies dedicadas ao cultivo de pan nos montes. Rozando a década de 1930, a estratexia comercial da casa catalá de fertilizantes Cros logrou aliarse cos sindicatos católicos para favorecer a substitución das escouras polos superfosfatos, como denunciou o deputado Suárez Picallo en 1932. Nesa altura hai certa diversificación de fórmulas na fertilización, coa penetración de potasas e de fertilizantes nitroxenados, como o sulfato amónico, que rachan co monopolio dos fosfatados. O interese dos labregos polo

emprego de escouras, amais do seu prezo, tiña que ver coa posibilidade que ofrecía para a mellora dos peores prados, dos lameiros ou das xunqueiras, pois o esterco reservábano para os cultivos. Os novos fertilizantes permitiron igualmente liberar terras a monte, que pasaron a ser destinadas a uso forestal, ao empregarse nas estivadas e lograr así unha segunda colleita.

A partir dos datos de consumo dispoñibles –que deben ser tomados con cautela–, pódese calcular que en 1935 por volta dun 25% da superficie cultivada en Galicia –naquela agricultura de gandería e policultivo– era susceptible de ser enriquecida con fertilizantes minerais comerciais, amecidos ao abundante estercado orgánico a base de toxo, carqueixa, uces ou fentos, cultivados no monte veciñal e particular.

A cartografía do consumo de fertilizantes por partidos xudiciais permite apreciar diferenzas comarcais significativas (mapa 4). Nótese que o mapa, por mor da fragmentada dispoñibilidade de fontes, está elaborado con datos de anos diferentes para A Coruña e as outras tres provincias; porén, a representación axuda a explicar os contrastes entre as bisbarras e, de xeito destacado, entre as comarcas da costa e o interior na provincia de Pontevedra, onde o avance das actividades pesqueiras e industriais rexistradas no litoral se combinaban alí co exercicio dunha agricultura máis de autoconsumo e, posiblemente, con boas dispoñibilidades de fertilización orgánica.

Mapa 4. Consumo de superfosfatos por partidos xudiciais (1919 para A Coruña, 1927 resto de Galicia)



Fonte: Fernández Prieto (1992).

O consumo de fertilizantes en Galicia respecto do conxunto do Estado resulta interesante para poder ponderar o significado dos datos. Os superfosfatos consumidos en Galicia representaban en 1908 o 63% do consumo estatal, que sobe até o 79% en 1935. As escouras, que chegaron a supoñer o 41% en 1919 e o 16% en 1928, xa só representaban en 1935 o 3% do consumo estatal deste fertilizante. Nitratos e potasas ocupan porcentaxes moi cativas, compensados pola crecente importancia das fórmulas de fertilizantes compostos: 17% do consumo estatal en 1935.

En suma, neste período é doado comprobar como as innovacións son incorporadas ao agro na medida das necesidades e das capacidades das casas labregas, ao tempo que este proceso de integración garda unha estreita relación coas súas particulares condicións de produción e de reprodución. De aí que a posición das sociedades agrarias a favor dunha ou doutra opción comercial –como no caso dos fertilizantes– non só se canalizase a través da opinión expresada ou das recomendacións feitas nos seus órganos de prensa, senón, e sobre todo, das compras colectivas.

O esforzo dos labregos por controlar os procesos de comercialización en beneficio das súas explotacións a través do movemento agrarista posibilitou, na súa vertente cooperativa, este tipo de compras colectivas, como tamén a comercialización da súa produción. Esta busca dunha relación máis favorable co mercado

exprésase a partir da última década do século XIX, e no contexto do crecente aumento das vendas de vacún, a través da creación de sociedades de seguros mutuos do gando, as cales trataban de facer menos gravosas as posibles perdas económicas. Nas seguintes décadas, os labregos intentarán evitar os intermediarios tanto no que se refire á comercialización dos seus produtos como na merca das máquinas e adubos que precisan. Nesa procura da comercialización directa, nos anos trinta, algunhas cooperativas –como a de Laíño, no actual concello de Dodro– competirán con firmas tan potentes como Nestlé ou Arxeriz na creación dun sector agroindustrial vinculado ás producións lácteas. Ben se pode concluír, pois, que neste tempo os labregos en Galicia aprenderon a mercar e a vender asociados.

Labregos innovadores e ciencia agronómica: fusión de saberes

Ao cabo do proceso innovador que leva adiante a sociedade civil, cómpre non perder de vista o esforzo promovido polo Estado ao longo do primeiro terzo do século XX. De feito, é nas últimas décadas do XIX cando comeza a poñerse en pé no país unha infraestrutura institucional que ten por obxecto favorecer a innovación do agro, definida na linguaxe de época como «progreso agrícola» e «pecuario» (mapa 5).

Houbo moitas propostas para crear institucións promotoras do progreso da agricultura en Galicia, entre as que a de Juana de Vega, na súa manda testamentaria de 1872 para crear unha escola de agricultura na Coruña, foi a que sentou as bases do que veu despois. O primeiro elo neste senso veu da man do establecemento en 1888 na Coruña, en Monelos, da Granxa-Escola Experimental de Galicia, unha das oito fundadas ese ano no Estado español seguindo o modelo da Granja Central de Experimentación de La Moncloa (Madrid), creada o ano anterior. A Granxa Experimental de Galicia actuou como cabeza dunha rede que vai ser completada con Estacións de Agricultura e Campos de Experiencias de ámbito

comarcal –das que chega a haber 25 nos anos trinta–, laboratorios de análises contra a fraude no comercio de fertilizantes e un Servizo Agronómico –herdeiro das vellas Seccións de Fomento de 1859–, o cal será reorganizado na década de 1880 baixo a forma de Seccións Agronómicas Provinciais e reformado logo, en 1902, para promover unha maior implicación dos enxeñeiros no proceso innovador.

Outro fito importante en Galicia foi a creación en 1911 das Inspeccións de Hixiene Pecuaria provinciais. Tamén aquí hai que anotar algunhas iniciativas das deputacións e de mecenas privados. Mentres, na década de 1920 o sistema despregouse en Galicia con novos centros de investigación especializados, como a Estación de Fitopatoloxía Agraria (1925) –anexa á Granxa Experimental de Monelos–, a Misión Biolóxica de Galicia establecida pola Junta de Ampliación de Estudios (1921) e a creación de diversos servizos de consulta e divulgación. Naquel tempo, e desde 1880, configurouse unha rede de experimentación científica, de ensaios innovadores e de divulgación técnica de considerables dimensións, equiparable á doutros sistemas públicos europeos de innovación agropecuaria.

Os campos de demostración comarcais que formaban parte desta estrutura estaban pensados baixo o principio da «aprendizaxe polo feito» (*learning by doing*, que diriamos hoxe), é dicir, unha divulgación das innovacións baseada na interacción e no ensaio. Os campos de experimentación estaban dirixidos por capataces ou peritos agrícolas, dotados cun terreo para a experimentación nas condicións locais, unha parada de sementais e un depósito de maquinaria para ensaiar e aprender o seu manexo e facer préstamos dela. En termos actuais, falariamos da existencia dun sistema AKIS (Agricultural Knowledge and Innovation System), o que nos dá unha lixeira idea da modernidade existente na sociedade e na economía galega da altura.

Mapa 5. Centros de experimentación e campos de demostración en 1936



Fonte: Fernández Prieto (1992).

Sobre esta base, na primeira parte dos anos trinta deseñouse en Galicia un completo proxecto de reorganización dos servizos agronómicos e da rede de centros de experimentación existentes (mapa 5). A idea era a creación dun sistema propio para a futura Administración autónoma que, ao abeiro do modelo constitucional de Autonomía de 1931 e ao fío da súa reivindicación, xa se estaba procurando no ámbito dos servizos agropecuarios, mesmo antes de materializarse o Estatuto. O plano foise fraguando con tino e definiuse como unha estrutura para ser xestionada por un futuro goberno autónomo galego.

O primeiro bosquexo de definición dun modelo de sistema propio remóntase a 1925, cando o director da Granxa Experimental de Monelos, Leopoldo Hernández Robredo, atendendo unha petición do Seminario de Estudos Galegos, elaborou unha proposta de reordenación dos servizos de Experimentación e Divulgación do Ministerio que, a pesar do seu carácter limitado e sintético, xa contiña medidas que nos anos seguintes lograrían ampla aceptación. A súa proposta era especializar os centros existentes, transformando as Estacións de Agricultura Xeral en centros especializados de experimentación (Ponteareas pastos, A Fonsagrada industrias lácteas, Betanzos pragas) e aumentar o número de campos de demostración para cubrir todos os partidos xudiciais de Galicia. Como viñan insistindo as Asembleas Agrarias de Monforte, tamén

recolle a proposta de instalar unha Estación Enolóxica en Ribadavia para dar sentido aos servizos no ámbito ourensán.

En 1929, na perspectiva da caída da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), Cruz Gallástegui (da Misión Biolóxica) e Juan López Suárez (da Junta de Ampliación de Estudios), elaboraron un completo Plan de Organización dos Servizos Agronómicos en Galicia, alternativo ao estatal, aínda que contando cos seus centros, na idea de crear un auténtico sistema de innovación autónomo. Esta proposta consideraba explicitamente a organización duns servizos propios a partir da reorganización dos do Estado que xa había e a creación de novos centros, como aparecía na proposta de Hernández Robredo. A dirección do conxunto da rede asignábaselle a un «Padroado dos Servizos Agropecuarios de Galicia», do que dependerían a rede galega de centros de experimentación e demostración existentes e os de nova creación que se deseñaban. Un dos obxectivos do cadro proposto era garantir o adecuado apoio científico ás liñas de especialización máis decisivas que estaban a desenvolverse no sistema agropecuario galego.

O Plan de Gallástegui e López Suárez (máis coñecido como Xan de Forcados) non era un deseño formal, senón estratéxico. Foi o instrumento de referencia para desenvolver un sistema de innovación en Galicia no período republicano e as súas propostas seguiron sendo referencia durante as décadas posteriores. Era a expresión das prioridades políticas respecto do agro e do mundo rural galego daquela e reflectía tamén, na súa modernidade europea, un estado da cuestión no país. Con criterios semellantes aos descritos, en 1933 un goberno republicano creou o Instituto de Investigacións Agronómicas (IIA) estatal, como sistema coordinado con especialización sectorial e funcional que impulsou a estrutura institucional da innovación, abrindo camiño a unha efectiva dirección científica da innovación.

A proposta Gallástegui-López Suárez materializouse formalmente en moitos dos seus aspectos, pese a que a demora da tramitación do Estatuto de autonomía de Galicia até 1936 impediu que un goberno autónomo puidese impulsar e desenvolver esta estrutura institucional máis amplamente. Logo, o golpe militar de xullo de

1936, a guerra e a posterior ditadura, amais de frustrar os proxectos que impulsaba o Plan, cortaron de raíz os beneficios dun proceso acumulativo marcado por seis décadas de experiencias, avances e innovacións agrícolas e gandeiras que facían de Galicia un país netamente europeo.

Esta estrutura institucional da innovación tiña o seu equivalente nas condicións dunha sociedade civil que favorecía as innovacións e o cambio técnico. Son moitas as investigacións, de Manuel Anxo Rosende, Alberte Martínez, Amancio Liñares, Andrés Domínguez, Miguel Cabo ou quen isto escribe, que poñen en evidencia o activo papel que desempeñaron sociedades e sindicatos agrarios na aplicación ao longo do territorio de innovacións fertilizantes, mecánicas e biolóxicas. Innovacións orientadas polos labregos na medida das súas necesidades, nun proceso de cocreación tecnolóxica entre os expertos do sistema tecnocientífico e os labregos da sociedade civil articulada.

Importa salientar que as innovacións incorporadas nese período polas explotacións buscaban mellorar a produción, pero non modifican substancialmente as características do sistema agrario dominante, porque atendían a lóxicas produtivas e reprodutivas das casas labregas, ao marco produtivo orgánico e ao forte marco comunitario das aldeas. En coherencia con esas lóxicas históricas, as innovacións seleccionadas respondían basicamente a tres orientacións:

a) aforrar traballo, aliviando as tarefas máis intensivas en traballo a través de novos apeiros e máquinas.
b) avanzar na intensificación por medio de novos fertilizantes, sementes melloradas e prácticas de labranza máis coidadas.
c) ofrecer máis e mellores produtos aos mercados, especialmente grazas ás melloras gandeiras.

No modelo produtivo dominaron as innovacións biolóxicas até que no tempo da I guerra mundial se abriu o oco ás innovacións mecánicas para a preparación de cultivos e produtos. A explicación hai que buscala no inicio dunha produción española a prezos máis accesibles, nun novo catálogo de maquinaria adaptado ás necesidades da pequena explotación e no incremento da demanda

de produtos agrarios por parte dos países contendentes. Antes da fiestra de oportunidades que abriu a conxuntura bélica, a importación a prezos elevados de artefactos pouco axeitados ás necesidades da pequena produción definía un marco desfavorable ás innovacións en maquinaria e trebellos na explotación familiar atlántica peninsular.

Balance e resultados da innovación labrega no tempo da segunda industrialización

En resumo, e desde o punto de vista labrego, as importantes transformacións ocorridas entre 1880 e 1940 podemos sintetizalas nos seguintes aspectos:

a) a terra para quen a traballa, pola vía da propietarización campesiña da maioría das terras de cultivo e de amplos espazos de monte.
b) a intensificación da agricultura orgánica, coa eliminación do barbeito, a introdución de cambios nos cultivos, de rotacións con orientación pecuaria e as melloras na fertilización.
c) as vendas en común da man de sociedades e cooperativas no contexto dunha maior integración no mercado interior das producións agropecuarias.
d) unha innovación tecnolóxica de dimensión labrega: tipo e a cantidade de fertilizantes comerciais, máquinas agrícolas ou a selección de sementes indican o obxectivo de mellorar e incrementar a produción na medida das necesidades das casas labregas.
e) a creación dunha estrutura institucional de experimentación fomentada polo Estado e a sociedade civil que, en última instancia, funcionaba a beneficio dos cultivadores, do progreso e a especialización agrícola-gandeira do país en chave europea.

Toda esta xeira de mudanzas reflectiranse en Galicia nunhas taxas de crecemento da produtividade da terra e do traballo que, na altura, eran moi superiores ás da media española e que poñen de

manifesto que, segundo todos os indicadores manexados, neste período a agricultura galega mellorou amplamente a súa posición no conxunto da española (cadros 9, 10). Despois de 1939, a política de autarquía emprendida pola ditadura, xunto ao seu illamento internacional tras o remate da II guerra mundial, cortarían de raíz os beneficios económicos e sociais derivados das transformacións emprendidas nas décadas anteriores, os niveis de produción e produtividade acadados caeron e ficaron estancados durante décadas. As tendencias previas sufriron un corte radical despois da guerra. Haberá que agardar un cuarto de século a que, a mediados da década de 1960, as mudanzas no agro volvan rexurdir, pero sen ningunha continuidade co esplendor da fase anterior a 1936 e nunhas condicións moi diferentes ás daquela época, pola destrución do movemento agrarista e coa falta de liberdade propia dunha economía intervida pola ditadura. As transformacións da xeira que vai da crise finisecular á guerra mundial e que coincide coa segunda onda da industrialización ficou coutada en Galicia na forma e no fondo.

Cadro 7. Produtividade do traballo. Taxas de crecemento acumulativo anual (en %)

	Galicia	España
1900-1910	4,4	1,0
1910-1922	2,0	2,7
1922-1931	3,7	2,6
1900-1931	3,3	2,1

Fonte: Soto (2006).

En relación con algúns dos indicadores das pautas de cambio tecnolóxico, entre 1900 e 1930, Galicia colocouse nunha posición destacada no conxunto estatal.

Cadro 8. Factores de produción. Taxas de crecemento acumulativo 1900-1930 (en %)

Taxas de crecemento acumulativo. Porcentaxe dos factores de produción					
Prod. agrario/ Sup. produtiva		**Prod. agrícola/ Sup. cultivada**		**Prod. agrario/ AAM**	
Galicia	2,3	Galicia	3,2	Madrid	3,7
Baleares	2,3	Cantabria	2,6	Baleares	3,2
Cataluña	1,6	Asturias	2,5	Galicia	3,1
Navarra	1,5	Madrid	2,0	Cataluña	2,5
Estremadura	1,4	Andalucía Oc.	1,4	Asturias	2,3
España	1,2	Baleares	1,3	Cantabria	2,2
Madrid	1,2	Navarra	0,9	Castela e L.	2,2
Castela e L.	1,2	C. Valenciana	0,9	C. Valenciana	2,0
C. Valenciana	1,2	A Rioxa	0,8	País Vasco	1,9
Andalucía Or.	1,2	Castela e L.	0,8	Estremadura	1,9
Andalucía Oc.	1,0	España	0,7	Navarra	1,9
Castela a M.	1,0	Cataluña	0,7	España	1,9
Asturias	0,8	País Vasco	0,6	Murcia	1,9
Cantabria	0,7	Andalucía Or.	0,3	Andalucía Or.	1,4
País Vasco	0,7	Murcia	0,2	A Rioxa	1,3
Murcia	0,6	Aragón	0,1	Aragón	1,2
Aragón	0,4	Estremadura	0,0	Castela a M.	1,0
A Rioxa	0,1	Castela a M.	0,0	Andalucía Oc.	0,8

Fonte: Soto (2006).

Nos cambios de produtividade da terra Galicia situouse en 4.ª posición, tanto no indicador que relaciona a produción agraria (agricola, gandeira e forestal) coa superficie produtiva como no de produción agrícola respecto da superficie cultivada. En relación aos cambios na produtividade do traballo, a posición de Galicia baixa ao posto 12 entre 17.

Entre 1900 e 1931, as taxas de crecemento acumulativo anual de produtividade da terra en Galicia sitúanse nun 2,5%, fronte ao 1,6 de España. Estes incrementos de produtividade da terra explícanse pola combinación complexa de varios tipos de innovacións, con preferencia das biolóxicas: á intensificación nas rotacións, coa incorporación de leguminosas subministradoras de nitróxeno, súmanse labores máis coidados favorecidos polas innovacións mecánicas, a maior eficacia na loita contra as pragas e a mellora na selección de sementes dos principais cultivos. Nestes dous últimos aspectos tiveron unha influencia destacada a Granxa Experimental e mais a Misión Biolóxica, esta última pioneira no continente europeo na obtención de millos híbridos, baixo a dirección de Cruz Gallástegui (1921). Os avances na intensificación dos cultivos naquel tempo, aínda no marco orgánico, tamén teñen relación co xa citado emprego de adubos fosfatados axeitados aos solos e produción atlánticas.

As melloras de produtividade conseguidas entre 1890 e 1935 no cultivo do trigo e do millo, poñamos por caso, son testemuño dos beneficios do proceso innovador coutado no franquismo (cadro 9).

Cadro 9. Rendementos do millo e do trigo en Galicia, 1899-1935 (en quintais por hectárea)

Anos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Millo					
1899	11,4	3,8	11,8	19,4	13,7
1915	12,7	12,3	24,8	20,8	17,1

1925	10,2	7,5	18,5	21,2	15,2
1935	15	18	15,7	16,8	16,2
Trigo					
1899	6,3	14,6	13,1	13,7	6,9
1915	10,9	16,1	16,2	14,1	12,3
1925	14,1	16,2	19,1	16,2	14,9
1935	14	13	14	18,1	13,8

Fonte: Elaboración propia segundo datos de Soto (2003).

Os cambios tecnolóxicos con efectos estruturais caracterízanse por procesos de encadeamento de innovacións, algunhas das deste período enténdese mellor encadeadas a outras. Tal é o caso da malla do cereal, que, como xa vimos, foi un ámbito preferente da mecanización en Galicia antes de 1940, por diante das rexións cerealeiras españolas, e que nos permite explicar as lóxicas daquela innovación labrega. A incorporación masiva de máquinas de mallar procuraba aforro de traballo propio, de tempo para dedicar ás novas necesidades da especialización gandeira (recollida da herba seca), minimizaba as perdas de colleita por choivas inesperadas e melloraba a calidade do produto final. Nunha quenda lóxica, garantía o pan para a casa antes de asegurar a forraxe do gando destinado ao mercado.

Pola súa banda, as melloras gandeiras permiten tamén describir e entender a dirección dos cambios técnicos emprendidos neses anos, a través dun encadeamento de innovacións que explican o incremento experimentado pola produción pecuaria, que duplicou o seu valor entre 1900 e 1930 (cadro 10), algo que non se consegue sen un aumento previo da produción de forraxes para alimentar o gando, o cal á súa vez ten que ser garantido por unha mellor e maior fertilización –orgánica e químico/mineral– e por un cultivo de variedades seleccionadas e mesturas pratenses máis produtivas, nun

marco de intensificación do complexo de rotacións. E iso sen esquecer outras melloras gandeiras específicas, como as conseguidas no eido da estabulación, da sanidade pecuaria, do control de andazos, da xenética das especies para garantir nais con máis partos, exemplares máis vigorosos…

Cadro 10. Incremento dos continxentes pecuarios de Galicia (n.º cabezas)

Gando	1906	1933
Vacún	531.483	1.119.659
Porcino	305.077	1.214.320
Ovino	411.955	741.290
Cabalar	46.125	61.964

Fonte: GEHR (1991), *Estadísticas históricas de la produción agraria española*, 1859-1935, Mapa, Madrid (1991); Soto (2002).

Estes datos de evolución da cabana gandeira expresan o vigor cuantitativo que sustenta a comentada mellora cualitativa.

Entre todas as innovacións autóctonas do período, a creación dunha nova raza vacúa galega mellorada é posiblemente a máis destacada, polo seu efecto tractor na economía das casas labregas, tamén porque exemplifica ben o fundamento técnico-empírico da maioría das innovacións e a colaboración entre coñecementos expertos: o científico de enxeñeiros e veterinarios e o empírico dos labregos. A solución non foi improvisada, senón que resultou dun amplo debate público sobre os males da gandería galega, a causa do corte do mercado británico, que se estendeu de 1890 a 1915 na procura dunha raza mellorada que superase a *dexeneración* das autóctonas. O acordo era claro sobre que esa mellora debía garantir a aptitude mixta que tiñan as razas do país (carne, leite, traballo)

que respondía ás necesidades das casas labregas convencionais: produción para o mercado, alimentación local, forza de enerxía para os labores agrícolas e o transporte. A que remataría por ser coñecida como rubia galega foi resultado de procesos de selección en pureza de exemplares do país das coñecidas teixas e marelas. Aínda que desde 1904 a Granxa da Coruña e as súas estacións e campos promoveron cruzamentos con bois suízos, de razas Simmental e ocasionalmente parda alpina, Diego Conde demostrou que a mellora se sustentou na selección en pureza dos mellores exemplares, a instalación de paradas de sementais e a creación de libros xenealóxicos para o seguimento das liñas. O sistema de concursos de gando, organizados en vilas e aldeas polas sociedades agrarias coa colaboración de veterinarios como Juan Rof Codina, foi decisivo neste modelo para crear unha cultura da selección baseada en sistemas e instrumentos de medición das características morfotípicas dos exemplares, cartóns de anotación, libros xenealóxicos etc. A colaboración entre técnicos e agrarismo desenvolveu esta vía –que podemos denominar paisana– de innovación zootécnica. Os concursos foron –como en toda Europa– espazos privilexiados de confluencia de saberes e intereses entre os labregos e os técnicos. Complementariamente, as sociedades agrarias contrataban directamente veterinarios á vez que, a partir da última década do século XIX, perfeccionaban e ampliaban o sistema de seguros mutuos para o gando.

O resultado foi unha raza bovina máis produtiva, cun aumento do peso medio, do rendemento leiteiro e, sobre todo, mellor rendemento cárnico (un 30%), ao que se suma unha maior fertilidade das nais, que se traduce en máis crías para o mercado. Neste logro conectáronse os intereses labregos, que tiñan no abasto da crecente demanda de xatos a máis rendible vía de relación co mercado e principal ingreso da casa, o sistema institucional da innovación e as políticas agrarias. A resposta exemplifica elocuentemente a capacidade de adaptación da agricultura galega ás novas esixencias do mercado. No caso do porcino, a aposta dos técnicos centrouse no cruzamento de exemplares do país con Large

White; a Misión Biolóxica de Galicia estableceu en Pontevedra a segunda parada máis antiga desta raza no mundo.

Explicar o cambio social agrario neste período require atender aos resultados dun proceso de innovación tecno-social, que podemos denominar labrego ou paisano, que combina procesos endóxenos de innovación tecnolóxica e organización social, nun marco histórico caracterizado polo predominio labrego, social e político, un predominio cuantitativa e cualitativamente hexemónico.

Entre 1890 e 1936, materializouse unha xeira de mudanzas tecnolóxicas e económicas que tiveron como protagonistas as explotacións labregas. A mobilización do campesiñado para lograr a plena propiedade, que no marco liberal lles aseguraba o dominio das terras que traballaban, foi un factor decisivo para os labregos aproveitar e controlar ao seu favor os cambios tecnolóxicos do período. Do mesmo xeito en que ameceron o efecto negativo que puideron ter para os campesiños as reformas liberais ao longo do século XIX, conseguiron agora controlar a mudanza técnica, crucial no desenvolvemento das economías capitalistas, e beneficiarse da primeira onda de innovacións aplicables e practicables nas agriculturas europeas de pequena explotación despois da crise finisecular. Como noutros territorios europeos, foi este novo pequeno produtor parcelario, recentemente afirmado, quen conduciu socialmente a transformación da estrutura produtiva agraria e a especialización gandeira característica da primeira parte do século XX. Fixérono preferentemente asociados nunha miríade de sindicatos e sociedades agrarias que foron ao tempo instrumento de adaptación produtiva e síntoma de adaptación social para ocupar unha posición propia no seo da moderna sociedade civil. Constátase así unha relación entre mobilización antiforal campesiña e innovación social e económica labrega que achegou ao mundo labrego unha posición de preeminencia política no marco liberal democrático entre 1900 e 1936.

Como consecuencia dese proceso, recursos, expectativas e capacidades ocupadas secularmente en asegurar as terras da casa e da aldea e, coa revolución liberal do século XIX, na propietarización puideron ser canalizadas cara á innovación coincidindo coa segunda

onda da industrialización e a conformación do mercado nacional. Desde finais do século XIX a compra e redención de rendas forais foi coincidente e compatible con aquel dinamismo tecnolóxico, mercantil e social.

Máis que sardiñas: industria, servizos e redes urbanas

Entre as décadas de 1880 e 1930, Galicia coñeceu unha etapa expansiva da súa economía no seo da cal, e en palabras de Xoán Carmona, foille posible ofrecer a súa particular versión da Revolución Industrial no marco do desenvolvemento da segunda onda da industrialización europea. Boa parte dos avances producidos neste eido concentráronse arredor das actividades marítimas, onde se rexistrou un espectacular desenvolvemento das actividades pesqueiras, a formación dun sector fabril conserveiro moderno, a aparición de novos estaleiros e dun conxunto de talleres e industrias asociadas que contribuíron á expansión do emprego industrial. Neste contexto, e como pasara no rural, o país adaptou a súa economía con eficacia e rapidez ás novas posibilidades que abría a tardía chegada do ferrocarril, que desde 1883 conectaría o noroeste co mercado interior español, avanzándose deste xeito nunha nova inserción exterior da economía galega.

A segunda industrialización tivo o motor de explosión, a luz eléctrica e os novos sistemas de comunicación –teléfono, radio…– como tractores tecnolóxicos distintivos, os cales a vincularon socialmente ás principais cidades galegas e ás redes urbanas vilegas potencialmente conectables. Así pois, e a respecto de finais do século XVIII, na Galicia da altura medrou e irá adquirindo máis consistencia demográfica, máis visibilidade, o mundo das vilas, sobre todo aquelas que amosaban unha clara diversidade na súa estrutura ocupacional, posuían un pequeno núcleo urbano cun nivel de edificación relativamente denso e desempeñaban funcións de natureza político-administrativa da súa contorna. En paralelo, tamén medrou o número de cidades de máis de 10 000 habitantes, nas que agora aparecían compañías de servizos urbanos e industriais, novos

sectores dedicados á xeración de electricidade e ao transporte urbano e interurbano (mapa 6). Grazas a estas actividades, a partir de 1900 empezou a superarse o localismo do sistema bancario galaico –vinculado até entón ao comercio de praza– coa creación de bancos máis dimensionados e implicados nas novas áreas de negocio. Aquela industrialización, acompañada dunha xeira de importantes transformacións en todos os sectores (comercial, bancario, transportes, agrario…) cambiaría de torna no contexto que abrirá o golpe militar de 1936.

Mapa 6. Expansión do sistema urbano galego, 1787-1900



Fonte: Dubert (2017).

De forma convencional, esta evolución e ruptura a respecto do pasado pode verse nas mudanzas que experimentou a evolución da poboación activa, na cal se rexistra a partir de 1900 un descenso da ocupación agraria, mal compensado até os anos 1920 pola industria e os servizos, sectores que nesa década duplicaron a súa importancia, ao pasar, respectivamente, do 10% ao 20% do total e

do 7% ao 14% do total (gráfico 4). A maiores, debe terse en conta que o abandono da ocupación agraria anterior a 1900, e parte do posterior, fora absorbido pola emigración transoceánica. O proceso do primeiro terzo do século XX foi coutado e alterado nas tres décadas posteriores á guerra, período en que a poboación activa agraria volveu medrar até 1961, recreando unha longa e inesperada dinámica de reruralización que culminará nunha tardía e abrupta desagrarización que desde hai sesenta anos contribúe a esaxerar a falsa conciencia contemporánea de «atraso económico e social» de Galicia.

Gráfico 4. Poboación activa por sectores, 1900-1991 (valores absolutos)



Fonte: Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000). Sector I: agricultura e pesca / II: industria / III: servizos

Desde este século XXI no que andamos, cómpre, pois, distinguir con xeito etapas e sectores, e reparar na forzada ruptura que experimentou o período máis dinámico da moderna industrialización galega endóxena (1880-1936), así como as consecuencias socioeconómicas da súa abrupta interrupción.

A industria galega do século XIX non lograra superar os límites tecnolóxicos preindustriais e non incorporara as fontes de enerxía propias da Revolución Industrial, quedando así fóra da primeira onda fabril (1833-1860), aquela que levou territorios peninsulares como Cataluña á cabeza da produción industrial moderna. Nese século, Galicia atravesou –como outros territorios europeos– por unha fase de desindustrialización. O fracaso da industria téxtil baseada no liño cara á década de 1840 e a ausencia de recursos enerxéticos ou de minerais básicos para a primeira industrialización debuxaron un país sustentado case en exclusiva nas actividades desenvoltas polo sector primario, cunha vía de escape ás súas limitacións nunha forte emigración e no amparo dos seus retornos. Segundo Xoán Carmona, a opción téxtil sería a única capaz de desencadear un proceso industrializador que, actuando como sector líder, promovese a completa transformación da economía galega, mais non foi así. O arrinque dun motor industrial tractor en Galicia deuse noutro sector e na segunda vaga da industrialización a finais do século XIX, cando algunhas cidades da costa atlántica se incorporaron ao proceso fabril a través da pesca, da conserva, dos estaleiros e das súas industrias derivadas.

A industria conserveira, herdeira da vella salgadura, arrinca desde 1880 até converter Galicia na principal produtora de España, aproveitando nisto a crise coetánea que se desenvolvía en Bretaña, a súa principal competidora atlántica. Sen a capacidade de arrastre do téxtil, a conserva constituíuse, porén, nun polo de desenvolvemento doutras industrias e actividades asociadas, as cales mesmo chegan a ter influencia nas áreas de interior. A este primeiro período corresponde o impulso da construción naval, preferentemente militar, nos estaleiros ferroláns, co resultado ao cabo da aparición do primeiro sector propiamente fabril. Mais, como se verá, outros sectores industriais que viñan de vello e outros que nacían agora tamén tiveron o seu papel neste proceso.

Se volvemos reparar de novo na evolución da poboación ocupada (gráfico 4), veremos que o específico de Galicia non era tanto o comportamento da poboación activa agraria como a dificultade para xerar empregos alternativos no sector industrial e a debilidade

amosada polo desenvolvemento do mundo urbano. O ritmo sostido –e tamén o sentido– da redución da poboación agraria e mais o transvasamento cara a outros sectores nas décadas de 1920 e 1930 foi lento, e, como xa se anotou, interrompeuse e inverteuse en 1936 até 1960: por cada 100 persoas traballando a terra en 1900, había 80 en 1930, pero 125 en 1950.

O certo é que non podía haber transvasamento sen unha contorna económica favorable e cunha emigración transatlántica que substituía a capacidade de atracción das cidades próximas. De feito, o ritmo do éxodo agrario cara a elas dependía principalmente da creación de empregos alternativos na propia economía rexional, o que non acontece en Galicia máis que no curto período de entreguerras, entre a I guerra mundial e a guerra de España, cando se pon de manifesto como as cidades galegas tiñan un impacto máis comarcal que nacional, non moi diferente do da rede de vilas. Así, nun ámbito caracterizado por unha xerarquía urbana plural, a rede urbana galega cumpre un papel máis articulador que xerarquizador do territorio (mapa 4). Mostra diso é que en 1900 ningunha cidade chegaba aos cen mil habitantes e en 1940 só A Coruña e Vigo os superaban, agrupando escasamente o 10% da poboación galega, cando no conxunto de España as cidades dese rango reunían case que o 20%, asunto sobre o que teñen chamado a atención Edelmiro López Iglesias, Xaquín Fernández Leiceaga ou Isidro Dubert. As tecnoloxías de transporte e comunicacións da segunda onda da industrialización foron moi acaídas para comunicar, fortalecer e dar novo sentido a esa rede de pequenas cidades e vilas, compensando a ausencia dunha cidade xerarquicamente dominante para favorecer unha estrutura urbana máis parecida á dos Países Baixos que á do sur do Douro peninsular.

As grandes urbes dos galegos eran outras, as americanas: Buenos Aires, Montevideo, La Habana, cando menos até alén de 1950. Elas concentraban, en especial a primeira, máis poboación galega que ningunha cidade da Galicia europea e foron elas as que contribuíron a difundir, aquí, na terra, as novas pautas sociais, tecnolóxicas ou culturais da modernidade, moito máis que ningún outro enclave europeo, agás quizais Lisboa e Madrid.

As industrias do mar: pesca, conservas, estaleiros

As industrias marítimas foron as que mellor desenvolveron no século XIX o proceso de especialización industrial en Galicia. A partir da década de 1880, o salto adiante nesta orientación foi acompañado dunha especialización territorial, vinculada principalmente á ría de Vigo, centro dunha frota pesqueira crecente e innovadora e dunha industria conserveira moderna que, unidas á construción naval, crearon na contorna todo un complexo de industrias centrais e derivadas. Estaleiros que, de facer botes, lanchas e barcos de vela, pasaron a construír buques de vapor, e que logo montaron neles motores diésel, dimensionados a partir dos anos vinte para faenar no Gran Sol e en Terra Nova; e industrias e obradoiros metalúrxicos, de construcións mecánicas e de carpintería de ribeira, asociados todos eles ao naval e á conserva.

A pesca e a industria conserveira desenvolveron, ademais, importantes compañías asociadas, relacionadas coa estampación e a litografía, fábricas de xeo para garantir a conservación do produto nas longas mareas, serradoiros para as caixas do peixe e outros subsectores. A dimensión deste nacente tecido industrial afectou ao manexo do territorio. Por exemplo, o aumento das necesidades de madeira intensificou as plantacións de piñeiro, do mesmo xeito que as cortizas utilizadas para a flotabilidade das redes estendeu a esmerada plantación local de sobreiras, da que aínda fican mostras nas aldeas da Barbanza.

O aproveitamento dos ricos caladoiros das rías foi crucial na industrialización da Galicia atlántica. Pesca, conserva e construción naval formaron con ese alicerce unha matriz central. Os intereses que se movían arredor do porto de Vigo aproveitaron, desde 1880, as oportunidades para fornecer de produtos do mar ao mercado español, coetaneamente unido polo ferrocarril, o cal demandaba peixe fresco ou, dito doutro modo, ao que os portos do norte peninsular lle aprenderon a comer peixe fresco. Como en toda Europa, as cidades en crecemento demandaban alimento barato e abundante para o abastecemento das clases traballadoras. Os tipos de alimentos, os axentes responsables de subministralo e as formas

de facelo deron lugar a iniciativas, cadeas alimentarias e hábitos de alimentación con historias diferentes. Ao tempo que a pesca aumentaba a súa capacidade de faena e captura, desenvolveuse unha industria conserveira que aproveitou as crecentes necesidades de peixe dun mercado mundial en expansión, e que foi moi oportunamente favorecida pola conxuntura de crise da industria bretoa na década de 1880. A chamada periferia sobordaba agora o denominado mercado interior.

Para garantir o abastecemento de peixe –a oferta–, foi precisa a transformación da forza de tracción dos barcos e tamén das técnicas pesqueiras. O uso do vapor, en progresiva substitución da vela e o remo, adoitas para a pesca nas rías e no litoral, foi a vía para conformar unha frota moderna que converteu Vigo no primeiro porto español neste tipo de buques, tanto para a pesca de consumo en fresco –pescada, ollomol…– como para a de sardiña con destino á conserva. Neste camiño de modernidade e adaptación, o principal reto na pesca da sardiña deuse cando os cardumes desapareceron das rías, entre 1909 e 1912, e houbo que ila buscar máis lonxe. Despois da guerra europea –que afastou o peixe dos seus bancos naturais pola guerra naval e aumentou exponencialmente a súa demanda para o abastecemento de frontes e retagardas–, deuse a grande expansión da frota, lográndose en 1920 o máximo de tonelaxe inscrito ao longo de todo o primeiro terzo do século xx. Esa expansión caracterizouse por un aumento do arqueo dos vapores matriculados, perdendo pulo os de menor tonelaxe, o que significou un incremento da eficiencia industrial, que, segundo a repetida sentenza de Valentín Paz Andrade, «aumenta máis que en relación co número de unidades, en proporción ao número das dotadas de gran potencia que entran na composición da frota».

A introdución do vapor fora seguida, desde 1900, dos necesarios cambios nos aparellos, substituíndo as artes de anzol pola pesca de arrastre, en resposta a unha demanda urbana de peixe fresco en aumento e á necesidade de abastecer os mercados do interior peninsular. Estes cambios nas técnicas pesqueiras tamén afectaron á captura de especies peláxicas que, como a sardiña, nutrían de modo específico a industria conserveira. De xeitos e xávegas pasouse

nestas décadas a modernos barcos de cerco guiados por traíñas, novas lanchas que permitían ampliar as áreas e o tempo de pesca.

Segundo Xesús Giráldez, o mellor historiador galego da pesca contemporánea, pódese estimar que a nosa produción pesqueira medrou naquel contexto de transformación ao considerable ritmo dun 50% por década, de maneira que o peixe capturado en 1921 multiplicara por seis as descargas feitas nos peiraos en 1883. Un crecemento que pasou por diferentes fases, como se pode apreciar no cadro 11, en función, primeiro, da dispoñibilidade das capturas e, segundo, da capacidade da frota para procuralas. A rápida expansión na década de 1910 freouse nos anos previos á gran guerra europea, cando as sardiñas desapareceron das rías, para recuperarse durante o conflito cun forte incremento das capturas, duplicando en 1920 as cifras de 1914. A crise posbélica repercutiu tardiamente na pesca marítima pero a produción descendeu até tocar fondo en 1927; porén, a media do volume anual de capturas de 1922-1932 sostívose nas 100 000 toneladas, duplicando as do período anterior a 1918. Despois de 1928, os desembarcos medraron xa sen interrupción até 1936.

Cadro 11. Evolución da produción pesqueira galega e comparación coa española (1883-1934)

Anos	tms.	1908 = 100	Galicia % España	Miles pts.	1908 = 100	Galicia % España
1883	23.716	41	34,5	8.932	41	2,5
1909	58.423	103	50,5	24.031	109	41,0
1919	114.189	201	35,5	87.868	400	36,5
1929	92.307	163	32,5	91.312	415	31,0
1934	139.641	246	36,0	80.190	365	23,0

Fonte: Elaborado a partir de Giráldez (1996). (En pesetas de 1913.)

O valor das capturas acredita a importancia da produción pesqueira e o seu papel pioneiro a nivel peninsular. Se durante todo o período as porcentaxes desa produción expresada en toneladas ou en diñeiro apenas variaron, é obvio que ambas son significativamente máis elevadas nas dúas primeiras décadas do século. Por outra banda, entre 1883 e 1934, Galicia achegou unha media anual do 39% e do 32% do valor total das capturas españolas. A diferenza da achega galega ao conxunto español, segundo se mida en toneladas de peixe ou en miles de pesetas, está relacionada co baixo prezo da sardiña, que, por ser a base da industria conserveira, tivo en Galicia un peso decisivo no conxunto das capturas; polo mesmo, a súa abundancia foi o elemento que tirou de todo o sector industrial.

Cadro 12. Evolución do esforzo pesqueiro en Galicia (1883-1934)

	Valor dos barcos			Número de mariñeiros ocupados		
Anos	**Miles pts.**	**1908 = 100**	**Galicia % España**	**Galicia**	**1908 = 100**	**Galicia % España**
1883	6.381	40	32,0	29.235	84	44,0
1909	17.057	106	50,5	34.565	100	32,5
1919	42.479	263	56,5			
1929				41.612	120	33,0
1934	37.647	233	27,5	64.872	187	39,5

Fonte: Elaborado a partir de Giráldez (1996). (En pesetas de 1913.)

O descenso da participación da pesca galega no conxunto español a partir dos anos vinte resulta enganoso (cadro 12), coincide coa expansión pesqueira cara a outras zonas costeiras españolas, pero

agocha o aumento das descargas de barcos galegos en portos situados fóra de Galicia e a migración de boa parte da frota de altura cara ao golfo de Biscaia-Gran Sol e Cádiz-Atlántico africano. Resulta salientable que o importante crecemento da produción pesqueira española do primeiro terzo do século xx, amais de ser protagonizado en parte pola frota galega noutros portos, non reduciu o peso da pesca galega, consolidando historicamente Galicia como principal fornecedor de peixe do Estado. A súa potencia pesqueira no conxunto español tiña o seu equivalente no capital investido e no volume de man de obra masculina ocupada.

Quen facía o traballo do mar? Non só os mariñeiros. No padrón de Bueu, os homes rexistrados na pesca e na conserva pasaron entre 1870 e 1924 do 23% ao 48%, e os ocupados como labregos foron no mesmo tempo do 26% ao 2%. Mais, segundo Luísa Muñoz Abeledo, a man de obra feminina, esencial na industria da conserva, foino tamén na pesca, impracticable sen a existencia de mulleres estibadoras, redeiras, mariscadoras a pé e peixeiras. Os rexistros estatísticos e contables, feitos nun contexto histórico claramente patriarcal, agochan, desvalorizan e desfiguran as achegas do traballo destas mulleres, as cales, á vez que atendían o mar, se ocupaban de atender os predios e as facendas, como facían moitos mariñeiros, aínda que, na división sexual do traballo imperante na altura, o mar era dos homes e a terra das mulleres. Amais de todo o anterior, a lóxica da pluriactividade asignáballes a elas o coidado da casa, a crianza dos fillos e a atención dos maiores. Ao respecto, o amentado Xesús Giráldez chama a atención sobre como feminizar o traballo e situar fóra do mercado laboral a parte correspondente á súa reprodución contribuía a reducir os custos laborais, o que, obviamente, beneficiaba os empresarios. Pódese dicir que a competitividade global do sistema pesqueiro galego debeu moito e sustentouse tamén na sobreexplotación e na autoexplotación do traballo das mulleres nas fábricas e na casa. Elas eran o auténtico «proletariado simbiótico» do que tanto se ten falado.

Ao longo deste período, os portos das Rías Baixas concentraron o 60% das capturas da frota galega, quedando o resto para os do norte. Foron sobre todo Vigo e A Coruña os que tenderon a agrupar

o groso da produción pesqueira, consolidándose o segundo como un importante abastecedor de peixe branco de mesa, de maior valor en lonxa, que o desembarcado en Vigo, onde predominou maiormente o peixe azul, destinado á industria transformadora. Os datos dispoñibles –desde 1925– sinalan igualmente un crecemento do volume de descargas de marisco (crustáceos e moluscos), cuxo valor monetario medrou, á vez que o seu aprecio social naqueles «anos tolos» e consumistas de extensión do luxo. En conxunto, o crecemento vigués foi superior ao coruñés. Comparando o quinquenio de 1910-1914 co de 1930-1934, comprobamos que os desembarcos se multiplicaron por 2,5 en Vigo, por 2 en Galicia e por 1,5 na Coruña, mentres que o valor das descargas se cuadriplicou en Vigo, polo incremento das capturas de pescada e ollomol, e se reduciu un terzo no porto coruñés. Segundo as series reconstruídas por Xesús Giraldez, o dinamismo vigués –asociado á conserva e centro motor das Rías Baixas– aseguroulle a esta cidade o papel de verdadeiro líder no desenvolvemento do sector.

A industria da conserva, motor do complexo marítimo

A fábrica de conservas herméticas dos irmáns Curbera en Chapela, en 1861, e a de Manuel Goday na illa de Arousa, en 1879, son adoito referidas pola historiografía como o fito chave no comezo da moderna industria conserveira galega. Barreras en Bouzas e Santodomingo en Guixar continuaron ese despegue, facendo dela o principal motor do desenvolvemento –por embaixo– do moderno sector pesqueiro galego e –por arriba– dun sector industrial asociado.

Das seis fábricas de 1883 pasouse en 1905 ás 82 que enlataban o 59% da produción española, o 90% da cal ía destinada á exportación. A lenda Vigo-España, cuñada nas latas converteuse nun sinal de identidade e calidade nos mercados exteriores e de orgullo galego. O porto de Vigo, onde xa estaba activo o Cable inglés e as compañías navieiras transatlánticas recollían emigrantes cara a América, adquirira en 1880 a categoría de primeira clase, o que

facilitou a importación da folla de lata, a exportación das conservas e favoreceu o desenvolvemento de casas consignatarias, axencias aseguradoras, aduanas e demais negocios asociados a un gran porto atlántico europeo en expansión. A partir de 1929 unha parte cada vez máis importante da produción pasou a cubrir tamén as necesidades do mercado interior español. Nesta liña, entre 1900 e 1935 a industria conserveira galega multiplicou por sete a súa capacidade de produción.

Gráfico 5. Evolución das exportacións e da produción de conservas de peixe de Galicia (1900-1936)



Fonte: Carmona e Nadal (2005).

Cadro 13. Número de fábricas de conservas alimentarias (carne e peixe) en España

	1879	1900	1910
Galicia	7	36	81
Asturias	9	20	20

Cantabria	13	55	21
País Vasco	7	10	15
Andalucía Occidental	1	10	26
Total España	36	131	163

Fonte: Elaboración a partir dos datos de Carmona e Nadal (2005).

A previa especialización das manufacturas de salgadura permitira que na década de 1880 os empresarios galegos aproveitasen as oportunidades derivadas da crise do sector conserveiro bretón cando as sardiñas desapareceron daquelas cotas (1882-1887). En calquera caso, foi preciso ademais superar algúns obstáculos que impediran até entón o salto das salgadura a unha industria conserveira moderna. Algo que se logrou daquela grazas a subministracións suficientes de aceite andaluz axeitadamente refinado e a partidas de folla de lata obtidas a prezos aceptables, debido neste caso á redución dos aranceis que pesaban sobre ela e ao desenvolvemento da fabricación biscaíña deste produto. O aproveitamento integral destas oportunidades naquela conxuntura, e sempre sobre a base dunha sólida cultura mariñeira, de factoría artesá, da existencia de redes de transporte e da necesaria experiencia comercial, explican este arrinque industrial moderno, proxectado no tempo nese crecemento sostido da conserva de peixe galega fronte aos competidores doutros territorios do Estado entre 1880 e 1910 (cadro 13).

Vigo foi a cerna e o motor deste proceso por tres vías:

1º) a alianza entre empresas francesas experimentadas e algunhas novas galegas, como as de Goday, Barreras ou Massó.
2º) a instalación directa de empresas francesas nas rías durante a primeira crise da sardiña bretoa (caso de Ouzille & cía.) e de varias máis (Ramell, Chancerelle…) na segunda (1902-1914).

3º) a creación de oportunidades para a formación de empresas locais, a partir de capitais americanos, como no caso de Santodomingo. Foi así como en 1904 se estableceu xa a Unión de Fabricantes de Conservas de la Ría de Vigo, con medio cento de empresas asentadas na cidade.

Segundo Xoán Carmona, autor de referencia neste tema, esta industria medrou en dúas direccións, aproveitando a forte acumulación que experimentou durante a I guerra mundial. A primeira, ao integrarse verticalmente, de modo que nos anos vinte as principais empresas do sector adquiriron barcos, talleres de industrias auxiliares e incluso estaleiros. A segunda, ao ampliar as áreas de pesca marítima e as da localización das fábricas. Algunhas conserveiras fixéronse con frotas de pesca propias coas que na década de 1920 operaban xa en Andalucía e Portugal. Unha expansión semellante deuse no subsector do marisco, que agora adquire un perfil propio coa construción das primeiras cetarias para crustáceos, en xeral, e para centola e lagosta, en particular.

A industria conserveira desenvolveuse principalmente na ría viguesa ao redor, por unha banda, deses poderosos fabricantes que foron bautizados con tino como *sardiñocracia* e, pola outra, do traballo dunha man de obra maioritariamente feminina e pluriactiva. Na súa expansión, este sector logrou converter esta ría no principal centro da produción galega e española de conservas, destinadas preferentemente á exportación. Máis alén da poderosa concentración viguesa, as fábricas orlaron a beiramar galega, abranguendo principalmente os portos das Rías Baixas, como tamén os portos de Cariño ou Viveiro, no Cantábrico.

Máis aínda que a pesca, a industria conserveira do peixe xerou economías externas para un amplo abano de actividades: a fabricación de envases, a litografía de latas, a elaboración de taboíña para empacar, de pequenas máquinas para a fabricación ou a construción de factorías, almacéns e peiraos asociados. O proceso de abastecemento de materia prima, produción e comercialización da conserva tamén requiría de empresas que desen soporte a novas actividades: axencias de aduanas, aseguradoras, consignatarias,

axencias de movemento portuario, bancos, empresas de transporte e almacenaxe, despachos de avogados… Pola súa banda, Xoán Carmona relaciona a coincidencia da cronoloxía da conserva viguesa coa extensión das redes de gas e eléctrica, a aparición das redes de tranvías e a da moderna construción naval privada.

As máis de cincuenta empresas conserveiras radicadas en Vigo na primeira década do século XX reunían máis de 108 investidores en sociedades colectivas –familiares ou non– ou compañías individuais. Esta estrutura empresarial necesitaba de expertos en construír redes de crédito e asesoramento en diversos aspectos financeiros e fiscais. A forma e organización das compañías requiriu, pois, dun importante apoio legal que lles dese soporte e apoio, mentres que a ambición de entrar nos mercados exteriores precisou de coñecedores de linguas estranxeiras e tradutores. A riqueza producida pola conserva necesitaba exhibirse, e os arquitectos pasaron a formar parte da clase liberal viguesa tirados polo mesmo impulso. Tamén os choferes de automóbiles privados, os de servizo público ou de camións de transporte, os instaladores de telégrafo, teléfono, electricidade etc., apareceron en moi poucos anos neste ecosistema innovador vigués.

A creación da industria conserveira, aproveitar as oportunidades que a fixeron historicamente posible, requiría, desde o punto de vista empresarial, capacidades, experiencias e capitais que viñan de diferentes ámbitos, pero de territorios bastante concretos. Como amosou Carmona, o 67% dos investidores eran galegos, principalmente vigueses (45%), seguidos de ourensáns orixinarios das comarcas situadas entre O Ribeiro e O Carballiño, os cales ían por diante dos individuos procedentes dos sete portos pesqueiros de tradición: A Guarda, Bueu, Sanxenxo, A Pobra, Portosín, Sada e Ares. O restante 33% foron franceses, portugueses, valencianos, cántabros, casteláns, un asturiano, un andaluz e un italiano. A vella ascendencia catalá (18%) estaba presente, entre outros galegos de nación, nos coñecidos apelidos dos Massó, Barreras, Curbera ou Tapias.

Entre 1880 e 1908, triunfar e consolidarse como fabricante na nova industria requiría, ademais de aproveitar oportunidades, superar as posteriores dificultades. A máis importante despois de

tres décadas de expansión do sector foi a escaseza de sardiña rexistrada entre 1909 e 1912 no litoral galego. Sen capturas que envasar para abastecer os amplos mercados interiores e exteriores, algunhas empresas ampliaron as súas redes de compra no sur onubense e gaditano, mentres outras optaron polo bonito do Cantábrico e os moluscos das rías como xeito de diversificar a súa produción. A ampliación e a diversificación foron garantía de resiliente consolidación, pero tamén houbo quebras e abandonos durante esta crise. Axiña, a gran guerra europea de 1914 foi a oportunidade para a entrada de novos negociantes e de converter en riqueza a neutralidade do Goberno español no conflito. Vigo atraeu fabricantes experimentados e tratantes intermediarios de alimentación, algúns deles cun prezado –naquel contexto– coñecemento dos mercados internacionais. Con capacidade de oferta e unha demanda astronómica por parte dos países e imperios contendentes, os prezos disparáronse e as oportunidades de negocio tamén. Albo, Alfageme ou Portanet desembarcaron nesta quenda no negocio da conserva.

As oportunidades atraían agora man de obra –masculina e moita máis feminina– que respondía ás necesidades de especialización coa mesma garantía e capacidade que tiñan os seus patróns. No seu momento, veremos esa man de obra pelexar polo protagonismo social, e mesmo cultural, polo das masas, non dos individuos. Tamén, xaora, ela sufría as crises da pesca nunha posición subordinada, polo que, como algúns patróns quebrados, emigrar foi unha das solucións dos operarios. Igualmente, afrontaba esas crises cos seus propios mecanismos, coas súas «armas dos febles». Non as sociais de resistencia das que falou James C. Scott, senón as da reprodución resiliente. A pluriactividade das casas labradoras das rías serviu de colchón doméstico nas sucesivas crises a unha clase obreira que nos anos setenta do século xx foi definida con xeito como «proletariado simbiótico».

Como xa apuntamos, e como acontece noutras áreas de Europa, o papel das mulleres na transformación do peixe, na extracción, na súa venda e no marisqueo explica, pola súa banda, o desenvolvemento do sector. Mulleres pluriactivas, cuxo traballo non

sempre se recolle nas fontes que historiadoras como Luisa Muñoz Abeledo pescudan en profundidade. Catalogadas moitas veces como xornaleiras, hoxe sabemos que carecían de contratos formais, que eran chamadas cando a actividade o requiría, que traballaban estacionalmente nos almacéns de salga e, con posterioridade a 1880, nas fábricas de conserva. O sucedido na vila de Bueu na altura revela que en 1870 o 30% das mulleres traballaban como labregas, pero que en 1924 xa só eran o 0,2% a consecuencia da súa incorporación ás fábricas, o que fixo que as taxas de actividade feminina neste ámbito laboral fosen de arredor do 80%. Agochadas como labregas nas fontes, non por iso deixaron de ser traballadoras da terra. E aí reside en parte o segredo do negocio conserveiro. Comezaban a traballar de adolescentes, entre os 12 e os 15 anos, incorporábanse masivamente dos 16 aos 20 e continuaban na fábrica até idades avanzadas, moitas veces mentres o corpo aturaba. E, aínda que algunhas abandonaban o traballo ao casar, reincorporábanse logo, por iso as casadas e as viúvas constituían máis do 50% da forza de traballo feminina da conserva de Bueu. Este panorama local, que reflicte bastante ben o sucedido en moitas outras vilas peixeiras e conserveiras da costa galega, complétase coa cobranza duns salarios que, entre 1924-1936, eran un 55%-60% inferiores aos dos homes, segundo estimacións da citada autora.

O traballo das mulleres non se limitaba á conserva, a labranza, a facenda e a casa; no pulo marítimo pesqueiro foron esenciais noutras tarefas asociadas xa citadas, como redeiras e vendedoras, como mariscadoras e secadoras do polbo. Tamén as vemos como estibadoras en todas as fotografías da época, aínda que é menos coñecido que algunhas delas posuían botes, lanchas ou traíñas, ao tempo que eran donas de casas e terras. As mulleres da costa achegaban traballo, pero tamén ingresos en diñeiro á casa, e iso deulles outra posición, certa independencia e mesmo unha cultura propia, diferente á das mulleres do interior.

Unha industrialización marítimo-pesqueira con patrón vigués e pegada ferrolá

No arranque e desenvolvemento das industrias marítimas, a pesca foi o alicerce e a base inescusable, e o motor foi a industria da conserva. Sobre estes piares asentouse o desenvolvemento dos estaleiros e de todo o resto de industrias asociadas.

Pesca e conserva tiveron efectos de arrastre que explican a aparición de toda a gama de industrias asociadas. A máis importante foi a industria naval, que progresou modernamente ao ritmo da demanda de vapores. Neste tipo de barcos especializáronse as factorías viguesas de Barreras e Vulcano, que, xunto ás de Santodomingo e Sanjurjo Badía, se orientaron cara á construción de buques de aceiro de grandes dimensións consonte, a partir dos anos vinte, a actividade pesqueira conquistaba novos e máis afastados caladoiros. O bo funcionamento dos estaleiros requiría de moitas outras producións auxiliares, as cales se atopaban quer na cidade, quer na súa contorna máis inmediata: talleres mecánicos, cordoerías, aparellos, industrias da madeira, subministración de derivados do petróleo, todo tipo de efectos navais, fábricas de xeo, construción de peiraos e espigóns, novos sistemas de transporte terrestre vinculados ao motor de explosión… Pola súa banda, a industria conserveira necesitaba fábricas de envases, obradoiros de estampación para as latas, de aros de goma para o peche sanitario dos envases… Entre elas salientan La Metalúrgica (1907), Alonarti (1921) e La Artística (1923), polo seu nivel de especialización e capacidade tecnolóxica.

Un documental dos anos 20 do cineasta vigués José Gil sobre La Artística, o cal foi encargado pola empresa con fins promocionais, amosa a través dun moderno e ambicioso márketing as características innovadoras do seu proceso produtivo. Nalgunhas fases do proceso de produción que desenvolven estas industrias para as conserveiras, como tratamento de envases ou esterilización, as fábricas viguesas foron, xunto coas norueguesas, e moi por diante das do resto de Europa, as máis innovadoras na mecanización do procesamento e selaxe dos envases. Os avances desa

mecanización ían parellos aos da salubridade do produto, a cal se acomodou neste punto ao novo estándar da *Sanitary Can*, uns logros que explican a rotunda competitividade exportadora da conserva galega.

Polo camiño, Vigo reforzouse como un gran porto comercial e, de forma singular, converteuse nun dos grandes portos de saída da emigración galega e peninsular, seguido nisto polos da Coruña e Vilagarcía. Pero aquí non todo o negocio era local, a diferenza do que aconteceu coa pesca, a conserva e a construción naval; a navegación comercial deu lugar á aparición na cidade dun grupo de comisionistas e consignatarios que traballaron para compañías como a Mala Real Inglesa, a Sud Atlantique ou a Lloyd Norte Alemán de Bremen. Funcionar como un porto de saída de miles de emigrantes tivo outro efecto, visto que co tempo Vigo se converteu nunha cidade que servía de escaparate para os emigrantes retornados. Este foi o caso dos ourensáns García Barbón, que, como moitos outros, investiron as súas grandes –ou pequenas– fortunas a carón dos peiraos que os viran partir. Aquel gran porto do Atlántico tiña tamén que abastecer os buques na súa arribada e para a continuación da travesía, e non só de latas de sardiñas. Así, abríronse outras vías de mercado para estas subministracións continuadas de produtos de alimentación e bebidas.

Na década de 1920, a crise da pesca puxo a proba a capacidade de iniciativa da cidade de Vigo, piramidalmente dependente do peixe que os mariñeiros capturaban nos barcos dos armadores. Síntoma inequívoco desa mala conxuntura foi a quebra financeira que levou ao peche en 1925 do Banco de Vigo, fundado en 1900. O período 1918-1923 preséntase como o intervalo máis dinámico da etapa de crecemento que abrangueu de 1880 a 1925, segundo atinada apreciación realizada por Xosé M. Souto a partir da análise da constitución de sociedades mercantís. Desde que en 1924-1925 a crise tocara fondo, a segunda metade da década sería xa de recomposición.

Como anota Xesús Giráldez, a expansión do sector pesqueiro –que dobrou a súa dimensión entre 1914 e 1920– amosou os seus primeiros síntomas de esgotamento a principios da década dos anos

vinte. O enorme incremento das capturas foi freado pola estreiteza da demanda. O exceso de produción só tería saída en caso de que se mellorase o transporte de peixe e se favorecese así unha ampliación do mercado, algo do que daquela eran conscientes os empresarios do sector, empeñados en conseguir do Goberno un «tren rápido» e, axiña, unha «autovía» que unise a costa viguesa co interior peninsular.

Sexa como for, en 1920 os prezos tocaron teito e nos anos seguintes o crecemento inverteuse, minguando o número de barcos de vapor (gráfico 6). Ao exceso de oferta uniuse agora unha sobrepesca que esgotou os recursos da limitada plataforma continental galega. De aí que entre 1920 e 1925 os desembarcos anuais de sardiña diminuísen até case desaparecer e os de pescada de 1926 fosen só un 4% do total capturado desta especie en 1920. A solución foi a diversificación das capturas, introdución dunha innovación tecnolóxica en todo o proceso e a expansión cara a novos caladoiros. Pasouse entón a desenvolverse a pesca do bocarte (anchoa) e do bonito para a conserva, introducíronse as lanchas ou traíñas de motor de explosión, houbo empresas que se instalaron na costa portuguesa, con base en Setúbal, comezou a pescarse no sur da Península e Marrocos… Mais a recuperación da sardiña ao final da década facilitaría unha rápida e creativa saída da crise.

Gráfico 6. Evolución dos desembarcos de sardiña no porto de Vigo (1906-1936)



Fonte: Carmona e Nadal (2005); Giráldez (1996).

A mesma estratexia aplicouse ás especies de venda en fresco: emprego de barcos de maiores dimensións para chegar a caladoiros afastados, captura de novas especies… Así se explica que desde 1924 os novos vapores acadasen unha media de 100 toneladas de arqueo bruto, duplicando deste xeito o tamaño dos que se viñan empregando até a data, se ben na altura unha parte substantiva dos buques da frota superaban xa as 200 toneladas e tiñan unha maior potencia (por riba dos 200 cabalos de vapor), o que lles permitía ter unha maior capacidade de captura.

Grazas aos novos caladoiros, ás novas especies para conserva e consumo en fresco, á renovación tecnolóxica e ao redimensionamento da frota, a crise foi ficando atrás. E así, a partir de 1927, os novos arrastreiros chegarán cada vez máis ao norte do Atlántico: primeiro aos caladoiros do rico cantil de La Rochelle e despois aos do Mar Céltico e do suroeste de Irlanda (Gran Sol, Petite Sole, Porcupine), uns e outros alleos até entón á frota galega. Nesta tesitura, desde 1928 o sector recuperou o seu ritmo de crecemento, con incrementos trienais próximos ao 40% (gráfico 6).

A saída da crise veu definida, ademais, pola posta en marcha de novas estratexias que implicaron todos os sectores vinculados: a

industria pesqueira, a conserveira, os estaleiros…, xa que en parte estaban integrados verticalmente. Despois de superar dúas crises, o novo rexurdimento económico vigués de finais dos anos vinte baseouse na especialización da pesca en altura e a conservación do peixe en frío. O marisco tamén empezou a ocupar un lugar, sobordando as Rías Baixas para incluír o Cantábrico. Deste xeito, o desenvolvemento da industria pesqueira enfrontou algúns atrancos infraestruturais para os que, infelizmente, as forzas vivas agardaron as solucións prometidas no marco da ditadura de Primo de Rivera, a cal pretendía promover as forzas produtivas internas. A publicación viguesa *Industrias Pesqueras*, que comezou a editarse en 1927, e as Feiras da Pesca foron concibidas como escaparate dun crecemento que debía basearse en novas vías de comunicación directa co centro peninsular por estrada (autovía) e ferrocarril (por Zamora), aeroporto e, sobre todo, a construción do gran porto pesqueiro. Ningunha destas iniciativas se puxo en marcha: a crise económica de 1929 e a ausencia de axuda dun Estado de sequeiro frustraron os proxectos dunha cidade con capacidade para definilos, pero non para materializalos. Outro factor, este endóxeno, ben tratado no seu día por Xosé M. Souto e Gonzalo Hernández Soto, incidiu tamén negativamente nestes desexos: os conflitos de intereses entre os distintos sectores da burguesía viguesa. Sendo Vigo un gran porto de pesca, tamén o era comercial e de pasaxeiros, polo que os obxectivos e intereses duns e outros non sempre coincidían e mesmo ás veces chocaban abertamente.

Fronte ao acontecido en Vigo e en moitos outros portos galegos dedicados á pesca e á conserva, como os de Marín, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Muros, Viveiro…, a outra faciana da industrialización do mar témola na construción naval ferrolá, que, na altura, completaba o sucedido no norte de Galicia co complexo industrial marítimo. En 1900 contaba con máis de cen anos de tradición e, aínda que nacida no século XVIII ao servizo da Armada, por impulso estatal, continuaba agora, no XX, centrada na construción de buques militares de grandes dimensións.

Con posterioridade a 1880, e no marco da amentada segunda onda da industrialización europea, o Arsenal ferrolán incorporou

axiña as innovacións que lle permitiron iniciar a construción de buques de casco metálico de gran tamaño. Mentres os pequenos estaleiros de Vigo, de capital privado, non pasaban de botar barcos de 160 toneladas, os de Ferrol, con capital público, construían cruceiros de varios milleiros, amén de seren parte dun grande establecemento industrial, quer polo nivel de ocupación, quer do volume de produción.

A xestión do estaleiro ferrolán levouna o Ministerio de Mariña até 1909, ano en que as instalacións industriais contiguas ao Arsenal pasaron a mans privadas da Sociedad Española de Construcción Naval, un consorcio privado británico liderado por Vickers-Armstrong. Popularmente coñecida como a Construtora Naval, entre 1900 e 1939 foi a máis importante empresa de Galicia e realizou máis da metade de toda a construción militar española do período, adoito con tecnoloxía e técnicos estranxeiros e man de obra local, mais incorporando a innovación nas costuras da cidade e na extensa bisbarra de Ferrolterra, con todo un sector de actividades asociadas que converteron a bisbarra nunha auténtica escola-obradoiro industrial do norte de Galicia. Unha escola obreira.

Gráfico 7. Tonelaxe de construción en execución anual no Arsenal de Ferrol (media quinquenal en toneladas [1860-1934])



Fonte: Carmona e Nadal (2005).

Moito máis que mar e terra. Unha economía de seu na segunda onda da industrialización

O desenvolvemento da economía galega nas primeiras décadas do século xx ten o seu equivalente nos sectores que experimentan un gran dinamismo ao abeiro do éxito do complexo pesqueiro-conserveiro. Unha peza importante neste proceso foi a creación dun sistema financeiro galego diverso, extenso e intensamente anovado, mercé á fundación de bancos en Vigo e A Coruña con posterioridade a 1900, un sistema financeiro que xa fora anticipado desde 1876 coa fundación das Caixas de Aforro nas distintas cidades.

Como xa apuntamos, o crecemento das principais cidades nestas décadas acompañouse da aparición de servizos públicos situados á altura dos tempos: compañías de gas e electricidade, de tranvías urbanos, de transporte coas demais urbes e parroquias galegas… Xunto a elas apareceron empresas mineiras, modernas compañías hidroeléctricas e industrias de transformación da madeira. Ademais, un dos símbolos dos novos tempos industriais, o motor de explosión, ten cabida neste novo mundo que agroma baixo a forma de industrias de carrocerías, de fabricación de compoñentes, de motores… As cidades e vilas portuarias convertéronse en foco principal deste desenvolvemento; no norte, onde o grande estaleiro ferrolán presidía o panorama industrial, os portos de Ribadeo e Viveiro coñeceron antes da I guerra mundial un pulo vinculado á exportación de mineral de ferro nun complexo que incluía liñas férreas e cargadoiros nas rías. Os portos das Rías Baixas seguían medrando; Vigo e Vilagarcía vinculados á emigración e todos os demais no marco dun fervente complexo marítimo-pesqueiro.

Neste contexto, e en correlación coas cronoloxías que marcaron o curso do sector conserveiro e da construción naval, desenvólvese a partir da década de 1880 o sector da transformación da madeira –estudado por Eduardo Rico Boquete– grazas á aparición de fortes demandas de madeira de piñeiro. Unha delas, con orixe nas minas inglesas, require táboas e puntais; outra, máis importante, precisa, xa en Galicia, taboíñas para caixas, caixóns e embalaxes. Unha industria esta última que naceu para atender simultaneamente a

fabricación de caixas para as uvas pasas do sueste peninsular e os envases destinados ás factorías de salgadura, se ben logo pronto a súa demanda se ampliou diante da necesidade de caixas para a pesca desembarcada nos peiraos e a embalaxe da conserva producida nas fábricas de Galicia.

Cadro 14. Fábricas de serrar en Galicia, 1910

	Número de fábricas	%
A Coruña	49	34,0
Lugo	6	4,0
Ourense	15	10,5
Pontevedra	74	51,5
Total	144	100

Fonte: Rico Boquete (2000).

Nesta xeira, os serradoiros mecánicos estendéronse por toda a área occidental do país até converter Galicia na primeira produtora de táboas do Estado. Igual que os outros sectores industriais –os máis anovadores e tamén os menos–, este beneficiarase e expandirase á súa vez en coincidencia co desenvolvemento da I guerra mundial. Deste xeito, en 1933 estaban declaradas en Galicia un total de 495 empresas con serras de cinta (o 10,5% das españolas), situándose só por detrás, aínda que moi preto, do volume produtivo acadado a este nivel en Cataluña.

Cadro 15. Participación porcentual de Galicia, Cataluña e Valencia na industria de madeira española. 1933

Máquinas en «talleres de labrar madeira»	Contribuíntes	Diámetro das serras	Cotas fiscais
Cataluña	28,2	30,3	32,0
Galicia	11,8	13,8	14,9
Valencia	4,9	4,1	4,2

Fonte: Carmona e Nadal (2005); Rico Boquete (2000).

Nas vésperas de xullo de 1936, a transformación da madeira, sendo unha das principais actividades industriais do país, posuía unha debilidade clara: a súa especialización na fase da primeira transformación, que é a que xera un menor valor engadido. Tarefas como a fabricación de mobles e similares tiñan unha presenza case testemuñal neste eido industrial, de aí o menor peso porcentual das empresas galegas na segunda fase de transformación da madeira, a cal aparece recollida nas fontes baixo a epígrafe de «talleres de labrar madeira».

Mais unha economía con vocación moderna precisaba dunha banca á súa altura. A creación en 1875 do Crédito Gallego, na Coruña, co obxectivo de dar cobertura aos negocios locais, ten dous sensos. Por unha banda, marca o arrinque do novo sector bancario galego, que complementa, sen sobordalo, o fragmentado modelo vixente dos comerciantes-banqueiros, e, pola outra, apunta á consolidación da cidade herculina como capital financeira de Galicia, do mesmo xeito que Vigo o era do negocio industrial. Ao ano seguinte fúndase a Caixa de Aforros da Coruña e moi logo, en 1880, a Caixa de Vigo, case cando as de Santiago e Pontevedra, mentres que en 1902 aparecía a Caixa Xeral de Aforros e Monte de Piedade de Ferrol. Rozando o cambio de século, fundáronse tamén as de Lugo (1897) e Ourense (1909), completando no interior o panorama das Caixas de Aforro galegas. Como teñen ben estudado Margarita Vilar, Elvira Lindoso e Joan Carles Maixé, adoito foron iniciativa de comerciantes, industriais ou banqueiros locais, tamén de sociedades

como as Económicas de Amigos do País ou mesmo Círculos Católicos Obreiros.

Desde o sur industrial de Galicia, a constitución do Banco de Vigo en 1900 rachou coa asentada práctica das casas bancarias galegas de dimensión local, centradas no comercio e na recepción e xestión da enxurrada de remesas de diñeiro enviadas polos emigrantes, para orientarse con certo risco en dar crédito aos negocios da pesca e da industria e na promoción das empresas de servizos urbanos. Con similar orientación, aínda que menos arriscada en relación cos investimentos directos, créase en 1917 o Banco da Coruña, e en 1925 o Banco Pastor. O primeiro chegou a acadar as trinta oficinas en servizo no tempo da República e participou de forma importante nalgunhas sociedades coruñesas de augas, tranvías e electricidade. Polo que fai ao Pastor, multiplicou o seu negocio bancario até se converter no máis importante banco galego da época, á vez que despregou un intenso investimento industrial marcado pola fundación de sociedades que, ao cabo, configuraron, despois do golpe militar de 1936, o cal apoiou, o primeiro dos grupos económicos autóctonos. A complexa heteroxeneidade da economía galega do primeiro terzo do século xx reflectiuse tamén no ámbito financeiro.

Polo demais, como sinalou Luís Alonso Álvarez, o trazo distintivo do sistema financeiro galego neste período foi a continuidade e aínda o incremento das pequenas casas de banca en mans de comerciantes-banqueiros locais. Os seus establecementos supuñan menos da cuarta parte do negocio bancario: en 1923 estaban censadas 144 destas pequenas bancas en Galicia, as cales se estendían por todo o seu territorio. Respondían, por unha banda, á retícula de vilas que artellaban secularmente o país e, pola outra, amosaban a súa capacidade de adaptación aos tempos que correron entre 1880 e 1940, sempre a partir das condicións, das necesidades e das posibilidades comarcais. Algunhas desas casas, como Ricardo Gurriarán y Hermanos, do Barco de Valdeorras, sucumbiron á competencia dos grandes bancos, mais non poucas se mantiveron mesmo despois de 1939, reconvertidas en sociedades anónimas, como pasou coa firma Fillos de Olimpio Pérez, de Santiago; Fillos de

Simeón García, de Ourense; ou co Banco Etcheverría, de Betanzos. Outras casas bancarias, como Fillos de Francisco Deza, de Vilagarcía, sufriran xa a crise dos anos vinte, a cal afectara á súa vez a toda unha serie de pequenas navieiras e aseguradoras de grande importancia que deixaron un oco no eido dos negocios marítimos que sería ocupado por empresas vascas e catalás. Algunhas crebas, como a da Banca de Casas de Ribadeo nos anos trinta, tiveron parecidos efectos e mesmo deixaron gran pegada memorial.

A crise posterior á I guerra mundial e a readaptación que alentou poden exemplificarse perfectamente na quebra que padeceu o Banco de Vigo (1925), que de forma moi arriscada –e tamén pioneira– investira directamente en negocios industriais. O seu peche debilitou a base financeira da industria viguesa e deixou o camiño expedito á consolidación da Coruña como capital bancaria galega. A quebra aconteceu o mesmo ano en que se fundou o Banco Pastor e cando a banca española aínda practicamente non abrira as súas portas en Galicia. Só despois do crac de 1929 comezou esa banca a instalar as súas primeiras sucursais nalgunhas vilas e cidades, desprazando así as bancas americana e portuguesa, cuxa presenza nas principais urbes galegas estaba relacionada co negocio que supoñían as remesas da emigración.

O protagonismo das industrias marítimas non debe facer pensar que estas foron as únicas actividades manufactureiras que se mecanizaron mediante a incorporación, adaptación ou xeración das innovacións tecnolóxicas propias do período. Amais de serradoiros e fabricantes de táboas, a mecanización industrial atinxiu moitos outros sectores. Este é o caso, por exemplo, das grandes fábricas de azucre de remolacha de Padrón e Caldas; dos primeiros saltos de auga con liñas de media tensión, que marcan o nacemento da produción hidroeléctrica; das minas de ferro da Mariña lucense; ou dos matadoiros frigoríficos do Porriño.

Porén, algúns outros sectores continuaron evolucionando ao seu xeito e sen grandes cambios. Tal foi o acontecido coa industria do curtume, na que Galicia fora líder peninsular durante a primeira metade do século XIX grazas á abundancia de auga, coiro e cortiza (casca). Desde a década de 1870, algunhas innovacións técnicas

permitiron achegar a produción á demanda e desvinculala dos factores que pesaban sobre ela, o que explica o pulo da fábrica catalá, aínda que non por esta Galicia perdeu a súa centralidade.

En 1900, segundo os datos da contribución industrial, oito das quince fábricas máis importantes atopábanse radicadas en Santiago de Compostela, sendo as tres máis relevantes a nivel galego, e por esta orde, as de Pontedeume, Betanzos e Vigo. As zonas de concentración de curtumes debuxan unha ampla presenza no territorio que abrangue moitas vilas e varias comarcas, as cales definen un X que vai de Allariz a Carballo e de Xuvia a Tui. O devalo desta poderosa industria, que en Galicia foi refractaria ás innovacións mecánicas orixinadas durante a segunda onda da industrialización, foi lento e continuo, cun leve cambio á alza cando a I guerra mundial e outro, aínda máis enganoso, por volta da guerra española de 1936-1939, a cal estimularía a produción no marco da autarquía até os comezos da década de 1960. Nestas conxunturas, os coiros para zapateiros, zoqueiros e o abasto militar víronse favorecidos, mesmo os producidos polos fabricantes menos competitivos. As numerosas sagas empresariais vinculadas ao curtume –en 1954 había aínda unhas 170 persoas empresarias en activo– esparexéronse na segunda metade do século XX noutras actividades profesionais e negocios, mentres a industria do curtume agonizaba sen mudanzas, amparada pola enganosa rendibilidade autárquica da ditadura.

Mapa 7. Distribución do empresariado dos curtumes galegos 1940 (por contribución industrial)



Fonte: Otero Eiriz (2017).

O crecemento urbano abriu unha demanda de servizos modernos que se foi cubrindo desde finais do século XIX, empezando por aqueles enclaves urbanos con núcleos fabrís, que foron tamén os que máis medraron nas primeiras décadas do século XX. Vigo e Vilagarcía triplicaron a súa poboación entre 1900 e 1930, A Coruña duplicouna e Ferrol e as demais cidades –agás Lugo– incrementan os seus habitantes nun terzo nas catro primeiras décadas do século. Xoán Carmona e outros historiadores teñen estudado a creación destas empresas de servizos, das que as de iluminación e abastecemento de augas foron as primeiras, seguidas das de transporte. En vésperas da I guerra mundial, Vigo e A Coruña dispoñían xa de liñas de tranvías e mais de abastecemento de auga, gas e electricidade. As demais cidades seguíronas axiña.

As empresas de produción e distribución de electricidade, de orixe térmica ou hidráulica, multiplicáronse desde que en 1880 se instalara a primeira central en Pontevedra, pois, como amosara Alberte Martínez, a adopción en Galicia desta tecnoloxía característica da segunda onda da industrialización foi moi rápida. En 1883 o Arsenal de Ferrol prendeu a súa iluminación eléctrica. E, despois de que, en 1888, Pontevedra se convertese na terceira cidade do Estado en

dotar as súas rúas e edificios públicos de iluminación eléctrica, este xeneralizouse na década seguinte nas demais cidades e vilas galegas, substituíndo así o gas e o petróleo. Iniciouse entón unha carreira que durou até que Ferrol e Santiago deron o paso en 1895. En 1913 esta nova forma de iluminación cubría xa toda a A Coruña. Máis tamén neste ámbito o ano 1880 se comportou como un pórtico ou un patamal do tempo que se estende até 1936.

Desde 1900 configurouse o predominio da hidroelectricidade como fonte de enerxía, coa creación de empresas de capital foráneo que, mesmo sobordando a demanda industrial galega, buscaron aproveitar as vantaxosas condicións que a rede fluvial de Galicia ofrecía neste ámbito. Creáronse ese ano a Electra Industrial Coruñesa (constituída en Bilbao), que explotou o salto da Capela (Pontedeume), e a Sociedad General Gallega de Electricidad (domiciliada en Madrid), que operou sobre os saltos do Belelle (Neda) e Segade (Caldas). En 1902 a Electra Popular de Vigo e Redondela ocupouse dos saltos do Verdugo e o Oitavén, para abastecer a cidade de Vigo. As tres compañías produciron e subministraron fluído eléctrico ás tres áreas urbanas máis dinámicas do país, nas que, ademais da iluminación, esta nova enerxía nutriu a forza das potentes actividades industriais das tres bisbarras. Estas novas compañías viñeran complementar aqueloutras primeiras, de ámbito local, creadas para cubrir case que en exclusiva e preferentemente a demanda doméstica e pública de iluminación urbana.

Alén do alumeamento e da forza industrial, a produción hidroeléctrica dirixiuse de maneira crecente cara á tracción, conforme se foron constituíndo as importantes redes de tranvías urbanas e interurbanas que articulaban xa auténticos distritos industriais. En 1913 e 1914 inauguráronse, respectivamente, os tranvías urbanos da Coruña e Vigo; en 1920, co de Vigo-O Porriño acadáronse 45 quilómetros de liñas e ao longo desa década instaláronse os tranvías de Pontevedra, Ferrol, e as liñas Coruña-Sada e Vigo-Baiona. En 1936, o tendido do tranvía acadou 90 quilómetros de vías. Complementariamente, numerosos vapores de pasaxe enlazaban as vilas das rías, en especial a de Vigo, Arousa,

Ferrol e Ribadeo, e unha liña marítima conectaba as cidades de Ferrol e A Coruña antes da apertura do ferrocarril en 1913. Aquela forma de comunicación marítima só sobrevive hoxe en día na ría de Vigo. Os vapores pasaron a motoras, pero a maioría foron desaparecendo pola competencia do tren, primeiro, e do automóbil, despois. Os grandes espazos marítimos urbanos galegos aínda seguen a agardar que o *ferry-boat* moderno retome hoxe aquela modernidade abandonada.

Cadro 16. Principais empresas eléctricas con instalacións en Galicia en 1917

Compañías	Potencia instalada (CV)	Accións (milleiros de pesetas)
Electra Industrial Coruñesa	2.400	1.700
Hidroeléctrica del Pindo	2.400	1.200
Sociedad General Gallega de Electricidad	2.175	2.000
Electra Popular de Vigo y Redondela	1.650	2.000
Tranvía de Mondariz a Vigo	1.643	5.000
Eléctrica de Ourense	1.600	1.500
Eléctrica del Jallas	1.220	500

Fonte: Carmona e Nadal (2005).

A relación entre as compañías hidroeléctricas e os grupos bancarios galegos foi unha constante desde o comezo, anunciando o que acontecerá despois da guerra. Houbo tamén outro tipo de empresa hidroeléctrica relativamente abundante, constituída para explotar pequenas centrais no interior e subministrar enerxía ás

actividades artesanais e aos pequenos obradoiros industriais das vilas. Outras compañías de electricidade, como a do Pindo, instaláronse vinculadas directamente á fábrica de Carburos de Cee, mentres as de Betanzos ou Viveiro naceron asociadas a serradoiros e, na vila mariñá, tamén á industria do automóbil de Chavín.

Antes da guerra, o peso do consumo eléctrico para forza e tracción medrou considerablemente fronte ao de iluminación, pero aínda moi por baixo da media española. A estrutura empresarial do sector eléctrico galego coñeceu un primeiro proceso de concentración despois da I guerra mundial. A converxencia de empresas no grupo Sociedad General Gallega de Electricidad-Fábricas Coruñesas de Gas y Electricidad converteu esta compañía nunha das dez primeiras empresas españolas do ramo.

No sector da minería, as novas necesidades industriais e as relacionadas cos novos equipamentos bélicos para os exércitos que loitaban nas sucesivas guerras tiraron da demanda de xacementos singulares que aproveitaban a rica diversidade mineral do territorio. O aumento do prezo internacional do estaño –que por riba dos vellos usos será base da folla de lata e de aliaxes para os condutores eléctricos– puxo en produción algunhas explotacións ourensás na década de 1880. En 1887 comezaron a explotarse os xacementos de San Finx (Noia-Lousame) e Carbia-Silleda, que incluían o volframio, tan importante para os filamentos eléctricos e as soldaduras como para as novas aliaxes das blindaxes bélicas en tempos de guerra. Porén, seguramente o protagonismo da minería galega neste primeiro terzo do século xx recaese nas explotacións de ferro da Mariña. O territorio situado entre A Pontenova, Ribadeo e Viveiro coñeceu unha considerable transformación ao fío da industria mineira e as súas instalacións. Unha empresa alemá explotou en Viveiro as minas da Silvarrosa desde 1896 e outra vasca a limonita de Vilaoudriz (actual Pontenova) desde 1895. O primeiro mineral era exportado por un cable aéreo de cinco quilómetros até un cargadoiro no porto de Viveiro, mentres o de Vilaoudriz saía cara ao cargadoiro da ría de Ribadeo a través dun ferrocarril mineiro de vía estreira de 34 quilómetros seguindo o val do río Eo.

Figura. Leiteiras en Compostela agardando os clientes, 1928 (Cantón do Toural)

Fonte: Ruth Matilda Anderson.

A industria agroalimentaria demorou o seu desenvolvemento en Galicia. A remuneradora orientación cárnica da gandería, complementada cun abondoso abastecemento de queixo e leite fresco ás cidades e vilas polas leiteiras das contornas, foi unha das razóns. A industria leiteira ou de transformacións lácteas, en ausencia de concentracións urbanas demandantes, tardou máis en artellarse. Para atender a oferta de leite, promovido pola ciencia médica e o nutricionismo moderno como parte dunha boa alimentación, as cidades e vilas galegas non necesitaron da instalación de leiterías urbanas como noutras cidades peninsulares; nutríronse, como todos os enclaves urbanos atlánticos europeos, da afluencia do leite fresco.

O reducido tamaño das fábricas de transformacións lácteas foi unha das súas características (cadro 17). Nos anos 1930, no contexto dunha diversificación da gandería a prol da orientación leiteira comezada na década anterior, xurdiron iniciativas de cooperativas de produción leiteira, vinculadas á Federación Agraria de Ortigueira ou á Sociedade de Agricultores de Laíño, no esteiro do Ulla. Xusto en fronte, durante a II República, a suíza Nestlé comezou xestións para instalarse en Pontecesures. Naqueles mesmos anos, na zona central e sur de Lugo empresas asturianas como Arias e mais Mantequerías Leonesas iniciaban tamén a recollida de leite para o consumo, á vez que Arxeriz (cfr. páx. 99) comezaba un camiño pioneiro nos queixos e a manteiga, o cal deu froitos despois da guerra na transformación e comercialización do leite con outras marcas.

Cadro 17. Fábricas de transformados lácteos en Galicia, 1925

	Localidade	Leite recollido anualmente (litros)	Queixo fabricado (t.)	Manteiga fabricada (t.)	Número de operarios
Generoso Núñez Rega	Teixeiro	144.000	–	58	31
G. Alamo	Vilalba	36.500	–	–	1
La Primitiva Gallega (Juan Tomé)	Cesuras	1.095.000	100	103	20

Fonte: Carmona e Nadal (2005).

Durante o período de entreguerras, o sindicalismo agrario católico quería abrir paso fronte ao moito máis poderoso e estendido agrarismo laico. Aproveitou para iso o contexto da ditadura de Primo de Rivera, moi favorable aos seus intereses; así, intentou poñer en marcha en 1927 no Porriño os matadoiros frigoríficos Marugcoga (Mataderos Rurales Cooperativos Gallegos). Mais nin no ámbito do leite nin no da carne deron estes ou outros proxectos en acabar sendo auténticas empresas agroindustriais antes de mediados do século xx. Outra cousa é considerar o sucedido con produtos alimentarios como o chocolate ou as bolachas, xa que había unha arraigada tradición de fábricas de chocolate en moitas vilas e cidades, como na Coruña ou en Santiago, e igual coas instalacións de transformacións de cereal, como pastas e galletas. Non menos importante foi o desenvolvemento de pequenas fábricas de bebidas refrescantes –gasosas, *seltz*, cervexa…– en moitas localidades, grandes e pequenas. Entre estas últimas destaca a centenaria empresa Hijos de J. Rivera, creada en 1906 e consolidada como empresa cervexeira da provincia coruñesa xa antes da guerra. Na creación de moitas destas fábricas de bebidas foi importante o papel de emigrantes retornados de América.

Outras actividades innovadoras vinculadas ao desenvolvemento tecnolóxico atopámolas no ámbito da industria química co establecemento en 1904 da Fábrica de Carburos Metálicos de Cee, que dependía da Hidroeléctrica do Pindo e empregaba uns 130 traballadores. Outra de menor entidade instalárase en Arcade uns anos antes. En 1929 comezou a construírse no Burgo, na entrada da Coruña, preto do porto e do ferrocarril, a fábrica da catalá casa Cros, destinada á produción de fertilizantes para a agricultura. Ocupaba 20 hectáreas de terreo e producía aqueles superfosfatos de cal tan consumidos na agricultura galega, a partir de piritas de Huelva e fosfatos traídos de Marrocos e Tunisia, e tamén sulfato de cobre, de sodio e outros compostos. O complexo, inaugurado en 1931, incluía almacéns, laboratorios, vivendas e un colexio para fillos de empregados.

En 1905, a fábrica de xabóns de La Toja, mesturando o luxo e a *joie de vivre* da Belle Époque, empeza unha produción que se

incrementa notablemente antes de 1914. Con todo, unha das actividades industriais máis anovadoras foi, sen dúbida, a inaugurada polo empresario José Barro González, quen creou unha fábrica de carrocerías e pezas de automóbiles en Chavín (Viveiro) que chegaría a empregar máis de 100 traballadores en 1926. O seu funcionamento foi consecuencia directa da creación, en 1906, polo amentado empresario dunha liña de ómnibus, a primeira de Galicia, cun vehículo Dion-Boton de doce prazas que comunicaba Ribadeo, o porto de saída de ferro e emigrantes e de entrada de peixe e marisco, coa estación ferroviaria de Baamonde, tras pasar por Mondoñedo e Vilalba. En 1908, José Barro fusionou a súa empresa Vivero Automóviles del Noroeste coa sociedade La Carrilana de Baamonde, para crear La Ferrocarrilana, que en 1915 daría lugar á empresa Freire (El Porvenir). Pouco despois, coa fundación pola familia Nistal da Empresa Ribadeo, quedaría conformada a pioneira e principal rede de transporte de autobuses do século xx en Galicia.

A explosiva articulación dunha rede galega interurbana de autobuses tivo continuidade na segunda década de 1920 da man de novas compañías de autobuses, caso de Castromil (1917), e varias outras aparecidas por aqueles mesmos anos. O transporte por estrada tamén se desenvolveu a finais do período coa exportación en camións de peixe fresco cara ao mercado madrileño. Así mesmo, o número de automóbiles privados incrementouse a partir da segunda metade dos anos vinte, chegando a un nivel que non volvería a rexistrarse até o ano 1955 (gráfico 8). Ao respecto, en 1911 Catherine Gasquoine Hartley tiraba a atención dos seus lectores ao dicir que «unha das anomalías de Galicia é que, en moitos distritos, os automóbiles chegaron antes que os ferrocarrís». Referíase a unha singularidade galaica, resultado desa innovadora adaptación social e económica que define ben a capacidade de incorporación dos novos paradigmas tecnolóxicos desta era da industrialización á Galicia da altura. Un proceder desenvolto sen apoios nin soportes substanciais do Estado, e que evidencia unha importante capacidade social para levar a cabo a adaptación das últimas posibilidades tecnolóxicas mundiais, neste caso, ás condicións de poboamento dun territorio artellado sobre portos,

cidades de tamaño intermedio, pequenas vilas e núcleos rurais integrados nunha retícula económica de solidez secular.

Gráfico 8. Matriculacións anuais de vehículos en Galicia (1919-1936)



Fonte: Seijas Llerena (2003).

En Galicia, o desenvolvemento económico do primeiro terzo do século XX pode definirse polo seu carácter complexo, desigual, complementario e diverso. Complexo, porque non responde a un modelo sectorialmente unidireccional; desigual, porque inclúe sectores punteiros e elementos dinamizadores, como o automóbil, e outros resistentes, como o dos curtumes; complementario, porque os sectores dinamizadores tenden a expandirse dando impulso a actividades complementarias, do que o caso da tríade pesca-conserva-estaleiros sería o máis destacado vista a abundante creación de industrias derivadas ou auxiliares na súa contorna; e diverso, porque atinxe ámbitos moi diferentes e, ás veces, sen aparente conexión antes do tempo da guerra: o complexo marítimo industrial, o agrario de *inputs* de produtos e derivados ou a minería.

Ollado desde os comezos do século XXI, ese desenvolvemento económico é descrito moitas veces como ambivalente ou incompleto,

mais visto na perspectiva deste primeiro cuarto do século xx acaeríalle mellor a definición de heteroxéneo para caracterizalo, xa que foi conformado con compoñentes de moi diferente natureza. En segundo lugar, non hai dúbida de que nel cómpre destacar como singularidade o feito de que os sectores industriais dinamizadores en Galicia foron secundarios nas economías das outras áreas rexionais peninsulares ou non desempeñaron o mesmo papel tractor, un desenvolvemento internamente heteroxéneo e singular no Estado español. Algo que, en si mesmo, non é relevante, agás porque ese feito tanto contradí os clásicos marcos de linealidade propios das visións do progreso económico contemporáneo como desmente o curso do relato do desenvolvementismo tecnocrático elaborado a partir da década de 1960, no que o sucedido en Galicia non encaixa. Un desencaixe que, sumado aos efectos económicos e sociais do *gap* provocado pola guerra e a ditadura, serviu para alimentar unha falsa idea, ese «relato» do natural e histórico «atraso» do país, o cal desafortunadamente aínda segue vivo nunha parte da conciencia colectiva. Vai ser, pois, que moitas veces os «relatos» poden máis que os datos, e mesmo os deforman, de igual xeito que os futuros constrúen os pasados para desespero do historiador. Porén, a teor do que se leva estudado e investigado sobre estes temas a día de hoxe, é obvio –e este libro quere responder a iso– que estamos nun tempo en que a Historia pode construír unha interpretación mellor fundamentada, máis sólida e máis acaída do acontecido no noso pasado colectivo.

A SOCIEDADE PLURAL DA GALICIA MODERNA

Como é coñecido, á altura de 1900 a sociedade galega era predominantemente rural. Érao pola organización do seu hábitat, polas formas predominantes de produción e polo peso social e cultural que o mundo labrego tivo sobre o imaxinario da *intelligentsia* do país. Era, de feito, un país de labregos, como tantos outros territorios europeos da época, de labregos innovadores de longo percorrido na transformación do seu capital natural no marco da agricultura e a gandería orgánicas. Tamén era unha sociedade politicamente plural, na que burbullaban as ideas de progreso económico e de emancipación social que percorrían Europa e América, a través dos portos e das redes de emigración.

Era unha sociedade inmersa, ademais, nun proceso de transformación e cambio, como o acredita a modificación das relacións sociais agrarias que desembocou na propietarización do campesiñado e na fin da fidalguía, así como na aparición dese novo contexto socioeconómico no que se estaba a xestar unha burguesía administrativa, comercial, industrial e financeira, nacida ao compás da diversificación socioprodutiva ocorrida nas principais cidades e vilas de Galicia. Estas medraron recibindo poboación de orixe rural, unha parte da cal pasou previamente pola emigración. Neste contexto, explícase que o peso da agricultura, como ocupación maioritaria da poboación activa, fose reducíndose, ao caer do 85% en 1900 ao 65% en 1930.

En suma, a sociedade galega de comezos do século XX gañaba en pluralismo na súa composición, pero tamén na súa actuación, rachando con aquelas vellas estruturas que tanta capacidade de resistencia amosaran durante o século XIX, o da construción do Liberalismo, do Estado central e do mercado nacional. A sociedade de masas moderna que abrollou a partir de 1880 sufriría medio

século despois o *shock* do golpe militar e a matanza asociada, seguido da ruptura da guerra que orixinou nela unha profunda fenda, a cal só comezará a brincar nos anos sesenta, ao compás do desenvolvemento da sociedade de consumo, de masas, no marco autoritario e antiliberal da ditadura. Outro tanto pode dicirse do dinamismo social reflectido nas modernas formas de organización e de sociabilidade voluntaria, as cales ficaron interrompidas con posterioridade a 1936 e que serían retomadas practicamente desde cero –con pouca memoria e ningunha historia– nos anos finais da amentada ditadura franquista.

Aquela sociedade, predominantemente rural, plural, dinámica e coa cidade ao fondo, era tamén pluriactiva. A sociedade rural, mal chamada tradicional, como se non tivese historia, ademais dos traballos da agricultura e a gandería, ocupábase nun amplo conxunto de actividades –forestais, cestería, olería, teares e industrias domésticas, mariñeiras etc.– que se diversifican ao fío dos novos rumbos económicos do século xx. Toda esta rica pluriactividade, moi ben representada no caso das mulleres, nun nesgo de xénero ben coñecido, fica moitas veces nos rexistros oficiais. A xente da mesma casa facía de todo e en todas as partes, pero non ao mesmo tempo, senón de forma sucesiva e parcial, por moito que nos censos só figurase unha dedicación individual. As lóxicas cartesianas tiñan limitacións para abranguer unha realidade económica e social tan plural. Aquela pluriactividade acrecentouse e complexizouse coa aparición de novas actividades económicas industriais e comerciais no século xx –pesca, marisqueo, corta de madeira, minas, transporte etc.– que en parte foron compatibilizadas polo campesiñado, abranguendo toda a súa diversidade interna de caseteiras, criados, viúvas, bodegueiros…; algunhas desas actividades teñen que ver con novas destrezas ou dedicacións, comerciais e industriais, desenvolvidas nos traballos da emigración andoriña ou estacional que prolifera nesa época. Os retornos das cidades da emigración nutrían a Galicia urbana, a vilega e a propiamente rural.

A mudanza social no agro: un país de labregos con ciencia e conciencia

Os cambios sociais no agro que situaron os labregos como axentes social e politicamente activos na sociedade no século XX derivaron, en parte, dos procesos de propietarización, os cales tiveron a virtude de erosionar desde finais do século XIX a posición histórica da fidalguía. A destrución do réxime foral acompañábase silandeiramente da individualización de espazos a monte –outros mantivéronse en abertal– que asentaron e deron soporte produtivo ás explotacións agrarias familiares, as casas labregas. A organización do agrarismo e a súa mobilización social e política foi o percusor visible, moderno e definitivo contra o vello edificio de fidalgos cobradores de rendas. Co seu devalo, esfarelouse o grupo de poder que dominara o agro no Antigo Réxime e que fora capaz de resistir enxergado no Réxime Liberal ao longo do século XIX. Para asegurarse novos ingresos e preservar os seus intereses, as familias fidalgas foron virando progresivamente as súas estratexias no curso do século XIX. Buscando vivir das rendas do Estado, comezaron a formar os seus descendentes na universidade coa intención de que ocupasen postos na administración de xustiza, de facenda, na municipal, no exército ou nas novas profesións liberais que agora xurdían, como médicos, avogados ou profesores. A política tamén foi, víñao sendo xa no XIX, unha vía de saída para esta fidalguía. Non así a Igrexa, sobre todo tras perder a súa riqueza coas reformas agrarias liberais, durante as cales, e como amosara Xosé Ramón Barreiro, o clero foi ruralizándose. Quedaban, si, os pazos urbanos e vilegos, aos que algúns grupos da fidalguía se foron mudando, as máis das veces por ter emparentado coa aristocracia do diñeiro e cunha burguesía de comerciantes e profesionais urbanos. Pazos e casas vilegas que, andando o tempo, só ficarían abertos na temporada de verán, consonte os seus donos se trasladaban a onde mellor podían vivir das ganancias obtidas de servir o Estado.

O movemento agrarista é un dos factores que explican a amentada propietarización campesiña, e posuía entidade propia como instrumento de construción da sociedade civil no mundo rural.

As sociedades agrarias, de seguros mutuos, de instrución, os sindicatos e as cooperativas foron, por si mesmas e á vez, un síntoma e un instrumento de articulación social moderna da sociedade rural. Para os labregos, entendidos como o sector máis dinámico e abastado do campesiñado, o agrarismo conformouse como o mellor instrumento de afirmación e reclamación dos seus dereitos sobre a terra, para a súa posesión baixo a forma de propiedade privada. Un instrumento novo, mais adaptado aos tempos modernos e democratizadores, que veu sumarse ás estratexias informais e xudiciais de longa traxectoria, ás prácticas de resistencia cotiá e á despregadura das «armas do feble» que a economía moral popular permitía. O agrarismo presentábaselles, ademais, aos labregos –xa se indicou– como o mellor medio para afrontar en condicións favorables as relacións crecentes cuns mercados cada vez máis esixentes, situados no marco dese capitalismo no que tiña lugar a segunda onda da industrialización á que nos temos referido.

Durante a crise finisecular, e como consecuencia da interrupción da exportación de gando bovino a Inglaterra, os problemas centráronse na comercialización máis que na produción, o que esixiu das casas labregas a posta en práctica de estratexias reprodutivas orixinais que superasen os remedios tradicionais. Favorecidas polas novas dinámicas políticas e sociais que afectaban a España, a Europa, e que tamén viñan de América, a asociación e a cooperación podían cumprir ese papel. Con esa misión desenvolveuse en Galicia desde diferentes orientacións políticas e sociais, igual que no resto de Europa, o asociacionismo dos pequenos cultivadores, xusto no intre en que as masas –tamén as campesiñas– devecían por acceder ao poder político. Non diriamos que se politizan, como adoito se escribe, senón que van facer a súa política e xerar o seu poder social adaptándoo aos contextos liberais e democráticos imperantes na altura.

A «explosión agraria» (agrarista), concretada na aparición de numerosas sociedades deste tipo a partir de 1896 e materializada desde 1903 no pulo da loita antiforal e anticaciquil, caracterizouse durante o primeiro terzo do século, e en distintos momentos de

auténtica fervenza, pola proliferación de conflitos, motíns antifiscais e boicots contra desafiuzamentos. No marco das loitas políticas da Restauración (1874-1931), e como consecuencia da xeneralización do sufraxio universal masculino, as elites políticas –as novas e as vellas– pasaron a outorgar unha esmerada atención a este novo grupo de labregos por mor da súa importancia numérica como potenciais votantes, á vez que a súa consolidación como propietarios os estaba a converter nun grupo maioritario –e abastado– no conxunto de grupos sociais subordinados.

Neste contexto, durante o cambio de século pódese mesmo constatar certa vocación agraria entre determinados sectores da burguesía galega, os cales, despois da perda de Cuba (1898), miran cara ao interior. Esta vocación pode apreciarse na portuaria e comercial cidade da Coruña, onde aparece o denominado «agrarismo dos peritos mercantís coruñeses», magnificamente expresado en publicacións da época como *Prácticas Modernas*, na publicística de autores como Bartolomé Calderón ou Valeriano Villanueva, ou na actitude de entidades pseudooficiais que, como a Cámara Agraria, tiñan por obxectivo o «progreso agrario». Da atención ao comercio ultramarino algúns sectores das elites locais pasaron a pregoar que o futuro do país radicaba na mellora da agricultura. Aprestáronse a iso algúns intelectuais novos, e outros que non o eran tanto. E ao seu carón tiñan sempre, na entrada mesma da cidade da Coruña, o amparo da Granxa-Agrícola Experimental de Galicia, para eles, a Granxa de Monelos.

A cabalo entre os dous séculos collía forma na configuración de Galicia a idea de ser un país de labregos. O acontecido arredor do cambio de século marcaría substancialmente todo o primeiro terzo do século XX, dominado polos problemas relacionados co mundo rural, no que os labregos adquiriron un crecente protagonismo social, o que mudaría a escala da súa subordinación sen por iso afastala de todo. Amais de recibiren a atención preferente dos grupos e das elites políticas que tiñan o poder ou loitaban por el, os labregos concitaron tamén a preocupación do mundo intelectual, no que a precoz ollada de Rosalía de Castro se xeneralizou ao compás do agrarismo e do galeguismo. En especial, xaora, entre os

intelectuais ligados ao nacionalismo, que procederon a identificar a Galicia real coa labrega –e mariñeira– até mitificala, pero tamén entre outros destacados sectores da vida cultural da altura situados na órbita do rexionalismo, máis ou menos republicanos, máis ou menos conservadores. Foron todos eles, como Antom Santos advertiu, os que deseñaron e propalaron o construto do «galego-labrego» que procederon a difundir socialmente e que fica ben reflectido nos alicerces do folclore que daquela se constrúe e aínda perdura. A vaca; o hórreo; a mulleriña con dengue, con pano e sella nos cadrís ou na cabeza; o cruceiro; a gaita; as cantigas de traballo dos corais; a ruda e alegre muiñeira ou os alalás populares pasaron a formar parte das representacións simbólicas imaxinadas pola nosa *intelligentsia* até se converter daquela en «tradición».

Foi un tempo seminal, que marcou a fasquía da sociedade actual de propietarios e a súa vocación de ascenso e mellora social pola vía da educación, nunha lóxica meritocrática que encaixa moi ben coa ética campesiña do traballo. O peso dos labregos no século xx e case até hoxe procede tamén de seren os principais protagonistas colectivos do agrarismo, que, coa emigración, son as dúas grandes epopeas civís contemporáneas de Galicia. O agrarismo constituíu o síntoma visible desoutra proeza silandeira que foi a propietarización, que lle garantiu a un sector importante do campesiñado, ao extenso grupo de casas con labranza de seu, un dominio social e económico estrutural. Os donos de seu.

A preeminencia das casas labregas no noso pasado ten sido interpretada como un problema e adoito confundida co minifundio. E ambas as dúas, interpretación e confusión, erradamente mesturadas con propiedade, parcelación, insolidariedade e falta de cooperación. Mais, ao caracterizar a Galicia do momento pode afirmarse que a cerna dos seus problemas non eran os labregos como grupo, nin a súa conquista da propiedade, nin o tamaño das súas explotacións, nin das facendas e os eidos que as compoñían, nin a ausencia de man de obra asalariada agrícola. No fin de contas, o predominio da pequena explotación baseada no traballo familiar, igual que noutros países europeos, como Finlandia, Irlanda, Flandres ou en distintas rexións centroeuropeas, non significa mecanicamente «atraso».

Certo que a propietarización configurou historicamente Galicia como un país de labregos, mais non é de lei asumir que a culpa dos atrasos na prosperidade económica ou no benestar social posteriores a 1940 recaia só na agricultura –no mundo rural–, tal e como pretende esa curta e tópica visión elitista e ahistórica do pasado que fixo fortuna entre nós. Os factores limitativos, os condicionantes históricos disto, hai que buscalos, poñamos por caso, nos elementos históricos que explican os *tempos* económicos e socioprodutivos que marcan o desenvolvemento do mundo urbano. Tamén na actuación e na disposición das distintas burguesías galegas como grupo social ou nas condicións homoxéneas que unha determinante e dominante concepción centralista do Estado lle impuxo a Galicia como territorio, hábitat e medio, condicións, normativas e políticas coas que case sempre, onte como hoxe, saíu prexudicada. Non é por acaso que Estado e burguesía sexan os dous piares, os responsables históricos, da creación dese mundo novo do capitalismo no que Galicia buscaba o seu encaixe como economía e sociedade. Un mundo ao que os labregos, en canto grupo subalterno, se resistiron e se adaptaron –navegaron, máis ben– mentres houbo condicións sociais e políticas para iso, antes da crise dos anos trinta e do inmenso *gap* histórico que supuxo a solución que a esta se lle deu no Estado español.

O tempo do agrarismo: mobilización social e política pola terra de seu

O nacemento do agrarismo insire –mantén– Galicia nas dinámicas sociais da Europa do seu tempo. Os tres lustros que van de 1905 a 1920 estiveron marcados en todo o mundo por movementos sociais reformistas, populistas ou revolucionarios que tiñan como base principal da mobilización social a loita pola terra, fose o México revolucionario, a Europa central e do Leste, cos seus partidos campesiños en formación, a Irlanda da Liga Agraria ou a Finlandia que loitaba pola súa independencia no marco da mobilización campesiña. Mesmo a Rusia en que triunfaron os bolxeviques non se entende sen ter en conta esas arelas da maioría social.

O campesiñado europeo como grupo social heteroxéneo, e mais a pequena explotación familiar –a casa– como ámbito de organización da produción, demostraron unha gran capacidade de resistencia e consolidación en numerosos territorios europeos á saída da crise agraria de finais do século XIX. Moitos sectores campesiños mantiveron e consolidaron a vinculación coa terra e a produción agraria mellor que os perceptores de rendas, e o caso galego resulta paradigmático disto. En moitos lugares de Europa as vellas casas fidalgas foron incapaces de adaptarse ás mudanzas socioeconómicas do século XX. Simultaneamente, en moitos estados liberais fixéronse políticas de apoio á pequena propiedade, ao considerala unha garantía de estabilidade fronte á conflitividade que acompañaba a proletarización e a miseria campesiña, e ao risco de confluencia de intereses sociais e organización política entre o puxante movemento operario e o campesiñado (en particular os xornaleiros ou os propietarios frustrados), do que foi bo expoñente o anarquismo que arraigou en numerosas rexións do sur de Europa.

Desde 1900, en Galicia confluíu tamén o desexo dos labregos de se converter en donos de seu, con políticas liberais favorecedoras da estabilidade social deseñadas polas elites, ou por sectores sociais con aspiracións a selo, que ademais precisaban gañar o favor duns campesiños recentemente estreados votantes no sufraxio universal masculino. Estas novas dinámicas do trinque nutríronse tamén de ideoloxía, da que constitúe fiel reflexo unha nova doutrina social –na que a Igrexa incorporaba a súa propia variante– do modelo cooperativo e asociativo que, con diferentes obxectivos e concrecións, artellaran republicanos librepensadores, socialistas, sindicalistas e libertarios en toda a Europa urbana desde mediados do século XIX.

Nesta mesta conxuntura inzada de posibilidades transformadoras en distintos graos, fora o reformismo promovido polos Estados democráticos en favor da súa estabilidade ou a vía revolucionaria que se estendía nos Estados máis autoritarios, abrollou o agrarismo en Galicia no marco dun Estado liberal español que comprendía sociedades e estruturas fundiarias e económicas moi diversas, nunha gradación norte-sur que semella un microcosmos da Europa toda.

Formas, organización e desenvolvemento do movemento agrarista (1886-1936)

O nacemento do asociacionismo agrarista en Galicia hai que relacionalo co cambio político e social que no período da Restauración española retomara os avances do Sexenio Revolucionario (1868-1874), en concreto, coa promulgación da Lei de asociacións de 1886 e a implantación do sufraxio universal masculino en 1890. Nesta conxuntura, o mundo rural galego pode definirse a través dos procesos de transformación en que as sociedades agrarias desempeñaron un papel central.

O primeiro deses procesos, que enxerga a dinámica galega coa mundial, é o que veño denominando propietarización labrega. O agrarismo foi un dos instrumentos decisivos para eliminar as cargas forais e desprazar os que viven de rendas –que reclamaban para si a denominación de propietarios desde a revolución liberal– da súa posición preeminente a respecto da posesión da terra e da produción agraria.

O segundo ten que ver co feito de que as sociedades agrarias foron o vehículo preferente das transformacións produtivas das pequenas explotacións. Foron, pois, axentes colectivos da innovación técnica, da incorporación de novos instrumentos e máquinas, de novos métodos fertilizantes, e promoveron un diálogo coa ciencia que hoxe denominariamos «cocreador», no que atinxe por exemplo á selección de gando e sementes. Todo isto facía máis e mellor a produción –máis rendible– desde a perspectiva dos labregos.

O terceiro refírese á participación directa nos mercados –ao favorecer a venda cooperativa, en especial da produción gandeira– e á adquisición para as explotacións de medios de produción de orixe industrial (maquinaria e os seus consumibles, fertilizantes…) e bens de consumo. Desde a década de 1920, axudaron a facer máis favorable –ou menos gravosa– aos labregos a súa difícil, e moitas veces desigual, relación co mercado.

O cuarto proceso no que o agrarismo desempeñou un papel decisivo foi o da construción da sociedade civil na Galicia da época. Adaptando formas populares de resistencia campesiñas precedentes,

o agrarismo incorporou os métodos de organización civil do liberalismo que contribuían a facer viables as estratexias dos labregos a respecto do conflito antiforal e, en canto atendeu a intereses políticos, serviu ademais para canalizar a politización do campesiñado.

Como movemento social, pasou por fases diferentes nun tempo de notable dinamismo social e político. A partir das propostas de Ramón Villares, J. A. Durán, Henrique Hervés e Miguel Cabo, podemos apuntar unha detallada cronoloxía e feitos nucleares do movemento:

1ª) 1886-1906: Creación das primeiras mutuas gandeiras formais e constitución e rexistro das primeiras sociedades de agricultores.
2ª) 1907-1912: Explosión agrarista anticaciquil e antiforal no *Manifesto Solidario*, Directorio Antiforista de Teis e Unión Campesina, Asembleas Agrarias de Monforte (desde 1908), *Manifesto da Liga de Acción Gallega*, Basilio Álvarez (1912).
3ª) 1913-1917: Anos de *impasse*, esváense os intentos de coordinación a escala galega, desaparecen sociedades, consolídanse algunhas federacións comarcais, mentres ferve o preito foral e se tensionan os prezos agrarios no contexto bélico.
4ª) 1918-1923: Intensa conflitividade, resistencias, radicalización entre campañas católicas e antiforismo abolicionista.
5ª) 1924-1930: Coa Lei de redención foral (1926), triunfo silandeiro, moderación política, activismo cooperativo e protagonismo católico ao abeiro da ditadura de Primo de Rivera.
6ª) 1931-1936: Afondamento das orientacións técnicas, cooperativas e tamén das políticas do agrarismo na explosión democrática e pluralista da II República.

As primeiras agrupacións en crearse foron sociedades de seguros mutuos de gando, vinculadas ás vicisitudes do comercio pecuario que tiñan como fin a defensa económica dos intereses dos labregos en relación coa súa produción. Formalizando tradicións precedentes ao abeiro da lexislación liberal, estas sociedades garantían unha

máis segura e eficaz participación deses labregos no mercado, ao compensar as perdas do gando, aínda moi frecuentes, por enfermidades e mortes dos xatos ou pola máis gravosa de súas nais. Nun tempo en que a venda de gando era a vía principal de obtención de ingresos monetarios en moitas familias campesiñas, protexer a produción para o mercado mutualizando as perdas convertíase nunha poderosa estratexia de acción colectiva.

A grande explosión asociativa no rural galego produciuse a finais da década de 1910. Foi entón cando as novas formas de organización societaria acadaron unha grande extensión territorial, a cal se materializaría para 1920 en máis dun milleiro de sociedades agrarias, moitas delas organizadas en agrupacións ou federacións comarcais que atinxían un amplo abano de orientacións ideolóxicas. Nesa altura, os católicos contaban con arredor de 500 sociedades confesionais que, segundo os seus propios datos, terían uns 45 000 socios; os socialistas, presentes en moitas sociedades, só agrupaban formalmente 15 sociedades na CNT, de xeito que apenas sumaban uns 1100 socios con esa etiqueta.

Mais o certo é que o modelo predominante non era o da adscrición política, senón territorial e comunitaria, aldeá ou parroquial. Nas sociedades parroquiais convivían diferentes orientacións políticas –mauristas, conservadores, carlistas, liberal-demócratas, republicanos, galeguistas, socialistas, sindicalistas– que ao longo do período podían manifestarse máis ou menos intensamente, ou mesmo hibernar durante a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) e rexurdir logo con pulo na República (1931-1939). Estas sociedades internamente plurais eran as máis destacadas e poden agruparse en federacións agrarias territoriais; por exemplo, en 1919, a Federación Provincial de Pontevedra sumaba 175 sociedades e arredor de 16 000 asociados. Para ponderar estas cifras, téñase en conta que os socios eran as casas de labranza, non os individuos; cada casa contaba como un socio, independentemente de cantas persoas vivisen no grupo doméstico, del ou con el. En 1922, baixo o liderado de Basilio Álvarez, na Confederación Regional de Agrarios Gallegos xuntáronse 133 sociedades, dúas federacións agrarias provinciais e sete federacións

locais, sumando 60 000 afiliados, arredor da consigna abolicionista de non pagar, no intre de maior actividade e radicalización na loita contra o foro. A isto hai que engadir que nalgunhas sociedades parroquiais formalmente católicas tamén se agrupaban veciños de diferentes preferencias políticas.

As mutuas estiveron, pois, na orixe de moitas sociedades agrarias, que as conservaron como seccións despois de constituírense. Nas rexións máis antigamente gandeiras de Galicia, todas as sociedades contaron sempre cunha mutua de seguros de gando na base da súa actuación ordinaria. En Ferrolterra hai moitos exemplos de mutuas que xermolaron en sociedades máis amplas nas que até 1936 perduran poderosas seccións de seguros mutuos, como acontecía na Unión de Labradores do Val (parroquia de Santa María, Narón) ou en La Protectora de San Xoán de Piñeiro (Mugardos, fundada en 1909). Semellantes exemplos poden indicarse tamén para Ortegal, A Mariña ou o Baixo Ulla.

O cooperativismo, a participación no mercado, a comercialización de producións e a merca de bens de consumo e dos medios de produción necesarios para as casas/explotacións ocuparon a parte ordinaria das actividades das mutuas, xa convertidas, consonte vai avanzando o século xx, en sociedades regulamentadas e organizadas para estes novos e modernos fins. Nos anos vinte, a citada Unión de Labradores do Val tiña aseguradas 400 reses de 150 socios cun valor aproximado de 150 000 pesetas. Polas mesmas datas, a súa veciña de San Mateo do Val (a católica San Pelayo) facíase cuns ingresos anuais de 15000 pesetas. Moitas sociedades, como esta última, contaban cunha máquina de mallar e outros apeiros de labranza mercados para así dar servizo aos seus asociados. Polo demais, todas estas entidades tiveron un gran valor transformador como instrumento articulador da vida social da parroquia, alén do adro da igrexa, pero tamén sobordaron a acción meramente económica mediante reunións sociais, organización de bailes e festas, de acontecementos culturais…, o que as converte en marcos preferentes da vida social da aldea no seo dunha sociedade moderna. E tamén da vida política e electoral no liberalismo.

As autodenominadas sociedades de agricultores, que xurdiron ou non dunha mutua gandeira previa, aparecen a partir de 1896. Son unha fórmula de intervención máis complexa, vinculada ao combate contra o foro e á mobilización política. Na amentada comarca de Ferrolterra, en Cervás, fúndase unha das primeiras, se ben o maior arraigamento e extensión destas sociedades deuse nas parroquias próximas á cidade de Pontevedra, onde xa se estableceu en 1903 unha Federación Agrícola que agrupaba as entidades creadas nos anos precedentes. O formato destas sociedades era máis semellante ao das sociedades obreiras de resistencia; ademais, incorporaban unha forte compoñente anticaciquil, e na súa creación e actuación estaban influídas por grupos republicanos urbanos e mesmo por sectores socialistas e sindicalistas. Amais do foco de Pontevedra e concellos limítrofes, cara ao sur foron núcleos importantes de expansión o concello de Lavadores, Tui e mais o Condado. Outro nodo pioneiro, conformado entre as vilas de Caldas, Cuntis e A Estrada, prendeu no Salnés e nas Rías Baixas. No norte, outros centros de efervescencia asociativa foron as Mariñas coruñesas, con especial incidencia na orla de Miño-Betanzos-Arteixo; no interior a explosión asociativa agrarista protagonizárona a comarca de Chantada e os concellos próximos á cidade de Ourense. Os problemas xerados polo funcionamento do mercado do viño ás casas labregas, amais do preito foral, estiveron sen dúbida na base da expansión do asociacionismo agrario nas bisbarras viñateiras do Ribeiro, Valdeorras e moitas outras da metade sur do país.

Os anos da explosión agrarista, entre 1907 e 1912, afectaron decididamente á maioría das bisbarras da Galicia costeira e mesmo a moitas rexións do interior. A Lei de sindicatos agrícolas de 1906 creou unha figura legal máis acaída para o ámbito das pequenas explotacións, o que favoreceu a multiplicación de sociedades acollidas á nova lei, pese aos atrancos administrativos e políticos ministeriais para impedir o seu recoñecemento nos primeiros anos de vixencia da citada lei. Esta explosión cadrou cunha preocupación crecente pola mellora da agricultura galega, que funde intereses científicos, técnicos e económicos na necesidade de lograr unha renovación técnico-produtiva e, á vez, na urxencia por resolver o

problema do sistema de propiedade superando o marco foral. As propostas para a solución destas cuestións xeraron un debate que implicou gran parte da sociedade galega, políticos, técnicos e científicos, xuristas e economistas agrarios, poetas e intelectuais galeguistas. As Asembleas Agrarias celebradas en Monforte os anos 1908, 1910 e 1911, con posterior continuación noutras localidades, foron a expresión requintada desta centralidade da preocupación agraria no período. Nas súas sucesivas reunións, formulouse un xeito de programa común para o agro galego que nutriu a maioría das propostas feitas sobre o particular até 1936.

Nun arco temporal máis amplo, entre 1907-1923, pódese apreciar a converxencia de intereses políticos e sociais do agrarismo ao redor de dúas cuestións chave: o anticaciquismo e a oposición ao monopolio dos partidos *turnistas*. A loita social contra o dominio das elites locais máis próximas mesturouse coa loita política contra as elites políticas que controlaban a representación municipal e parlamentaria. Así sucedía nas grandes e estendidas mobilizacións agraristas contra os trabucos, os imposto de consumos, as contribucións decididas localmente, a continuidade dos foros e os pagos de rendas aos cobradores, consubstanciais ao mantemento do sistema foral.

As sociedades agrarias protagonizaron o conflito antiforal atendendo aos intereses dun amplo sector dos labregos que precisaban eliminar o foro para acceder á propiedade das terras que traballaban. Dirixiron tamén a protesta contra os trabucos, agrupando todos os sectores sociais subalternos rurais e mesmo urbanos, contrarios a un sistema lesivo para os intereses da maioría, que era decidido polas elites que tiñan e mantiñan a representación política. Esta conexión entre grupos sociais do campo e da vila e as súas respectivas organizacións está presente en diferentes momentos e territorios desde o arrinque da loita. No abrollar desa explosión asociativa, conformáronse dúas importantes agrupacións agrarias arredor das dúas principais cidades. Na Coruña, a Unión Campesina (1906), con claras influencias sindicalistas e republicanas urbanas, chegou a ter 28 seccións nas Mariñas coruñesas. Na contorna de Vigo, articulouse case á vez o Directorio Antiforista de

Teis (1907), que, co apoio e intervención de sectores do Partido Liberal, logrou agrupar unhas 100 entidades, a maioría do sur de Pontevedra. Como resposta, máis directa que indirecta, a esta axitación mobilizadora e ao proceso de articulación e organización social que levaba parello, entrou en xogo tamén o social-catolicismo agrario, vinculado ás novas doutrinas sociais da Igrexa e á nova vontade católica de intervir con voz propia nos movementos sociais e políticos da modernidade liberal.

A persistencia da potente conxunción de intereses sociais e políticos indicada, e a súa articulación urbana, vilega e rural, explican o aumento da axitación social e a aparición de importantes agrupacións agrarias, e mesmo de agrupacións políticas que, como Solidaridad Gallega (1907-1912) e a Liga de Acción Gallega (1910-1014) de Basilio Álvarez, tiveron no agrarismo a súa base fundamental. O papel das vilas intermedias na extensión do fenómeno, aínda que estudado e coñecido –Antonio Paz sobre Chantada, Liñares para o Val da Barcala, Rosende sobre Ortegal, Lombardero para Ribadeo, Hervés o Condado etc.– non foi dabondo destacado para entender a rápida conformación da mesta estrutura reticular do agrarismo.

En suma, foi un proceso de mobilización e articulación que abrangueu o país galego enteiro. Se outra volta ollamos as Mariñas ferrolás, vemos aparecer desde 1907 sociedades que responden ás condicións enunciadas. En Fene creouse ese ano La Necesaria, de orientación solidaria (no futuro, afiliada á CNT); ao mes fundouse La Honradez Agrícola, localizada en Perlío pero con vocación municipal, dirixida por cregos e concelleiros conservadores da corporación. En 1913 nacía a Unión de Labradores de Limodre. No veciño concello de Mugardos, a Cooperativa de Consumo de San Xoán de Piñeiro creouse en 1912. A Sociedad Agrícola de Narón, de ámbito municipal, que se organizou en 1908 con seccións parroquiais, convivirá no mesmo concello con sociedades parroquias de diferente signo –unha laica en Santa María e unha católica en San Mateo– nas dúas parroquias do Val. No mesmo concello, vontade política, económica e técnica únense en La Emancipación Campesina de Narón (1909, 180 socios), que nos seus estatutos proclama:

> lograr de los candidatos a diputados el compromiso de que se cree una escuela agrícola por municipio dotada de todos los adelantos que la ciencia aconseja, con el fin de mejorar las producciones y enriquecer al labrador.

A articulación supraparroquial concretábase na comarca mariñá ao abeiro de Solidaridad Gallega, na constitución da Federación Agrícola de Ferrol-Pontedeume (1910), a cal propón «redimir o labrego da ignorancia, a miseria e a servidume», nun programa que proclama á vez a «aspiración á educación e á cultura, á prosperidade social e económica e á liberación da dependencia social e política». E todo, «mediante a cooperación e a mutualidade para o socorro, a instrución, a produción, o crédito e o consumo; co obxecto de mellorar a súa condición moral, económica e social». Pola súa banda, La Necesaria, de Fene (1907), unha das primeiras e máis activas sociedades da bisbarra, non ficaba atrás na súa aspiración económico-técnica, e, como mellor forma de facer valer a orientación social e solidaria, expresaba nos seus estatutos a súa vocación moral, social e renovadora no económico. Paga a pena deterse na súa expresión:

> 1. Mejoramiento moral, económico e intelectual de los asociados y defensa de sus intereses de toda especie.
> 2. Emplear todos los medios de defensa.
> 3. Prestarse apoyo mutuo…. para favorecer la fraternidad que supere el antagonismo entre las aldeas.

As vías de melloramento, prosperidade e emancipación propostas aspiraban a lograrse e fundamentarse na cooperación fraterna e o apoio mutuo. Non eran só palabras no papel, como ás veces pensou quen as leu despois, xa na actual democracia recuperada, con esa ollada ilustrada e urbana desenfocada sobre os futuros pasados do país. Ao contrario, foron principios e métodos que deron en acción e mobilización, que lograron resultados históricos que chegan até hoxe e crearon hábitos e formas de organización capaces de construír culturas comunitarias e aldeás de longo percorrido. Deteñámonos de

novo brevemente nalgunhas destas sociedades da ría de Ferrol, pois son un exemplo do acontecido na maioría delas, para así entender o que deixaron.

Como en tantos casos, os motivos da continuidade temporal dunha sociedade como La Necesaria ao longo de trinta anos (1907-1936) hai que buscalos nas súas funcións cooperativas e mutualistas. A razón da súa afiliación e vixencia, por riba das conxunturas políticas, tivo que ver coa utilidade duns servizos que prestaba á comunidade e ás casas labregas, os cales tiveron a súa tradución social e produtiva en termos históricos. Posiblemente o servizo máis socorrido e adoito era o seguro gandeiro, creado cando a sociedade (1907), e ao que se foron incorporando outras prestacións. Á altura de 1929, contaban cun veterinario para atender o gando dos socios e dispoñían de asistencia médico-sanitaria para os afiliados e as súas familias. A xoia para entón era a sección cooperativa de produción e consumo, que mercaba para os socios a prezos rebaixados tanto produtos de primeira necesidade en «buenas condiciones de calidad, peso y medida»: azucre, aceite…, –na práctica, un economato–, como tamén servía máquinas e outros medios de produción (fertilizantes, sementes etc.), que eran ensaiados e probados antes de ser mercados pola sociedade por xunto eliminando os intermediarios. Ademais, encargábase de xestionar a venda de produtos: «la venta directa del ganado y demás artículos agropecuarios a los mercados que mejor valoren estos productos», unha cooperativa de comercialización directa que evitaba tratantes e intermediarios. Algunhas máquinas especialmente custosas, como a de mallar ou as limpadoras, eran propiedade da sociedade, que logo as cedía en alugueiro, asimilándose ao que na segunda metade do século xx identificariamos como unha cooperativa de produción. Facilitar máquinas de mallar e arados Ajuria ou fertilizantes da Cros era unha parte principal da acción ordinaria de La Necesaria e estivo na razón do seu éxito.

Sen mudar de comarca, La Honradez Agrícola de Perlío, tamén de 1907, non chegou en cambio activa á República. Veciña da anterior, pero de orientación confesional sen se declarar formalmente

católica, serve de espello dunha práctica estendida na maioría das sociedades do país, á marxe da súa pretendida orientación política, na que os seus piares cotiáns eran o crédito agrícola, o seguro mutuo gandeiro e a imprescindible máquina de mallar para dar servizo á comunidade. Presentábase La Honradez na súa definición estatutaria dun xeito moi técnico e cunha vocación claramente económica e aínda produtivista, pois ao acollerse á citada Lei de sindicatos agrícolas de 1906 remarcaba con contundencia esas intencións na súa declaración de obxectivos:

> 1. Compra de aperos, máquinas agrícolas y ejemplares reproductores animales.
> 2. Compra para el sindicato y sus socios de abonos, plantas, semillas, animales y demás elementos de producción y fomento agrícola y pecuario.
> 3. Venta, exportación, conservación, elaboración y mejora de productos agrícolas y ganaderos.
> 4. Roturación, explotación y saneamiento de terrenos incultos.
> 5. Aplicación de remedios contra las plagas.
> 6. Enseñanza, publicaciones y certámenes que fomenten los conocimientos agrícolas.

No mesmo concello, a Unión de Labradores de Limodre (1913) empregaba o anagrama da Unión Campesina, aquel conglomerado coruñés de influencia anarcosindicalista que chegara na súa expansión mesmo a esta parroquia, situada entre a ría de Ares e a de Ferrol. A Unión de Limodre agrupaba 238 socios en 1929. En liña cos obxectivos das dúas anteriores, expresaba tamén xenuinamente a forma na que pretendía atender os requirimentos dos seus asociados. Ao carón dos inevitables seguros, nos estatutos especificaba a intención de mellorar a «condición social do labrego» en canto a gandería, selección de sementes, merca de fertilizantes e apeiros, ademais de cooperar no aprovisionamento nas mellores condicións de prezo e calidade de grans, tubérculos e adubos químicos para o consumo dos socios. Todo era para a casa labrega,

e a casa igualaba produción e consumo, produción e reprodución, evitando unha distinción que non tiña senso máis que para fóra e desde fóra.

As sociedades confesionais, activamente promovidas pola Igrexa católica desde 1910 para competir coas laicas (coñecidas como neutras ou non confesionais), eran as máis empeñadas en envolver a orientación política na actividade cooperativa. A mencionada Cooperativa Benéfica de Consumo de San Xoán de Piñeiro (1912), dirixida explicitamente á vez a labregos e obreiros, constitúe un exemplo significativo da competencia católica co agrarismo laico e o movemento operario. Centrábase principalmente no funcionamento dun economato que ofrecía:

> los productos de mayor consumo sin adulteración comprándolos directamente a fábricas y almacenes: abonos minerales, productos de consumo casero (sal, aceite, sucre (*sic*) […] y todo lo concerniente a ferretería.

Os activistas católicos, que eran máis intervencionistas que os laicos, distinguían ben na redacción dos seus programas e estatutos os produtos para consumo doméstico, os de ferraxería e os fertilizantes necesarios para a produción agraria. En 1922, o volume de negocio desta sociedade superaba as 40 000 pesetas anuais, equivalente a unhas cen cabezas de gando bovino segundo o prezo medio –400 pesetas– estimado pola Estatística Pecuaria de 1925, nun tempo en que tres vacas facían boa unha casa labrega. En todos os casos, a desconfianza a respecto dos produtos subministrados polos comerciantes estaba máis que xustificada e por iso a adquisición directa convertíase nunha garantía que buscaba evitar a adulteración de fertilizantes e os prezos abusivos.

Como moitas outras sociedades, federacións e agrupacións, a cooperativa católica de San Xoán de Piñeiro tiraba ademais un periódico, neste caso anual, denominado *La Cooperación*. Abundaban tamén os semanarios e os boletíns mensuais ou trimestrais, diferentes periodicidades e formatos para unha abundante prensa agraria ben estudada por Xosé Ramón Barreiro,

Xosé A. Durán e Miguel Cabo, que tiña como misión axudar a diseminar e arraigar a acción do agrarismo. Da mesma época e co mesmo motivo, entre esa prensa cóntanse moitas publicacións de orixe vilega como *La Comarca del Eo* (1919), *La Voz de Ortigueira* (1916) ou *El Tea* de Ponteareas (1908), cabeceiras nadas á calor da mobilización social e política agraria. E, a maiores delas, o moi coñecido diario ourensán *La Zarpa* (1921).

Galicia feita en América. As achegas da emigración coseron a modernidade dunha sociedade europea

Como tantos europeos –suecos, alemáns, gregos…–, os galegos tamén emigraron no tempo da grande epopea americana, e mesmo aínda despois dela. Entre 1860 e 1970 un de cada catro nados en Galicia marchou e non volveu: 2,3 millóns de emigrantes en 110 anos son moitos para un país que en 2025 rolda os 2,7 millóns de habitantes, e 1,3 millóns de nacidos na terra seguen aínda hoxe na emigración. Da súa pegada facémonos unha idea cando advertimos que os habitantes de Galicia representaban a finais do século XVIII un 14% do total da poboación española, mentres que hoxe non chegan ao 7%.

Esta gran diáspora conta con moitos estudos e descricións –entre os que destacan os de Pilar Cagiao–, os cales amosan que en América os galegos e galegas traballaron, aprenderon novas técnicas, desenvolveron ideais de emancipación, participaron nos modernos repertorios de conflito e, sobre todo, descubriron Galicia ao lonxe. O galeguismo fíxose viaxando. Fóra da Galicia europea construíronse a maioría das institucións e moitos dos sinais de identidade da modernidade galaica contemporánea. Paga a pena algunha mención para situar o tempo e o modo: en 1891 alentouse na Habana o Panteón de Galegos Ilustres, en 1905 fundouse a Academia Galega na mesma cidade, onde dous anos despois, en 1907, o Teatro Chacón acolleu a estrea do himno galego que promoveu o Centro Galego. En 1909 a bandeira azul e branca adoptouse popularmente na despedida cívica que se lle rendeu ao

cadaleito de Curros Enríquez polas rúas habaneiras e na masiva recepción que o acolleu no porto da Coruña, pois a bandeira viaxou de capital a capital polas ondas do telégrafo e as novas dos navíos. En 1913, Basilio Álvarez publicaba, tamén na Habana, o seu berro da loita contra o foro: *Abriendo el surco*.

Arredor de 1910, A Habana, que tiña 277 000 habitantes, era posiblemente a referencia máis próxima a unha grande urbe moderna para os galegos que chegaban a ela e, por iso, posiblemente a súa cidade máis importante. A máis grande era Buenos Aires, cun censo de 1,2 millóns de habitantes en 1900, cando a veciña Montevideo non superaba os 300 000. Na Península, Madrid con 575 000 habitantes e Lisboa con 350 000 eran outras cidades de galegos, por diante da distante Barcelona, que reunía 540 000 almas. Naquela altura, Vigo, o gran porto da emigración, apenas superaba as 23 000, A Coruña as 44 000, Lugo as 27 000, Ferrol as 26 000, Ourense as 15 000 e Compostela as 24 000. Grandes concellos rurais de moitas parroquias, como A Estrada, que tiña 26 000 habitantes, ou A Fonsagrada, con 17 000, igualaban ou superaban a poboación desas cidades. Naquela época a maioría das vilas históricas roldaban os 4000: como Vilalba, capital dun concello de 13 500 habitantes repartidos en 30 parroquias e 800 lugares, Allariz con 9200 habitantes en 13 parroquias e 94 aldeas ou Noia con 10 300 en 6 parroquias e 104 lugares.

As cidades americanas cheas de galegos e galegas foron, entre as décadas de 1870 e 1930, as verdadeiras cidades de Galicia, cunha continuidade da súa presenza que non rachou nin a independencia de Cuba nin un océano cada vez mellor transitado e unido pola navegación, os cables submarinos e as ondas de radio. O asunto cubano é significativo; os acontecementos de 1898 só supuxeron para os galegos algunhas repatriacións de soldados cando a derrota de España, dándose logo unha renovada chamada para traballar na próspera República de Cuba, á que os galegos e galegas axiña acudiron en masa. Nada que ver –agás nas familias da Armada– coa dramática narrativa colonial sobre a perda da *Perla do Caribe* que as elites españolas fixeron perdurar na memoria e na literatura.

A relación popular e social entre América e Galicia sempre foi ben diferente da señardade imperial. Na II República, o Partido Galeguista tivo dous deputados directamente americanos: Suárez Picallo, un sindicalista arxentino, e Antón Alonso Ríos, o representante das Sociedades Galegas de Buenos Aires e dos seus intereses agrarios. Ambos os dous exemplifican con claridade a forma en que as cidades de América coseron a modernidade ás cidades galegas e ao mundo rural daquel tempo.

Fronte á postura dominante na segunda metade do século XX, que concibiu a emigración galega exclusivamente como un drama histórico, como unha sangría e unha condena centenaria sen remedio, cómpre referirse ás diferentes fases do longo proceso migratorio e atender, en especial, ao que ten que ver cos retornos. Para o período 1880-1940 temos que falar desoutra emigración que coñecemos ben polos restos materiais, en forma de fundacións, arquitectura, centros recreativos e grupos escolares. Pegadas dos emigrantes con éxito que resisten o paso do tempo en moitas aldeas, vilas e cidades. Unha emigración, a dese período, moi diferente á de mediados do século XIX e, sobre todo, da emigración aos países europeos posterior a 1960. A do primeiro terzo de século ten características singulares, pois máis que noutros intres foi unha migración andoriña, con estancias nos países de acollida relativamente curtas e a realización de varias viaxes de ida e volta á terra, favorecidas pola mellora nos transportes. Ademais, foi unha emigración fecunda na complexidade e diversidade dos seus retornos e decisiva pola súa contribución ás transformacións que experimentou o mundo rural.

Algúns daqueles retornos, ben coñecidos e estudados, foron os directamente financeiros, que nutriron tanto as casas de banca como as dos labregos, e favoreceron a capitalización de anovadoras iniciativas industriais ou comerciais, do mesmo xeito que a redención dos foros da casa dos pais ou a formación universitaria dos fillos. Sen saír das achegas económicas, as fundacións foron o instrumento dun potente, mais limitado, mecenado filantrópico do que queda máis memoria que cultura na Galicia de hoxe e que tivo diferentes expresións: a do mecenas enriquecido que amosaba socialmente a

súa riqueza e doaba algunhas migallas dela aos seus veciños e veciñas –ao xeito do citado Pedro Murias da Devesa (Ribadeo) ou dos irmáns García Naveira en Betanzos–. Outra versión foron as sociedades protectoras ou benfeitoras, constituídas polos emigrantes, ás veces a base de accións, grazas ás que reunían pequenas achegas para iniciativas como escolas, círculos de recreo ou cemiterios, nas aldeas ou parroquias de orixe e mesmo para constituír a Academia Galega. Outras contribucións, non monetarias e ás veces intanxibles, teñen que ver con novas culturas políticas traídas de alén mar, con habilidades sociais adquiridas nas urbes americanas, con novos oficios e técnicas aprendidas en lugares con economías de punteira innovación. Todo isto por xunto conformou unhas xeracións que adquiriron en América destrezas que non necesitaban na casa da que saíran e habelencias que non poderían chegar a ter se non marchasen da súa terra. Entre as máis importantes, capacidades prácticas de innovación vinculadas á segunda onda da industrialización.

Para entender o efecto da diseminación das achegas americanas en Galicia, máis alá de describir a materialización dos retornos, hai que deslindar outros aspectos. Un deles ten que ver coa capacidade das xeracións daquel tempo para: 1.º) ir, 2.º) traballar, 3.º) aprender en América, e outro, 4.ª), coa capacidade dos que quedaron en Galicia, das casas das que partiron, para lograr que ese fluxo de diñeiro, cultura política, destrezas sociais e capacidades técnicas circulase de forma constante cara á Galicia de acó desde a Galicia de acolá. O que coñecemos como a achega da emigración.

1.º) Para iren a América tiveron que pagar a pasaxe, algo do que as casas que podían se ocuparon aforrando, vendendo ou mesmo empeñándose. Aliviar a presión que sobre elas exercía un crecente número de membros era unha garantía de estabilidade para o seu o futuro. Xa que logo, a emigración neste tempo non foi unha emigración de fame, como a irlandesa, senón de relativa fartura: as casas estaban cheas de xente necesaria para o traballo no marco dun sistema orgánico de produción de policultivo-gandería que podía alimentala, a resultas daquela revolución agraria paisana acometida no

setecentos. O que non podían facer as casas labregas era garantir un futuro para todos os fillos e fillas que acubillaban: podían casar algunha ou algún fóra –máis, canto máis forte fose a casa ou maior promesa de herdanza puidese ofrecer o patrucio– e algúns fillos ou fillas podían ficar solteiros vivindo baixo o mesmo teito que o cabeza de casa, que mesmo podía mandar estudar algún deles fóra. Mais, nesta tesitura, a mellor saída para todos era pagar –ás veces renunciando á herdanza– a pasaxe a América, xa que as cidades galegas non demandaban sistematicamente man de obra suficiente como para dar saída a toda aquela xente sobrante nas casas. Foi así, axiña, cando menos desde os anos 1860-1870, como comezaron a activarse as cadeas migratorias de parentes, achegados e veciños, de maneira semellante a como sucedía en todas as sociedades campesiñas europeas onde había unha emigración continuada. A comezos do século xx, formar parte desas cadeas para evitar a guerra de Marrocos pode considerarse un máis dos factores de expulsión ou, se preferimos, dunha toma de decisión xeracional para ir alén mar.

2.º) A demanda de man de obra na outra beira do Atlántico seguiu aumentando até 1930, como tamén o número dos que saían a traballar a América, moitos dos cales buscaban mercados laborais sobre a base do aprendido e traballado con antelación. Por exemplo, é sabido que na construción do canal de Panamá morreron moitos galegos, pero é menos coñecido que o enxeñeiro da construtora que fixo a obra demandou para ela os traballadores galegos que xa coñecía de Cuba. A capacidade de traballar dos galegos foi mítica –narrada, xunto a doutras seis nacións do mundo, polo franco-cubano Paul Lafargue no seu libro *O dereito á preguiza*.

3.º) Amais de marchar fóra e atopar traballo, cada vez máis en función dos destinos e dos oficios, os que partían debían aprender novas destrezas ao fío das novas actividades industriais e comerciais que agora se desenvolvían nas cidades americanas. Non todos o facían, xaora; dicíase que había quen

fora a Montevideo sen nunca saír da casa, pero moitos dos que ían volvían a Galicia aprendidos. Polo demais, e aínda que sabemos pouco da capacidade dos nosos emigrantes para aprender a innovar, é posible que esta teña que ver, a semellanza do que ocorre cos doutros países europeos, coas diferentes calidades, saberes e destrezas que se levaban a cabo nos traballos da aldea, os cales ían alén do mero cultivo da terra.

4.º) Para entender mellor esa achega americana a Galicia, manifestada baixo unha auténtica marea de iniciativas que se estendeu con incrible capilaridade polas cidades, vilas e aldeas galegas no seus diferentes formatos e versións, cómpre reparar igualmente na axencia dos que non emigraron. Interesa entender a capacidade dos que quedaron na casa para lograr que ese fluxo de cartos, culturas políticas diversas, destrezas sociais e capacidades técnicas circularse de forma constante desde América a Galicia, para que non se detivese. En parte, todo se fundamentou nunha potente narrativa moi popular que coñecemos ben e chamamos morriña, que fai parella coa lusófona saudade. A morriña é descrita nos dicionarios como «unha saudade forte e melancólica, nostalxia, tristeza, sobre todo a causada por se estar lonxe da terra natal» (Estraviz), e tamén como «sentimento e estado de ánimo melancólico e depresivo, en particular o causado pola nostalxia da terra» (RAG). Unha interpretación material e histórica da morriña permite entendela como unha creación dos que quedaron na casa patrucial ou na aldea para lograr que os que marcharon non os esquezan, unha maroma, unha estacha, un adival capaz de tirar polos que se foron e, sobre todo, de chuchar polos seus aforros, contactos, capacidades e influencias. *As cartas do destino* foron o mellor instrumento doméstico para fomentar a morriña. A lingua, a cultura e o folclore, tan modernamente cultivados na altura, convertéronse nos mellores mecanismos colectivos para dar pulo a un senso concreto de identidade e pertenza. O resultado foi que, despois de «botalos» fóra, de mandalos

> lonxe, os que ficaron coa casa e as terras lograron que os emigrantes seguisen ollando sempre cara atrás, ás veces como se nunca saísen. Sobre ese sentimento de empatía, o feito concreto foi o establecemento dunha obriga dos que marcharon a gañar a vida fóra cos que quedaron na casa e lles pagaron a pasaxe, cos pais, irmáns e irmás. Logo de botalos en masa, impedirlles esquecer tivo substanciais beneficios para a Terra Nai.

As achegas da emigración contribuíron á construción das sociedades agrarias, proceso este que cadrou cunha fase especialmente activa da emigración andoriña na que as idas e voltas favoreceron os intercambios de persoas, ideas e experiencias. Desde 1905, as achegas dos emigrantes ás agrarias foron constantes e organizadas. Á súa directa contribución económica débese tamén a construción de moitos locais de societarios por toda Galicia, de norte a sur, dos edificios das explotacións gandeiras da Mariña aos grandes edificios das Sociedades do Baixo Miño e o Condado. Son boa proba novas como esta do xornal *Ribadense* en novembro de 1909:

> Hace unos días se inauguró el magnífico edificio que para domicilio social construyó la Sociedad Unión Agrícola y Pecuaria (de Vilaodriz e Vilameá) […] La obra se hizo por acciones, correspondiendo las más a los amantes hijos de aquellos ayuntamientos que residen en América, principalmente los señores Antonio Villamil y José Díaz Villamil. (Fonte: Lombardero Rico, 2003, p. 120).

O recoñecido papel dos emigrantes na configuración dun agrarismo conformador dese máis amplo proceso de articulación social e política do mundo rural galego é só parte da pegada destes en moitos outros ámbitos e facianas da Galicia do primeiro terzo do século xx. A do papel na emancipación da muller é unha das que aínda segue pendente de estudo, pois, aínda que adoito agochadas á mirada dos historiadores, aparecen a esgalla nas fontes, non poucas veces viaxando soas ou en grupo, do mesmo xeito que

figuran tamén mulleres nas relacións de naturais que colaboraban como doantes de cartos para as máis variadas iniciativas nas súas localidades de orixe.

Dos emigrantes procede gran parte do diñeiro para redimir os foros, mellorar as casas, mercar o gando, introducir innovacións tecnolóxicas ou para promover melloras nas aldeas: amañar a igrexa, o cemiterio, facer fontes e lavadoiros, torres de reloxo… Pero tamén tivo consecuencias non previstas nos marcos establecidos daquela. Basicamente, por mor das ideas novas e das ideoloxías que trouxeron consigo e que eran máis avanzadas que as que deixaran na terra: capacidades, hábitos ou prácticas de organización social que os que emigraran despregan á súa volta e que se concretan, por exemplo, na promoción dunha educación, normalmente laica, nas parroquias de orixe, ou na fundación de sociedades de moi diverso tipo: de instrución, culturais, recreativas ou deportivas, concibidas adoito coa ollada propia do novo mundo americano. A emigración foi por iso unha escola de liberdades e dereitos, tamén de cadros sociais formados nas grandes urbes americanas no activismo cívico, político e sindical, que á súa volta estenderon por Galicia. Como teñen estudado, entre outros autores, Andrés Domínguez, Xosé M. Núñez Seixas, Antón Costa, Pilar Cagiao, Vicente Peña ou Raúl Soutelo, os retornados influíron nas dinámicas políticas locais con moita liberdade e moitas veces con máis ascendencia que os que ficaran no lugar, na parroquia. A filantropía dos máis avanzados constituía o mellor instrumento para a acción política; foron eles os que máis impulsaron as políticas republicanas, obreiristas ou galeguistas e mesmo enviaron durante a República axentes, como os citados Alonso Ríos ou Suárez Picallo, para reforzalas.

Seguramente son as sociedades de instrución, creadas para promover a escola rural, o reflexo máis activo desta actividade frenética dos emigrantes nese período a prol da modernidade de Galicia. Foron máis de trescentas as escolas fundadas polos «americanos», cunha especial concentración no norte do país: na Mariña, na Terra Chá e nas Mariñas coruñesas, mais con extensión a todo o territorio, agás Ourense (mapa 8). Son máis coñecidas que outras achegas debido á súa tanxibilidade e a que se materializaron

en arquitecturas cun valor e un uso continuados por xeracións. Arraigadas no espazo e na memoria, foron estudadas polos historiadores da educación, como Antón Costa Rico, el mesmo alumno dunha desas escolas en San Miguel de Reinante. Mais a ambivalencia da emigración foi revelada neste tema por este autor, xa que, pensadas na altura para favorecer a sorte dos que emigraban, acabaron redundando ao cabo na mellora cultural e económica do país, tras seren un gran viveiro de emigrantes que, ademais, eran desgaleguizados por un ensino en castelán presentado como lingua de progreso e futuro, fronte ao galego, que levaba a emigración.

Mapa 8. Escolas de americanos en Galicia, por concellos (1900-1936)



Fonte: Cagiao e Peña (2008).

Non podemos rematar este apartado sen lembrar a outra gran cidade e porto de referencia en América, Nova York, moitas veces usada como trampolín de entrada, pero pouco indagada como lugar destino. Aínda así, sabemos polos traballos de Bieito Alonso que os portos da costa leste dos Estados Unidos foron escenario tamén dun asociacionismo mariñeiro galego internacional de matriz anarcosindicalista que, actuando nas dúas beiras do océano, activou a acción sindical tanto no continente americano como en Galicia. Un

fenómeno que, en si mesmo, nos obriga a superar o entendemento daquelas migracións como idas e voltas con achegas e contribucións.

Escenarios urbanos dunha sociedade moderna, europea, con moito de americana

O crecemento das cidades e vilas neste período estivo parcialmente referendado pola transición laboral dunha parte da poboación activa do rural cara a estes enclaves. Un movemento migratorio do tipo campo-cidade ligado a unha reordenación da man de obra, que transitou con ese movemento de actividades agrarias e artesás ás levadas a cabo nos sectores da industria e os servizos. Porén, en Galicia a construción da moderna sociedade urbana estivo marcada por un modelo urbano caracterizado polo policentrismo que foi esgazando a xerarquía urbana dos enclaves existentes entre as dúas cidades galegas máis activas de comezos do século xx, Vigo e A Coruña.

A conformación dunha nova economía urbana tivo a súa correspondencia nos espazos, nas formas e nas estéticas dunha nova sociabilidade de organización voluntaria, a cal non viña dada por estar necesariamente vinculada á comunidade de nacemento nin á relixión familiar. Esas novas formas de organización social abranguían, poñamos por caso, actividades económicas, de resistencia, de acción social ou sindical e de lecer.

Mudanzas sociais e construción dun escenario urbano liderado por Vigo e A Coruña

Consonte co dinamismo das transformacións xa sinaladas para aquela próspera conxuntura, no primeiro terzo do século xx tiveron orixe moitos dos actuais grandes grupos económicos. A maior parte deles estiveron vinculados á construción de buques, á conserva, ao comercio gandeiro ou aos negocios relacionados coa emigración transoceánica. Algúns, como o grupo Zeltia-Pescanova, situados no sur do país, ou o Pastor, no norte, coñecerían o seu principal

desenvolvemento na segunda metade do século. Ligada a eses grupos, conformouse entón aquela burguesía industrial e financeira que protagonizou, de forma principal e no marco da segunda industrialización europea, o proceso de creación dunha moderna economía galega que perdurou até que no remate do século XX, xa no novo período democrático, apareceron grupos radicalmente novos, como os artellados arredor de Inditex e Toxeiro, no norte, ou a Coren no sur.

As vilas e as cidades de comezos do século XX coñeceron unha importante transformación urbana, na que o impulso da modernidade foi capaz de rachar con moitos vestixios do pasado a un ritmo acelerado. As urbes, ademais de medraren, modificaron a súa estrutura funcional. Por exemplo, vilas e cidades costeiras deixaron neste tempo de ser o soar de familias que vivían das rendas agrarias, comerciantes e profesionais, para se converter en centros de actividades industriais, pesqueiras e, sobre todo, mercantís, a partir da aparición de novos establecementos comerciais ao estilo dos da cadea Almacenes Simeón. Fundada en 1872 en Santiago co nome de Simeón García y Compañía por un comerciante camerano, o seu negocio expandiuse por todo o noroeste español, onde, creando alianzas con comerciantes locais, chegou a ter antes da guerra establecementos en máis de quince vilas e cidades e preto dun milleiro de empregados. Na expansión comercial urbana daquel tempo, os capitais remitidos polos emigrantes e os indianos competiron ás veces, e aliáronse outras, cos dos comerciantes cameranos (orixinarios da Rioxa) e maragatos (de León), cos dos industriais de orixe catalá e coas novas compañías vascas, enxergándose tamén con enriquecidos tratantes de gando, armadores e outros negociantes locais.

A organización corporativa dos intereses de propietarios, comerciantes e industriais deu forma a unha patronal que é menos coñecida que as organizacións reivindicativas de operarios e agrarios. As Cámaras de Comercio e as Ligas de Contribuíntes estaban asentadas desde o século XIX, pero a patronal máis importante e cun perfil máis singular debeu de ser a Unión de Fabricantes de Conservas da Ría de Vigo, constituída en 1905 no

intre da maduración do sector. Con ela, tamén na mesma cidade, cómpre citar a Asociación de Industrias Pesqueras y Derivadas. Igualmente, só que cun carácter diferente, estaba a Asociación de Ganaderos del Reino, a cal tivo presenza en varias cidades galegas, mentres que os pormenores da Asociación General Patronal da Coruña para o período da II República foron desvelados no seu día por Xosé Ramón Barreiro Fernández e Beatriz López Morán.

Parte fundamental da transformación urbana pasou pola renovación dos servizos públicos, co establecemento do gas, servizos hixiénicos, rede de sumidoiros, traídas de auga e, moi logo, a electricidade. A iluminación eléctrica incorporouse a todas as cidades en só sete anos, entre 1888 (Pontevedra) e 1895 (Ferrol e Santiago), e para 1910 as cidades e as vilas xa a estableceran plenamente como forma de iluminación pública. Os equipamentos urbanos eran agora de moi diverso tipo. Nos anos vinte, os novos mercados de abastos nas cidades, e aínda nas vilas, convertéronse en novos templos do abastecemento urbano. Sexa o pavillón de Pescadería de Roberto Ucha en Ferrol (1923), a moderna praza de abastos de Compostela, construída en ferro e cristal (1873), ou a doazón do emigrante Ramón González en Ribadeo (1925).

Esta renovación da arquitectura urbana permitiuse seguir, con máis ou menos eclecticismo, as modas das vangardas europeas. Véxase, se non, o modernismo ferrolán ou vigués, que inclúe o neobarroco de Gómez Román, ou o moderno racionalismo coruñés de Caridad Mateos e de Eloy Maquieira en Lugo. Os arquitectos profesionais respondían así á demanda dunha nacente burguesía que definía as novas necesidades urbanas, conseguindo deste xeito introducir as cidades galegas na modernidade arquitectónica europea. Os novos ensanches urbanos, os teatros e edificios comerciais ou os gromos de cidades-xardín son proba viva daquela etapa.

En 1904 inícianse na Coruña, no espazo deixado polas antigas murallas, na denominada Praza do Derribo, as obras do actual Pazo Municipal de María Pita, rematado en 1917. Tampouco foron alleos os emigrantes e as súas pequenas ou grandes fortunas ás obras de reordenación urbana. Entre tantos casos, pódese citar o ben

coñecido caso de García Barbón en Vigo ou o dos irmáns Moreno na vila de Ribadeo, os cales derrubaron a torre medieval para construír a súa morada nun estilo ecléctico copiado de Montevideo e na que se instalou o primeiro ascensor de toda a provincia. Desde 1913, a chamada Torre dos Moreno pasou a ser o símbolo da vila, facendo esquecer así aquel vello vestixio da vila medieval. Ao seu carón, tamén se construíu un novo espazo urbano, o denominado Cantón dos Moreno, que urbanizou unha parte do antigo e activo campo da feira, un modelo que se reproduciu no cambio das trazas urbanas de moitas cidades e vilas da altura e que constitúe un síntoma do pulo e da afouteza dos novos intereses, dos hábitos e dos gustos que os acompañaron.

Outro indicador das mudanzas nas estruturas urbanas –xa referido– estivo vinculado aos novos medios de transporte, cos trazados dos tranvías nas principais urbes e o funcionamento das compañías de autobuses interurbanos. En 1901 constitúese na Coruña a Compañía de Tranvías e desde 1913 xa funcionaron as liñas electrificadas nesa cidade e mais na de Vigo; unhas liñas que foron ampliándose para establecer extensións cara ás súas respectivas áreas de influencia metropolitana na medida en que as dúas cidades manifestaban a súa vocación de articular o seu territorio de influencia. A expansión urbana pasou, convén non esquecelo, polo dominio da súa contorna, en especial en Vigo e na Coruña, pero tamén en Ferrol ou en Pontevedra-Marín.

O relevo da fidalguía como grupo social dominante non foi tomado directamente pola burguesía dedicada ao pequeno comercio ou ao exercicio daquelas profesións liberais coas que os fidalgos compartiran poder e rendas durante o século XIX. Non, fíxoo esa burguesía comercial e industrial de marcado carácter urbano que abrollou coa aparición das novas actividades urbanas industriais e de servizos. O desenvolvemento das conserveiras, da pesca de altura, dos estaleiros e toda a serie de actividades asociadas permitiu a aparición dun grupo social de industriais e negociantes nas cidades costeiras. Con eles –e frecuentemente rivalizando, como acontecía en Vigo– xurdiron consignatarios de navieiras europeas e axentes representantes de compañías de seguros relacionados co tráfico

portuario e co lucrativo transporte de emigrantes a ultramar, individuos que agora ocupaban un lugar importante na nova riqueza urbana. As familias burguesas dos Barreras, Curbera, Tapias ou Bárcena, adoito ben emparentadas entre si, conformaron a Caixa de Aforros, o Banco de Vigo, investiron no desenvolvemento da cidade pero, ademais, e para todo iso, deron vida a novas formas de sociabilidade burguesa –por exemplo, arredor da Tertulia Recreativa ou da Cámara de Comercio– e impulsaron o *Faro de Vigo* (1853) como o diario que representaba os seus intereses, garantía e apoio, pois, da súa nova posición social.

Na Coruña, esa nacente burguesía articulábase e consolidábase preferentemente arredor do negocio portuario, comercial e bancario, e este último arredor do Banco Pastor. A diferenza de Vigo, aquí era máis numerosa unha burguesía de profesionais e empregados cualificados, a cal, segundo Gérard Brey, podía acadar cerca do 15% dos empregados. Neste caso, e seguindo un paralelismo que chega até a actualidade, tamén tomou posición destacada un xornal que identifica o novo dinamismo da vida urbana, *La Voz de Galicia* (1882). Pola súa banda, en Ferrol, o voceiro *El Correo Gallego* (1878) ocupará desde 1912 un magnífico edificio modernista na rúa Madalena, e representará alí intereses da mesma mestura, propios dunha burguesía urbana liberal, neste caso arraigada arredor da Armada, da que os seus subministradores eran unha parte esencial, xunto aos enxeñeiros ligados á empresa a Construtora Naval e aos que dirixen o tráfico portuario. Desde o último cuarto do século XIX, moitos dos fillos destas burguesías portuarias estudaban en colexios e universidades británicas e, alén de normas liberais e coñecementos modernos, trouxeron con eles de volta novas formas de lecer, o *sport* e tamén o snobismo.

En realidade, os novos espazos de sociabilidade burguesa foron xurdindo desde mediados do século XIX, ao fío da Revolución liberal, se ben foi agora cando se definiron na súa forma moderna, cando incrementaron o seu número, ampliaron as súas funcións e adquiriron a importancia que esta nova burguesía económica requiría. Era nas asociacións de recreo, nos casinos, nos círculos, nos liceos e ateneos ou nos clubs deportivos onde se reunían; unhas

instalacións que comezaron a inzar a paisaxe urbana e que eran o símbolo visible do seu poder social. En paralelo, e neste ámbito social, as loxias e as sociedades masónicas estendéronse e multiplicáronse desde 1880, como ten amosado Alberto Valín. De feito, entre 1870 e 1900 a masonería coñeceu a súa auténtica idade de ouro en Galicia.

A partir de comezos do século xx, estas agrupacións sociais de asociación voluntaria dedicadas ás novas formas de cultura e participación social comezaron a ser reproducidas por grupos da pequena burguesía, e mesmo artesanais e operarios. Así pois, o característico deste período foi a construción dunha complexa rede de sociedades musicais, deportivas, de lecer ou de reunión que estableceron novos marcos de sociabilidade nos que ían ter representación todas as novas categorías sociais, as cales arrastrarían consigo neste punto as vellas. En certo senso, pode dicirse que na Galicia da altura houbo unha auténtica explosión democratizadora dos novos ámbitos de sociabilidade, nos que poderemos atopar tanto os operarios urbanos como os emigrantes retornados ás aldeas. Entre eses novos espazos estaban tamén os novos cafés e as cociñas que tan ben indagou Xavier Castro, así como os bares, salas de cine e salóns de baile que brotan como choupíns.

Operarios, operarias, sociedades de resistencia e organizacións obreiras

Nas sociedades contemporáneas, a presenza dun movemento obreiro articulado e consolidado tense interpretado habitualmente como un síntoma de modernidade. Por esta razón, a súa debilidade ou fortaleza empregouse adoito en Galicia como un indicador relevante –aínda que algo simple– do maior ou menor grao de arcaísmo ou modernidade que existía nunha sociedade aparentemente dominada polo mundo rural. O asunto é máis complexo e, como veremos, non lle acaen nin os lugares comúns nin as interpretacións monocausais. Un coñecemento máis específico e

fondo do obreirismo en Galicia permite recoñecelo como un activo axente construtor da cidadanía cívica, política e social na conxuntura anterior á guerra. Mais o golpe de 1936 e a posterior ditadura extirparon este fenómeno histórico do noso pasado colectivo e, como sucedeu con outros procesos e suxeitos sociais da preguerra, ficou sen herdeiros directos até a fin do século xx, até a nova conquista da democracia, mesturado entre confusas memorias subalternas. Tinguido ese pasado pola escuridade de varias décadas, cómpre primeiro situar a existencia do obreirismo organizado a comezos do novecentos, para despois tratar de interpretalo no conxunto das novas dinámicas sociais que vimos que agromaban no período en Galicia. Nesa tarefa temos a axuda dunha importante nómina de traballos, menos coñecidos do debido por mor dunha suposta escasa relevancia do proletariado como suxeito histórico na Galicia contemporánea.

Dadas as características da sociedade galega do período, equiparable á doutros territorios europeos, o noso movemento obreiro non pode entenderse como expresión política dun conxunto singular de asalariados de inequívoca ascendencia e cultura urbanas que traballaban en grandes concentracións fabrís. Desde esa perspectiva, o obreirismo só podería ser un sucedáneo, ou un subproduto, sexa en Galicia ou sexa nesoutros territorios europeos que non participaron dese modelo, máis ben raro e territorialmente concentrado (nos Middlands ingleses, no Ruhr alemán ou en Barcelona e a súa contorna perirurbana), de industrialización ideal, canónica, que deixa fóra do foco grandes capas de traballadores industriais non concentrados en enclaves territoriais uniformes definidos pola singular presenza de grandes industrias ou grandes centros fabrís. Desde ese punto de vista, en Galicia, só a fábrica de Tabacos e Mistos da Coruña (con 2500 operarias en 1910) e o Arsenal-Sociedad Española de Construcción Naval de Ferrol (con 4000 obreiros en 1909) poderían identificarse con esa fábrica ideal, e só Ferrol e Vigo pasarían por ser territorios de relativo dominio industrial.

Mais, fronte a ese modelo ideal, o real é que na Galicia deses anos a maioría das unidades produtivas rara vez superaron os 100

operarios e algunhas cidades, como Ourense ou Compostela, só contaban, alén dos pequenos obradoiros artesáns, cunha ou dúas empresas desas características. O certo é que na maioría das vilas e cidades predominaban os pequenos obradoiros de carpintería, de metalurxia, os serradoiros… E logo estaban os importantes servizos urbanos, un comercio en poderoso ascenso, xunto aos traballadores de cafés, bares, hoteis e restaurantes, alén dos da construción, dos das imprentas e outros distinguidos sectores da aristocracia operaria.

É importante lembrar que aquela sociedade que definimos como predominantemente rural era tamén plural, dinámica e pluriactiva. Moi vencellada ao que estaba a pasar no resto mundo, cando menos a situada á beira da fachada marítima. Ademais, as xentes do rural non se dedicaban en exclusiva á agricultura –nunca o fixeron–, senón a un conxunto de actividades moi diversas, non sempre recollidas nas fontes da época, ás que acudían para capitalizar a casa. Así mesmo, desde finais do século XIX, esas actividades non agrarias tenderon a diversificarse nun fato de novas dedicacións económicas –ligadas á pesca e ao marisqueo, á corta de madeira, ás minas, ao ferrocarril etc.–, as cales eran compatibilizadas polo campesiñado sen maiores problemas. Este foi, por exemplo, o caso do sucedido na fábrica de Barro, en Chavín (Viveiro), dedicada á produción de carrozarías e repostos de automóbiles desde 1912, onde a maioría dos seus 400 empregados combinaban os labores agrarios das súas casas co traballo industrial. Conformaban, pois, ese «proletariado simbiótico» que Ramón López Suevos teorizara a finais da década de 1970 nas súas obras. Igualmente, esa pluriactividade afectaba tamén aos labregos ensarillados en actividades pesqueiras e marisqueiras nas Rías Baixas e aínda ao traballo industrial dos operarios da contorna da cidade de Vigo, como nos lembra Isidro Román Lago n'*Os campesiños de Lavadores*. Ao respecto, cómpre sinalar que os xornaleiros que aparecen rexistrados nos censos e padróns das cidades durante este período, nunha porcentaxe moi elevada son realmente, e na súa maioría, artesáns de oficio. Son traballadores urbanos procedentes de familias labregas da periferia rural e do traballo agrario que nas cidades pasan a se ocupar de tarefas artesanais ou industriais. A súa

mainiña redución nestas fontes remítenos a un mundo de oficios en plena transformación, constatado polas mesmas datas nas grandes urbes peninsulares, como por exemplo Madrid. Somerxidas, pois, neste proceso xeral, non sorprende ver como en Santiago, poñamos por caso, os xornaleiros pasan de ser un 31% dos traballadores en 1894 a un 17% de 1930 e que nunha vila como Betanzos caían para os mesmos anos dun 29% a un 6%.

Ao longo das catro primeiras décadas do século XX, no marco do proceso de urbanización xa descrito, a poboación residente en vilas e cidades medrou en Galicia dos 260 000 habitantes de 1900 (un 13% do total) até superar os 400 000 (un 18%) en 1930, e na mesma orde incrementouse tamén o número de operarios. Vigo e A Coruña aumentaron en 50 000 almas neste período, até acadar os 74 000 e 96 000 habitantes, respectivamente, mentres que a industrializada Ferrol pasou dos 26 000 aos 37 000 no mesmo intervalo.

Os canteiros teñen sido considerados na literatura especializada os primeiros en asociarse e, como foi común entre os primeiros sectores do artesanado, organizáronse no ámbito socialista. Unha posición que manterán no tempo e, pola continua mobilidade característica da profesión, foron así mesmo activos difusores das novas formas de organización sindical. Porén, segundo nos advirte Antonio Miguez, foron os tipógrafos, tamén socialistas e especialmente moderados, os que –seguindo o ronsel do oficio do fundador da UXT– primeiro asentaron as bases desta organización, tanto para resistir como para a instrución, lecer e recreo. Como fan notar con ironía crítica os seus rivais anarquistas, redactores do mítico *El Corsario* da Coruña, con motivo da apertura da sede dos tipógrafos en 1893:

> La Asociación Tipográfica de esta localidad ha quedado definitivamente instalada en la Calle Orzán 124, 1. Los compañeros tipógrafos, al par que resistir al capital con la asociación, han introducido mejoras en su nuevo local, a fin de que sirva de instrucción y recreo. Y no nos parece mala cosa, el caso es no recrearse mucho descuidando la

> resistencia, que es el objetivo principal. (Fonte: Miguez Macho, 2006, p. 126).

Pouco antes de 1900, impúxose na práctica o modelo de organización baseado nas sociedades de resistencia por oficio, e con el estendeuse nas décadas seguintes a autoorganización operaria en Galicia. Superáronse así os empeños anarconsidicalistas por constituír federacións sindicais de oficios, e o movemento obreiro galego reinventou a tradición gremial consuetudinaria nun sentido moderno e político, pero sen articular horizontalmente os seus oficios. A CNT, que se creou en 1910, e a UXT, que existía desde 1888, tiñan que actuar en Galicia con esta condición do movemento operario. Porén, ás veces, cando o número de operarios locais era reducido, os oficios agrupábanse transversalmente nesas sociedades de oficios varios, estudadas, entre outros, por Dionisio Pereira e Eliseo Fernández.

Os oficios da construción (canteiros, carpinteiros, ebanistas, pintores, albaneis…) foron pioneiros da asociación nas principais cidades e vilas, entre 1892 e 1897. As profesións líderes na sindicación foron as dúas primeiras, os carpinteiros nunha orientación maioritariamente anarcosindicalista, a cal garantiu ao seu gremio unha identidade diferenciada dos canteiros socialistas. Zapateiros, xastres, panadeiros e ferreiros seguiron a mesma senda, conformando a cabalo dos dous séculos as súas respectivas sociedades, e por detrás viñeron outros consonte a veloz innovación tecnolóxica do período definiu novos oficios, como choferes, mecánicos ou pilotos de mar.

Como indagou o mencionado Antonio Miguez, e contra o que ás veces se ten inopinadamente interpretado, esta forma de organización non era allea ás concentracións fabrís clásicas, pois fábricas ou estaleiros non deixaban de ser unha sucesión de obradoiros artesanais con operarios especializados: carpinteiros de ribeira, calafates, remachadores, soldadores, armadores etc. A estrutura das sociedades de oficio estendeuse por todo o país. Polo demais, e fronte ao que nos indicaría a intuición, o proletariado fabril chegou ao societarismo operario máis tarde que os traballadores

artesanais, ademais de optar por manter as sociedades de oficio antes que decidirse a formar, un supoñer, unha sociedade de resistencia da industria naval. Non é por acaso que os canteiros mantivesen a súa prestixiosa primacía sobre outras sociedades de oficio unha vez que se foron conformando as federacións locais, a partir dunha xerarquía de oficios onde os primeiros artesáns sindicados dominaban sobre os traballadores fabrís máis recentemente adheridos. Así aconteceu, por exemplo, na Federación de Traballadores de Bueu, en 1933, onde os canteiros copaban a dirección, pese a seren menos do 10% dos traballadores agrupados nela, cuxa maioría correspondía aos operarios das conserveiras, mariñeiros e integrantes das sociedades agrarias. Caso similar foi o da Unión Tabacalera, o sindicato de clase das operarias da Fábrica de Tabacos da Coruña, organizada, dirixida e adherida á Federación Tabaquera da UXT polo canteiro Severino Chacón desde 1916.

A presenza da muller entre o proletariado galego foi ben máis significativa do que o seu protagonismo nas organizacións obreiras transmite. Estiveron ben presentes en todos os conflitos e motíns. O papel das cigarreiras coruñesas, por exemplo, é ben coñecido a través das obras de Luis Alonso Álvarez ou de Ana Romero, pero foi no sector das conservas onde a súa maioría era abafante: en 1908 as mulleres representaban máis do 80% das 8000 traballadoras censadas no sector en Galicia. Malia isto, a súa aparición nas directivas das sociedades estivo sempre subordinada á dos homes. Nos anos vinte, algunhas sociedades comezaron a acoller o xénero na súa denominación; foi o caso da Sociedad de Conserveras y Trabajadoras del Puerto de Marín, e noutras isto fíxose dun xeito entre descoidado e case que invisible, como na Sociedad de Soldadores, Similares y Mujeres de Cangas. Outros traballos e mobilizacións de mulleres ficaron aínda máis escurecidos daquela e esquecidos despois; foi o caso da loita das leiteiras. Na folga do leite de Ferrol de novembro de 1913, centos delas comezaron cortando o subministración de leite e prolongaron a súa mobilización durante nove días, logrando paralizar todo o abastecemento de produtos frescos de alimentación e leña á cidade.

Nese tempo, a pesca converteuse nunha gran fábrica –repartida en centos ou milleiros de barcos– que foi escenario dunha dura conflitividade. As sociedades de resistencia de alento socialista –precisa Dionisio Pereira– xurdiron a finais do século XIX nos vapores do Berbés e Bouzas, á vez que se formaban os colectivos patronais. La Marítima de Bouzas de 1899 fíxose mítica. Seguiron outras moitas ao pairo do cambio tecnolóxico: as vinculadas aos bous coruñeses do arrastre, de influencia anarcosindicalista ou as das parellas arrastreiras de Marín, situadas no marco socialista e adoito vinculadas ao obreirismo urbano. As motoras sardiñeiras xeneralizaron a pesca do cerco á ardora e a conflitividade nas vilas mariñeiras das Rías Baixas estivo soportada por un sindicalismo de clase moitas veces socialista.

Os máis de 50 000 mariñeiros rexistrados en 1930 estaban agrupados nunha importante rede sindical artellada ao longo de trinta anos de loitas e organización operaria, nun oficio en que a mobilidade favorecía a transmisión de ideas e a construción de organizacións. Como amosou Bieito Alonso, a canle marítima mesmo favoreceu que esa organización dos mariñeiros e traballadores portuarios galegos chegase ao outro lado do Atlántico. No caso dos traballadores e traballadoras do mar, a diversidade organizativa –seguindo a pauta dos oficios: patróns maquinistas, mariñeiros– e a dura conflitividade que protagonizaron queda reflectida nesta nota do semanario socialista de Pontevedra *Nueva Aurora*, en 1920:

> Aviso importante de los obreros del mar: las sociedades unidas de maquinistas y fogoneros «El Vapor» de Vigo; marineros y pescadores «La Unión Marítima» de Bouzas; «Alianza Marinera» de Cangas; «Alianza Marinera» de Moaña; empacadoras de pescado, Obreros en Construcción Naval y Sindicato de Metalúrgicos, que la Sociedad de Patrones de Cabotaje «La Defensa», domiciliada en Vigo es traidora a la causa del trabajo […] rompiendo […] el paro general realizado en esta ciudad […].

As estratexias de loita dos mariñeiros sustentaban a súa capacidade de resistencia en seren moitas veces tamén labregos da beiramar e traballadores do mar á conta das súas pequenas embarcacións propias. Folgas sen folguistas chamóuselles con tino, porque deixaban de traballar para fóra pero seguíano facendo para a casa. O dereito ao descanso, o xornal, a partilla do quiñón, as tarefas en terra, a seguridade…, os motivos de reivindicación aumentaban en vez de diminuír.

As grandes correntes sindicais (1900-1936)

Desde a creación da primeiras 29 sociedades de resistencia mariñeiras, a cabalo de 1900, tamén no mundo do mar a división norte e sur se correspondeu co deslinde entre anarcosindicalistas e socialistas, e mantívose como unha constante na consolidación e agrupación das organizacións mariñeiras até a súa destrución co golpe de 1936. En 1916 mariñeiros socialistas organizaron a Federación Regional de Obreros de la Industria Pesquera, agrupando moitas das sociedades das rías que van de Vigo a Muros na primeira entidade galega de traballadores, antes xa de que a patronal constituíse a Asociación General de Industrias Pesqueras, en 1917, e o Sindicato de Armadores de Vapores Pesqueros de Galicia, en 1919. Pola súa banda, os coruñeses, encadrados na asociación El Despertar Marítimo adheríronse á Federación Nacional Marítima da CNT naquel tempo da I guerra mundial.

Desde 1925 as organizacións sindicalistas vinculadas á CNT agrupáronse na denominada Federación Regional Marítima. Reorganizada en 1930 como Federación Regional Galaica de Industria Pesquera, á vez que segregaba os mariñeiros da pesca dos da mercante e acollía sindicatos únicos buscando superar a fragmentación de oficio, os cales, en 1936, xuntaban arredor dos 18 000 adheridos en máis de 45 portos. Entre as súas sociedades destacaba a mencionada Despertar Marítimo, da Coruña, que desde 1915 foi das primeiras en intentar abranguer todas as profesións vencelladas ás tarefas marítimas, portuarias e conserveiras. De entre

os seus dirixentes, é obrigado citar o ubicuo José Villaverde e tamén a Manuel Fandiño Ricart.

Desde a década de 1920, e facendo fronte ao sindicalismo de clase, estendéronse pola costa os pósitos de pescadores –sobre todo nos portos que carecían de sociedades obreiras–, presentados polos seus promotores como espazos mixtos de encontro entre armadores e mariñeiros. Promovidos por militares da Armada, cregos e xente de orde, a partir da aparición do primeiro, do Pósito de Cambados (1917), creáronse uns cincuenta que, en 1925, se agruparon na Federación Gallega de Pósitos Marítimos, a cal contaba na II República cuns 7500 afiliados. Inspirados nas vellas confrarías do Antigo Réxime, estaban alimentados por unha lóxica corporativa, propoñían funcións asistenciais e mutualistas ao seus afiliados e tiveron apoio da Administración durante a ditadura de Primo de Rivera.

Como noutros territorios, o movemento obreiro en Galicia non xurdiu desde as organizacións mutualistas, senón contra elas e para superar o encadramento clientelar no que os novos sindicalistas as consideraban instaladas xa nas primeiras décadas da Restauración (1874-1931). A diáfana relación do primeiro obreirismo compostelán cos intereses electorais e políticos de Eugenio Montero Ríos (1832-1914) estaba, por exemplo, no centro desa crítica. A superación do mutualismo marcou o proceso que levou á integración das sociedades de oficio nas dúas grandes centrais sindicais do período e, de paso, a separalas das correntes do bipartidismo político dominante na Restauración.

O cadro xeral da evolución do movemento obreiro organizado arrincou coa constitución das sociedades de oficio artesán a finais do século XIX, arredor do polo anarquista coruñés e dos núcleos socialistas de Vigo, Ferrol e Pontevedra. Canteiros, tipógrafos, zapateiros, traballadores da conserva, ferroviarios de Monforte e Vigo, mariñeiros, así como os operarios das poucas grandes fábricas, foron os primeiros en organizarse en sociedades de resistencia, na maioría dos casos –como xa foi anotado– cunha organización de oficio. Só nas dúas grandes cidades houbo unha integración temperá nas dúas grandes correntes sindicais. Dos 15 000 afiliados ás

sociedades obreiras que calcula Gérard Brey para 1902, menos da metade estaban afiliados á CNT ou ás federacións sindicalistas que anteceden a creación da CNT.

O intento de unificación do movemento anarcosindicalista en Galicia na década de 1910 baixo a forma de Federación Solidaridad Obrera de Galicia correu parello á fundación da CNT (1910). A celebración en Ferrol do Congreso Internacional da Paz (1915) contra a gran guerra, aproveitado polos libertarios españois para reorganizar a CNT, fala da importancia deste núcleo sindicalista. En 1922 tomou corpo definitivo a organización do anarcosindicalismo en Galicia. Fundouse en Vigo –en competencia cos prominentes socialistas locais– a Confederación Regional Galaica (CRG) da CNT, agrupando 52 sociedades que afirmaban representar 25 000 asociados. Pouco antes, en 1919, o anarcosindicalismo reivindicaba os 10 000 afiliados (6000 deles na Coruña e 2500 en Ferrol), e a CNT un número parello, só que concentrado no 70% dos casos na provincia de Pontevedra. Segundo os datos ofrecidos por Dionisio Pereira e Gérard Brey, en 1936, a afiliación das dúas organizacións andaba polos 40 000 asociados, cun desequilibrio territorial moi consolidado: uns 12 000 anarcosindicalistas na Coruña por 10 000 socialistas en Vigo, mentres que Ferrol repartía 3000 para a CNT por 4000 para CNT.

Os sindicatos e as sociedades operarias actuaron como construtores privilexiados de cidadanía cívica e social, non só política. Escolas obreiras e un amplo abano de actividades culturais e deportivas foron parte importante da acción social sindical, por moito que o mutualismo e o recreo estivesen en orixe no punto de mira do novo sindicalismo do século XX. O Centro de Sociedades Obreiras de Vigo (1911), a Escola Racionalista dos Castros na Coruña (1911) ou o Grupo Escolar da Federación de Traballadores de Tui (1923) son algúns dos referentes destacados daquelas iniciativas educativas operarias. Pola súa banda, o Centro de Estudios Sociales Germinal da Coruña (1901) e o Centro Obreiro de Cultura e Beneficencia de Ferrol (1911) son exemplos de centros culturais, de reunión e de actividades, dotados de bibliotecas e salas de conferencias.

Os xornais obreiros, asociados sempre á acción sindical, tiveron longa vixencia. Este é o caso de *Solidaridad*, editado desde 1899 polo socialista Enrique Heraclio Botana en Vigo, que mesmo acadou carácter de xornal diario na II República. Pola banda anarcosindicalista, *Solidaridad Obrera (Órgano de la Confederación Regional Galaica)* foi fundado en 1922 e editouse intermitentemente dependendo das vicisitudes políticas externas e das tensións internas até 1934, sendo dirixido, entre outros, por José Villaverde e Claro José Sendón. Ambas as dúas son exemplos destacados entre un amplo abano de publicacións de diferente calibre, carácter, vixencia e presenza territorial.

A acción colectiva propia do sindicalismo nunca estivo exenta de líderes, acirrados moitas veces polo modelo da novela *Germinal* que en 1885 escribira Émile Zola. O achegamento aos líderes operarios en Galicia lévanos máis dunha vez ao rural e á emigración, a ese círculo virtuoso e omnipresente no país que poderiamos encarnar, entre outros, na figura do citado Claro José Sendón, nado en 1897 na parroquia de Louro, emigrante en Arxentina en 1910, onde aprende sindicalismo, activista anarquista nos Estados Unidos na década de 1920, onde desenvolveu importantes tarefas de organización e propaganda antes de volver a Galicia, ser dirixente da CNT e finar en Nova York (1937) como propagandista da República en guerra.

Na relación entre o restrinxido espazo urbano, a contorna rural e a parroquia de alén mar, descansou de feito a chave do nacemento e consolidación do movemento obreiro en Galicia. O estudo dos líderes das sociedades operarias da Coruña, Santiago e Betanzos levado a cabo por Antonio Miguez pon de manifesto como, nesta fase de expansión urbana, os traballadores chegados á cidade desde o rural buscaban facerse cun oco na sociedade de chegada, ao tempo que dotarse dunha identidade laboral definida –e nova–, polo que foron candidatos ideais a se converter no principal caudal de acción para sociedades obreiras. Moitos que acababan de chegar, alleos ás tradicións artesanais urbanas previas, distinguíronse como directivos e líderes das nacentes sociedades de resistencia, impregnando cos valores e actitudes que traían do mundo rural ese novo movemento

operario industrial e mariñeiro que agora se estaba a conformar. Esa simbiose foi máis doada nas grandes cidades ou en crecemento que naqueloutras máis cativas, onde o artesanado tiña máis peso e pasado que a nova industria futuro.

Cadro 18. Líderes operarios de primeira xeración segundo o nacemento

	A Coruña	Santiago	Betanzos
Propia cidade	17 (39,5%)	19 (57,6%)	7 (63,6%)
Inmigrantes «venideros»	26 (60,5%)	14 (42,4%)	4 (36,4%)
Totais	43 (100%)	33 (100%)	11 (100%)

Fonte: Miguez Macho (2006).

Mapa 9. Implantación das sociedades obreiras por concellos: 1931-1936



Fonte: Miguez Macho (2006).

Podemos achegarnos –tamén da man de Miguez– á conflitividade operaria neste longo e intenso período, a cal deriva da organización e defensa dos intereses dos traballadores urbanos e industriais, a

partir da duración e número das folgas. Un achegamento que, por outra banda, é unha forma indirecta de medir a intensidade das confrontacións laborais, a forza operaria, a capacidade de resistencia das súas organizacións e a disposición a lograr acordos de mellora entre sindicalistas e patróns. Deste xeito, no tempo que vai de 1890 a 1936, case o 70% das folgas de oficio se resolveron no prazo dunha semana, aínda que un significativo 20% se prolongou máis dun mes. Neses anos, os ciclos de protesta máis agudos concentráronse en 1905-1906, cadrando coa afouteza organizativa e a capacidade de mobilización do movemento operario peninsular, e en 1919-1923, cadrando co ciclo de axitacións que en toda Europa segue ás consecuencias do remate da I guerra mundial. Se en 1905-1906 a media anual de folgas se aproximou ás 20, en 1919-1923 sitúase en 40. Por outra banda, e contra o tópico asentado, cómpre destacar o relativo baixo nivel de conflitividade por folgas rexistrado en Galicia no período da II República, o que arrefría a imaxe sobre os conflitos e tensións sociais que supostamente marcaron esa etapa e que forma parte do relato cultivado polos que se sublevaron en 1936 e gobernaron a ditadura dos corenta anos.

As sociedades operarias, de moi diferente signo e plurais orientacións prácticas nas súas actividades, foron só unha parte do asociacionismo voluntario de toda caste –mutualistas, agrarias, benéficas e recreativas– que coñeceu un acelerado desenvolvemento entre 1890 e o inicio da primeira ditadura de Primo de Rivera, en 1923. Un proceso que forma parte da construción dunha sociedade civil moderna nun marco liberal-democrático, cuxa arquitectura e baseamento social foi destruído violentamente polos golpistas e verdugos de 1936 e sistemicamente despois da derrota da República en 1939, substituído no Novo Estado de partido único por un sindicalismo vertical de matriz fascista. A destrución das organizacións operarias existentes nesa data foi inapelable e redundou nunha desarticulación social e diverxencia cultural, social e política de Galicia, e do resto dos territorios do Estado, a respecto do mundo democrático da orde liberal. Os protagonistas do golpe, da guerra e da ditadura traballaron política e culturalmente para borrar da memoria colectiva os acontecementos que conforman o

fenómeno histórico aquí explicado, que ficou sen herdeiros directos cando a recuperación da democracia, despois de 1975. Trinta e nove anos antes, os líderes e cadros que non lograron fuxir foron liquidados nuns poucos meses.

O deporte como nova cultura popular, síntoma do dinamismo sociocultural da época

A extensión da práctica e da cultura deportiva constitúe un bo indicador para trazar o perfil da modernidade imperante na sociedade galega antes da guerra, ou o que é o mesmo, para apreciar o seu grao de homologación co resto de sociedades europeas.

A deportivización da sociedade é un fenómeno contemporáneo, unha forma de organizar o lecer e o xogo nunha sociedade vinculada aos valores do mercado e do Estado que agora se abren camiño no marco dunha nacente cultura de masas. A súa historia en Galicia é ben coñecida grazas aos traballos, entre outros, de Andrés Domínguez, quen nos servirá de guieiro nas páxinas que seguen.

Todo empezou cos ximnasios; os primeiros apareceron en Galicia inmediatamente despois da I República. Na Coruña creouse en 1875 a sociedade Círculo de Gimnasia y Esgrima, pero foi en Vigo onde a actividade asociativa deportiva tivo o seu arrinque máis logrado e estable, coa fundación en 1879 da Sociedad El Gimnasio, pioneira entre as españolas deste tipo, xa que precede en oito anos a sociedade madrileña do mesmo nome e orientación. A súa actividade perdurou case setenta anos até desaparecer, como outras formas modernas e libres de socialización, en 1936. Creouse como unha sociedade destinada a organizar actividades lúdicas –actos culturais e sociais–, mais centrada na dedicación preferente á preparación física e a práctica de actividades deportivas. En 1935, a propósito do seu sesenta aniversario, un xornal local lembraba que:

> [de] la mayor parte de los que constituyeron su primera junta […] sus nombres van ligados a los de las familias

más distinguidas de la actual sociedad viguesa.

Este tipo de entidades viñeron significar un elo singular da exitosa tendencia asociativa que puxo en práctica a burguesía para o seu lecer, pero tamén para construír espazos novos e exclusivos de sociabilidade nos que comunicarse, informarse, relacionarse e mais emparentarse. A práctica do exercicio corporal como actividade da vida cotiá, e aínda nos novos padróns educativos, atopou resistencias en parte da sociedade do momento desde posicións ideolóxicas vinculadas á Igrexa católica. Esta, seriamente enfrontada á modernidade, rexeitou nun primeiro momento a aparición e o funcionamento destes espazos alternativos de socialización. Axexaba neles a secularización de valores que supoñía a cultura física e, en especial, todo o relativo ao culto ao corpo ou a simple naturalidade dos corpos, cubertos para a práctica dos deportes con vestimentas axustadas ou translúcidas, o que chocaba cos resaibos dunha moral tridentina que carecía de competencia na monocatólica España da época.

Na década de 1880 foi incorporado o exercicio da ximnasia pola Sociedade Económica de Santiago e na Coruña abriuse unha sala privada entre o afamado Atilio Pontanari e o non menos famoso médico Rodríguez. Nos anos noventa a fórmula do ximnasio empezou a estenderse no mundo vilego, comezando precozmente na vila de Ponteareas, que constituíu o seu Gimnasio en 1893. Polos mesmos anos abríronse novos establecementos en Pontevedra e Ourense, con certo atraso verbo dos primeiros apuntados. Igualmente, no remate do século XIX creáronse tamén as primeiras sociedades de caza, que empezaron a constituír unha activa rede asociativa na lóxica da deportivización dunha actividade de práctica, corpo e orixe aristocráticos nos tempos do Antigo Réxime, mais que agora, no marco liberal, entraba na senda da popularización.

Velocipedismo, pelota e remo foron algúns dos primeiros deportes en callar forte na sociedade galega de fin de século, aparecendo as máis das veces arredor das sociedades e liceos ximnásticos. As tres prácticas, coas súas regras e como actividades elegantes, naceron coa mesma exclusividade burguesa que as sociedades ximnásticas.

Estas e outras prácticas deportivas tiveron nos balnearios –espazos de lecer sofisticado e culto ao corpo da burguesía– un dos seus ámbitos preferentes de recepción e difusión.

As regatas de remo, promovidas polas novas sociedades ximnásticas, convertéronse axiña nun *deporte serio*, que pasou a formar parte habitual dos programas de festas e dos *festivais marítimos* de moitas cidades costeiras antes de 1900. Inicialmente, o ciclismo arraigou con forza en Ferrol, alentado pola importante presenza de profesionais británicos vinculados á industria naval, aínda que a primeira sociedade constituída da que temos constancia dedicada a este deporte en Galicia foi a Velocipedista de Vigo, que en 1887 arrincaba con trinta socios. Dez anos máis tarde, en 1897, uns setenta afeccionados constituíron o Sport de Santiago. Inmediatamente despois, Ourense, Ferrol e A Coruña crearon as súas respectivas sociedades ciclistas. Posiblemente foi esta actividade a que a finais do século XIX desempeñou o papel máis importante na aparición do ocio deportivo, ao incorporar a súa práctica en público como espectáculo grazas ás competicións que na altura comezan a se desenvolver con presteza por vilas e cidades, e nas que o profesionalismo soborda a práctica amadora.

Aquelas primeiras manifestacións deportivas foron nacendo en ambientes exclusivos, concibidas como unha práctica moderna e distinguida, máis na fin de século o deporte converteuse, amais de nun referente cultural, no símbolo dun moderno estilo de vida que tendeu a difundirse socialmente, unha moda que toda a mocidade quería practicar se podía. E podía.

Os primeiros deportistas formaban parte do mesmo sector da burguesía que lideraba as novas actividades mercantís e industriais, e que na súa vida social amosaba un comportamento diferenciado das antigas elites. Lideraba, pois, a modernidade cultural, encarnada neste caso na adopción dunha cultura deportiva tanto no ámbito privado como no público. Convertido o deporte nunha canle de sociabilidade e socialización, no cambio de século foi imparable a apertura social do fenómeno. Os primeiros pasos nesta dirección pasaron por implicar os seus iguais, ou os que aspiraban a se converter nos seus iguais, como demostra a evolución do Ximnasio

de Vigo, que pasou de acoller un sector anovador, pero minoritario, a ser un centro de reunión do máis «escollido» da sociedade viguesa. Este novo espazo serviulle a esa afouta nova burguesía para materializar as súas aspiracións. A emulación da moda moderna era imparable, en especial entre os máis novos.

O alargamento social da actividade deportiva foi alentado, ademais de polos pioneiros *sportmen*, por mestres, médicos, hixienistas e xornalistas empeñados en divulgar as bondades do exercicio físico para a saúde, a hixiene individual e o logro dunha sociedade moderna, dunha economía poderosa, dunha nación forte. Ese alargamento principiou polas leccións dadas a nenos e adolescentes implicados na práctica deportiva, os cales, desde os comezos do século xx, constituíron unha nova xeración de afeccionados que axiña permitiu a identificación da mocidade con esa práctica. Algúns *sports* elegantes podían ser emulados de forma doada fóra dos exclusivos clubs por integrantes doutros grupos sociais, tal era o caso do ciclismo ou do remo: fillos de pequenos comerciantes, da clase media asalariada e dos empregados uníanse nestas prácticas reservadas ás elites, ás que eran quen de imitar, cando menos na destreza e competencia deportiva, igual que procuraban facelo nos signos externos de vestimenta, como o uso da gravata ou da chaqueta americana.

Os medios de comunicación foron grandes propagandistas das noticias deportivas e dan conta deste tránsito do deporte de elites ao deporte de masas, ao incrementar o número de novas dedicadas ás actividades deportivas. O xornal *La Voz de Galicia* faino desde 1896 e a revista *Galicia Moderna* desde a súa aparición, en 1897. Ambas as dúas publicacións son claros exemplos desta tendencia.

Á marxe da práctica deportiva regular arraigada en cidades e vilas quedaba o mundo labrego e, até a década de 1920, os sectores operarios, os cales seguían practicando os seus xogos populares –a billarda, a chave, os bolos… – e que en Galicia non foron integrados –a diferenza do acontecido en Inglaterra, Irlanda ou o País Vasco– nas novas prácticas deportivas das elites e das clases medias urbanas. Iso si, algunhas mozas da burguesía convertéronse en *liberadas* ou *atrevidas*, en pioneiras na práctica de deportes, se ben

coas dificultades e atrancos propios dunha sociedade patriarcal dominada pola moral católica. Ao respecto, *La Voz de Galicia* informaba en 1896 de:

> una noticia en voz baja: sabemos que dos conocidas señoritas de nuestra buena sociedad (la discreción nos veda adelantar por ahora sus nombres, ni siquiera sus iniciales) han comenzado a dedicarse también al ciclismo.

A democratización da práctica deportiva: o deporte de masas

Houbo unha primeira extensión da práctica deportiva no seo dos sectores máis afoutos da burguesía, en termos xeracionais e de xénero, que acabou atinxindo todas as clases altas urbanas, exercendo logo unha influencia sobre os sectores máis próximos e directamente subalternos xa citados (empregados, fillos da clase media, mozos profesionais…) un proceso que se materializou no último cuarto do século XIX, cando o deporte empezou a identificarse como un dos elementos caracterizadores da nova cultura da modernidade.

A identificación entre deporte e modernidade estaba consolidada e desenvolvida no momento de producirse a segunda expansión da práctica deportiva, nas primeiras décadas do século XX, de xeito moi significativo arredor de 1915, en coincidencia coas convulsións da I guerra mundial. Esta nova expansión da práctica e a afección deportivas, pola súa extensión, características e porque afecta aos novos e máis numerosos grupos intermedios, constitúe un potente indicador da mobilidade social rexistrada daquela nas cidades e vilas. As publicacións da época constatan con precisión esa vocación de superar os límites sociais, cando as arelas xeracionais de emulación do comportamento das elites polos novos sectores profesionais emerxentes xa eran visibles. Así, en 1905, escribía o cronista Kasabel no xornal *ABC*:

> […] los hijos de los empleados, de comerciantes y de los rentistas modestos compiten en lujo y elegancia con los de las familias más acomodadas.

Todos os deportes regrados –e tamén o despois popular xogo do fútbol–, en orixe comezaron a ser practicados e difundidos pola nova burguesía enriquecida que agora agromaba nas cidades e vilas e formaron parte intrínseca da súa sociabilidade. Foron as familias dos armadores e industriais as que fundaron o Rápido de Bouzas ou a sección do mesmo deporte no exclusivo Vigo Sporting Club. Mais o fútbol, como as carreiras a pé ou en bicicleta –máis que o automobilismo ou o tenis– eran accesibles a outros colectivos sociais, os cales ían dispoñer no arrinque do século de máis ingresos e máis tempo de ocio por mor do recorte da xornada laboral e, sobre todo, a partir de setembro de 1904, polo establecemento do descanso dominical obrigatorio para todos os asalariados.

Ao longo da década de 1910, a incorporación á práctica deportiva destes grupos sociais subalternos desembocou na constitución de novos clubs, os cales expresan dun xeito moi directo a expansión social do fenómeno deportivo. Foron mozos empregados e asalariados os que fundaron o club de fútbol Atlántico de Vigo, o Club Mercantil de Santiago ou o Club Oza na Coruña. Estas novas entidades eran unha versión máis modesta, decote sen local social sequera, dos clubs dos seus patróns. Do mesmo xeito, como indagou Andrés Domínguez, foron os carpinteiros e artesáns da construción os que difundiron cara a moitas comarcas do interior de Galicia estas prácticas deportivas, as cales levaban aparellados modos formalizados de novas prácticas sociais. Na mesma década, rexístranse mostras de deportivización nas masas operarias das cidades, mesmo coa organización de clubs de fútbol como o F. C. Fabril, creado na Coruña en 1914, ou o Club Ferroviario de Vigo. E tamén nos sectores obreiros se constata a compoñente xeracional en relación co desenvolvemento desta nova cultura deportiva, aínda que o movemento operario empezou sendo moi receoso do proceso de deportivización social. A imitación, polos fillos dos operarios, dos comportamentos dos patróns non debeu de ser ben comprendida

nin percibida. O certo era que unha nova forma de cultura de masas rachaba coa de épocas pasadas e penetraba en todos os recunchos da sociedade galega.

No fin de contas, o fenómeno deportivo, alén de ser socialmente burgués en orixe, foi un fenómeno cultural estreitamente relacionado co ámbito da nova cultura moderna. De feito, en publicacións da máis diversa orientación, como a viguesa *Letras y Deportes* ou a revista *Estudios Gallegos*, o interese por incluír o deporte nas súas páxinas foi unha constante e ía asociado a unha posta ao día, unha forma de demostrar estar culturalmente á última. Non é estraño, pois, que a xeración de intelectuais nados na última década do século XIX estivese estreitamente vencellada á sociabilidade e á práctica do deporte. Fose Eduardo Blanco Amor, no Orense Sporting Club, ou Valentín Paz Andrade, no Pontevedra F. C., a simbiose entre deporte e cultura fíxose común, e un bo número de asociacións pasaron a cumprir ambas as dúas funcións. É dicir, a facerse eco do deporte como unha nova forma de cultura que constituía, ademais, unha anovadora práctica social, o que explica a súa relativa rápida extensión territorial nos inicios do século XX. Estar á moda estaba de moda.

Outras formas de sociabilidade, que desvelan a existencia doutras variantes do fenómeno deportivo, algunhas delas relacionadas coa extensión dos valores nacionais propios daquel tempo –formación do espírito cívico, rexeneración da raza, procura dunha mocidade sa e forte…–, tamén aniñaron en Galicia. Cómpre anotar que no ámbito galeguista o primeiro intento de desenvolvemento do excursionismo se dá en 1905 a través da constitución da Sociedad Gallega de Excursiones. Coñecer a terra era visitala, como despois farán os membros do Seminario de Estudos Galegos, seguindo nisto a mesma práctica viaxeira. De todos os xeitos, a versión máis uniformada, xuvenil, paramilitar e tamén a máis exitosa do movemento excursionista foron os Boy Scouts, os cales se difundirán por Galicia a partir de 1912 da man do activo profesor compostelán Adolfo Revuelta.

A expansión da deportivización na sociedade galega de comezos do século XX tivo aínda outra versión en actividades tradicionais,

como a caza, que despois de ser regulamentada experimentou un desenvolvemento considerable baixo a forma de asociacionismo cinexético: as sociedades venatorias estendéronse polas vilas, xunto coas armerías como novo negocio asociado. O número de licenzas de caza triplicouse nos primeiros anos do século, e entre 1900 e 1929 a caza afirmouse no seu novo formato regulado e asociativo en Galicia como a segunda práctica deportiva, despois do fútbol. Este último contaba con cerca de 100 sociedades á altura de 1920, sendo o deporte preferido, como en toda Europa, pola maioría da poboación. Neste senso, foi moi forte a pegada popular que tivo a selección española, composta por trece vascos, catro cataláns e catro galegos, que acadou ese ano a medalla de prata en Antwerpen.

Mais o fútbol nacera como divertimento snob. De feito, fora importado a finais do século XIX tanto por mozos da burguesía urbana educados en Inglaterra ou Suíza como polos integrantes das colonias inglesas que había nalgunhas cidades galegas, caso da vinculada á actividade do estaleiro ferrolán ou á frota inglesa que frecuentemente arribaba a Vilagarcía. No novo século, o fútbol foi converténdose no deporte que mellor expresa as rivalidades locais e interlocais, o que en parte explica que só na cidade da Coruña o número de clubs existentes en 1910 acadase as tres decenas. A forza identitaria do xogo, asociada ao agrupamento dos seareiros en clubs e á competición entre equipos, era imparable. Todo isto serviu tamén na altura para que outra forma de expresión identitaria moi en vigor –a galega– tomase corpo xa en 1915 na idea de formar unha Selección Rexional, ou que, nesta liña, a Federación Española reunida en Vigo acordase en 1922 organizar un campionato de España de seleccións rexionais. O triunfo do fútbol situou as masas no centro da actividade e do espectáculo deportivo no mesmo tempo en que, social e politicamente, estaban a conquistar novas posicións.

BBALANCE DO MUNDO QUE FOI: CAMBIOS ECONÓMICOS E CONFLITOS SOCIAIS NUNHA MODERNA SOCIEDADE DE MASAS

No transcurso das seis décadas que van de 1880 a 1936, a economía e a sociedade galega incorporaron sen atrasos algunhas das claves tecnolóxicas da segunda onda da industrialización, as cales foron capaces de transformar tanto o sector industrial como o agrario, contribuíndo deste xeito a compasar as mudanzas de Galicia ao ritmo europeo, algo que non era novo, pois unha situación semellante acontecera no país a finais do século XVIII, mais esa é outra historia.

Na mesma liña, consolidouse agora a póla agromarítima como base principal das renovadas actividades económicas, adaptadas todas elas á vangarda dos cambios que se daban na época. Deste xeito, apréciase unha capacidade de innovación técnica e de adaptación ao mercado que adquire especial relevancia no ámbito das actividades industriais, especialmente nas vinculadas ao complexo marítimo-pesqueiro, pero tamén nas financeiras ou nas relacionadas con novas actividades comerciais e os novos servizos urbanos.

Neste contexto de cambio e mutacións, despexáronse os bloqueos seculares que padecía o mundo rural coa resolución do empate histórico entre *fidalgos* e *labregos* arredor do contrato foral, ao reverter a propiedade plena das terras en favor das casas labregas, que, andando o tempo, xa na segunda metade de século XX, pasarían a considerarse explotacións agrarias familiares. A solución desta pugna social polo control da terra explica en parte o aproveitamento das novas oportunidades de desenvolvemento que se abriron para o agro galego entre 1900 e 1936. Neste período de grandes mudanzas, mesmo as continuidades teñen matices. Tal é o

caso da emigración, que, sendo moi forte nesa etapa, experimenta transformacións no seu carácter, ao facerse crecentemente andoriña e apoiarse en sólidas redes sociais que, en parte, transmutaron o trauma e a sangría que xeraba nunha fonte de recursos grazas aos importantes retornos económicos, pero tamén ás achegas sociais e culturais que viñan de volta cos «americanos», singularizando unha época dourada que aínda non se esqueceu.

Nestas seis décadas que fixeron época, a economía galega evoluíu moderna pero escasamente integrada nas políticas estruturais do Estado español. En parte, pola diverxente especificidade das estruturas produtivas do país no conxunto estatal: un sector agropecuario baseado en producións atlánticas minoritarias fronte á triloxía mediterránea que domina a Península; unha produción que se integrou tardiamente no mercado interior e sufriu decote desprotección; un sector pesqueiro, central na nova economía galega do século XX, que só intermitentemente foi algo «entendido» desde as políticas dun Estado de *secaño*. A tardía creación da infraestrutura ferroviaria ten que considerarse entre os factores que fomentaron ese retardo no século XIX, e aínda tivo as súas réplicas no XX e no XXI. Por outra banda, algunhas das estruturas industriais desenvolvidas non sempre serviron para xerar un modelo propio de industrialización.

As sete cidades da época, malia o crecemento poboacional que experimentaron, seguiron sendo máis ben pequenas e, estando unidas á rede das vilas, mantiveron un estreito contacto co mundo rural, unha vinculación que deu vida a unha retícula vertebradora do territorio en termos produtivos, simbólicos e culturais, cando menos até o derradeiro cuarto do século XX. Un país que contou con campesiños emigrantes, os cales nunca racharon o cordón umbilical que os vinculaba con forza á casa familiar e á terra, seguindo nisto o acontecido noutros coñecidos exemplos europeos. A pegada social do mundo rural en Galicia foi tan forte no primeiro terzo do século XX que, se houbese que definir o período en relación co triunfo dalgún grupo de actividade, habería que optar, seguramente, por destacar o crecente predominio social e económico dos labregos. O agrarismo foi o seu instrumento, tal como se ten descrito. Outra volta, nada

tan diferente do acontecido daquela noutros países e territorios europeos.

Esta marca de auga labrega aínda é máis significativa por tratarse dun período en que medran as cidades; as novas actividades industriais e unha moderna sociedade civil de traza urbana adquiren a súa fasquía máis poderosa sobre a base de novos fenómenos e actividades económicas. Vémolo na aparición dunha rampante burguesía industrial, na organización operaria, no triunfo de novas formas de sociabilidade ou de novas prácticas culturais, como as asociadas ao fenómeno deportivo de masas.

En termos económicos, a Galicia da altura seguiu caracterizándose por varios trazos que, marcando as continuidades do pasado, aínda poden rastrexarse no presente: o peso da economía agraria, unha industrialización singular e o destacado peso da emigración. Para o conxunto do século xx, podemos describir o país como de base agraria e cunha urbanización en retícula, sen grandes cidades, cando menos até a década de 1960, o cal coñeceu unha industrialización con dous modelos diferentes: un anterior a 1936, froito dun proceso endóxeno articulado sobre a construción naval, a conserva, a pesca ou a transformación agrícola-gandeira; outro, desenvolto na segunda metade do século xx, arredor de industrias de enclave, sendo fundamental, ao longo da centuria, a exportación de materias primas e a explotación dos recursos naturais.

Unha nova economía e unha nova sociedade modernas que, de 1880 a 1939, se identificaron no plano cultural coa nova época –co sino dos tempos–, co que acontecía nas grandes urbes europeas (París, Londres, Berlín, Viena) ou americanas (Nova York, Bos Aires, A Habana, Montevideo), capaz, pois, de crear e estender unha narrativa propia de modernidade. Galicia foi así un deses territorios europeos capaces de artellar unha modernidade rural coas trazas das modas urbanas. A súa posición no centro do Atlántico europeo e no camiño de América tivo moito que ver. O asunto ten un algo de misterio histórico que ás veces confundiu os intérpretes do pasado e que aínda está pendente de seguir sendo desvendado. Aquelas seis décadas fixeron época.

PARA SABER MÁIS

O SÉCULO XX: A GALICIA MODERNA E A GALICIA ATRASADA. UNHA ECONOMÍA: DÚAS SOCIEDADES?

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2000, ed.), *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais.

JUANA, Jesús e PRADA RODRÍGUEZ, Julio (2005, coords.), *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel.

MURADO, Miguel Anxo (2022), *Outra idea de Galicia*, Madrid, Debate.

VILLARES PAZ, Ramón (2019), *Galicia una nación entre dos mundos*, Barcelona, Pasado y Presente.

A ESQUECIDA GALICIA MODERNA ANTES DA DESFEITA

AGRASAR QUIROGA, Fernando (2018), *A Galicia moderna. 1916-1936*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xoaquín e LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro (2000), *Estructura económica de Galicia*, Santiago de Compostela, Laiovento.

PUJOL, Josep, GONZÁLEZ DE MOLINA, Manuel, FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo, GALLEGO, Domingo, GARRABOU, Ramón (2001), *El Pozo de todos los males. Sobre el atraso en la agricultura española contemporánea*, Barcelona, Crítica.

A FORZA DAS PERSOAS NO TERRITORIO

ALDREY VÁZQUEZ, José Antonio (2006), *A poboación galega, 1900-2005. Cambio demográfico e implicacións territoriais*, Vigo, Ir Indo.

BEIRAS TORRADO, Xosé Manoel e LÓPEZ, Abel (1999), *A poboación de Galicia*, Santiago de Compostela, Laiovento.

BOUHIER, Abel (1979), *La Galice: essai geographique d'analyse et d'interpretation d'un vieux complexe agrarie*, Poitiers, Impr. Yonnaise.

DUBERT, Isidro (2017), «Transformación urbana y modernidad en las ciudades y villas de Galicia, 1860-1930», en Luis E. Otero Carvajal y Rubén Pallol

(eds.), *La sociedad urbana en España, 1900-1930. Redes impulsoras de la modernidad*, Madrid, La Catarata, pp. 132-164.
PEREIRA MENAUT, Gerardo e PORTELA SILVA, Ermelindo (2015, eds.), *El territorio en la historia de Galicia: organización y control, siglos I-XXI*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro (1999), *La emigración gallega a América, 1830-1930*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
VILLARES PAZ, Ramón e FERNÁNDEZ SANTIAGO, Marcelino (1996), *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

UNHA ECONOMÍA INNOVADORA NA SEGUNDA ONDA DA INDUSTRIALIZACIÓN, 1880-1939

ARTIAGA REGO, Aurora, FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo, BALBOA LÓPEZ, Jesús L., HERVÉS SAYAR, Henrique e CARDESÍN DÍAZ, José María (1991), «Agricultura y capitalismo en Galicia: una perspectiva histórica», en Pegerto Saavedra e Ramón Villares (eds.), *Señores y campesinos en la Península Ibérica, ss. XVIII-XX*, Barcelona, Crítica, pp. 346-372.
ARTIAGA REGO, Aurora, FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Angel (1997), «Labradores, gandeiros, artesáns e traficantes. Unha aproximación ás actividades productivas da poboación rural en Galicia 1750-1900». *SÉMATA, Ciencias Sociais e Humanidades,* nº 9, pp. 307-341.
BALBOA LÓPEZ, Jesús L. (1990), *O monte en Galicia (séculos XIX e XX): problemas xurídico-administrativos e individualización campesiña*, Vigo, Xerais.
BARREIRO GIL, Manuel Jaime (1990), *Prosperidade e atraso na Galicia do Primeiro terzo do século XX*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
CABO VILLAVERDE, Miguel e GARCÍA FERREIRA, Rafael (2022, eds.), *Sagas empresariais de Santiago*. Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago.
CARMONA BADÍA, Xan (1990), *El atraso industrial de Galicia*, Barcelona, Ariel.
CARMONA BADÍA, Xan e NADAL, Jordi (2005), *El empeño industrial de Galicia. 250 años de Historia 1750-2000*, A Coruña, Fundación Barrié.
DOMÍNGUEZ CASTRO, Luis (1992), *Viños, viñas e xentes do Ribeiro*, Vigo, Xerais.
DUBERT, Isidro (2024, ed.), *Galicia, un mar con historia*, Vigo, Xerais.
FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1992), *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1930*, Vigo, Xerais.
FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo, SOTO FERNÁNDEZ, David, ESPERANTE, Bruno (2023), «How farmers adopt new technologies: connections between farmer and technician knowledges in Galicia (NW Iberian Peninsula) (1880-1940)», *Rural History,* nº, 34, 1-18.

FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno (2007), «Estudo introductorio», en *El Agricultor. Revista de Agricultura*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús (1996), *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*, Madrid, MAPA.
HERNÁNDEZ SOTO, Gonzalo (2021), *Política y economía en sociedades en vías de industrialización. Vigo: 1857-1923*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
MAIXÉ, Joan Carles, VILAR, Margarita e LINDOSO, Elvira (2002), «El sistema gallego de cajas de ahorro en perspectiva histórica, siglos XIX y XX», en Edelmiro López Iglesias e Juan J. Ares Fernández (eds.), *Novos escenarios para a economía galega. Actas do II Congreso de Economía de Galicia*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 823-850.
MARTÍNEZ LÓPEZ, Alberte (2017), «La electrificación en la periferia: Galicia, 1883-1935» en Horacio Capel, Miriam H. Zaar e Magno Vasconcelos P. Junior (eds.), *La electrificación y el territorio. Historia y futuro*, Barcelona, Universitat de Barcelona, pp. 1-19
MARTÍNEZ LÓPEZ, Alberte (1989), *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
MUÑOZ ABELEDO, Luisa (2024), *As mulleres e o mar: o traballo feminino nas industrias marítimas de Galicia, séculos XIX e XX*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
OTERO EIRIZ, Claudio (2017), *A industria dos coiros en Galicia: historia e patrimonio, Santiago de Compostela*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
RICO BOQUETE, Eduardo (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia (1941-1971)*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
SOTO FERNÁNDEZ, David (2006), *Historia dunha agricultura sustentábel. Transformacións produtivas na agricultura galega contemporánea*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
VILLARES PAZ, Ramón e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1992), «La crisi agrària del final del segle XIX y l'adaptación de l'explotació pagesa gallega», *Recerques*, 26, pp. 89-106
VILLARES PAZ, Ramón (1982), *La propiedad de la tierra en Galicia*, Madrid, Siglo XXI.

A SOCIEDADE PLURAL DA GALICIA MODERNA

ALONSO ÁLVAREZ, Luis (2000), «El poder empresarial de Galicia en perspectiva histórica», en Fernando R. Ojea (coord.), *Grandes empresas. Grandes*

historias de Galicia, A Coruña, *La Voz de Galicia*, pp. 10-48.
CABO VILLAVERDE Miguel (1998), *O agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra.
CAGIAO, Pilar e PEÑA, Vicente (2008), *Nós mesmos. Asociacionismo galego na emigración*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e CABO VILLAVERDE, Miguel (2020), «Agrarian Movements, the National Question and Democracy in Europe, 1880-1945», en Xosé Manuel Núñez Seixas (ed.), *The First World War and the Nationality Question in Europe*, Leiden, Brill, pp. 226-290.
DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés (2006), *O desenvolvemento da cultura deportiva nunha sociedade en transformación. Galicia 1850-1920*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
DURÁN, Juan Antonio (1977), *Agrarismo y movilización social en el País Gallego (1875-1912)*, Madrid, Siglo XXI.
LEZCANO, Arturo (2025), *O país invisible. A epopea atlántica da diáspora galega*. Madrid. Libros del K.O.
LÓPEZ MORÁN, Beatriz e BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2013), *La Asociación General Patronal de A Coruña y la conflictividad obrera en la Segunda República (1931-1936)*, A Coruña, Arenas.
LOMBARDERO RICO, Chemi (2013), *La huella de la emigración a América en el Cantábrico Occidental*, Xixón, CICEES.
MIGUEZ MACHO, Antonio (2006), *La construcción de la ciudadanía a través de los movimientos sociales. El movimiento obrero en Galicia (1890-1936)*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1998), *Emigrantes, caciques e indianos: o influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Xerais.
PEREIRA, Dionisio (1992), *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, Vigo, A Nosa Terra.
ROSENDE GONZÁLEZ, Silvia (2022), *De fidalgos a notábeis. Paradoxos entre a propiedade da terra e a representación política*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (2005), *As cartas do destino*, Vigo, Galaxia.
SOUTO, Xosé Manuel (1990) *Vigo. Cen anos de historia urbana (1880-1980)*, Vigo, Xerais.
VILLARES PAZ, Ramón (1982) *Foros, frades e fidalgos: estudios de historia social de Galicia*, Vigo, Xerais.

BALANCE DO MUNDO QUE FOI: CAMBIOS ECONÓMICOS E CONFLITOS SOCIAIS NUNHA MODERNA SOCIEDADE DE MASAS

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2016), «O atraso: o éxito dun falso mito. Imaxes contra os tópicos do mundo rural e os labregos», en Isidro Dubert (ed.), *Historia das historias de Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 357-391.
FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2017) «Modernidad y tradición (1875-1931). El proceso económico» en Jordi Canal (ed.), *Historia contemporánea de España: 1808-1931*, Madrid, Taurus, vol. 1, pp. 687-740.
LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2017) «Galicia-Bretaña. Dúas sociedades atlánticas europeas, modernas e modernizadas no século vinte», *Congreso Galicia-Bretaña: un enfoque comparado de dous finisterrae europeos*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

FONTES ÁS QUE FACER PREGUNTAS PARA INDAGAR NO PASADO E FACER HISTORIA

Agrarismo: pódese rastrexar no Fondo de Sociedades dos Gobernos Civís conservados nalgúns arquivos provinciais (ARG e Provincial de Lugo) que en ocasións inclúen libros de actas ou de socios, que mudan de uso ao seren utilizados para as persecucións de 1936 (Provincial de Pontevedra); mesmo o rastro documental societario pode atoparse tamén en arquivos municipais e nas casas dos labregos depositarios dos libros de actas; por suposto na abondosa prensa agraria e local da época; para a fonte oral –consumado o pasamento dos protagonistas– existen repositorios como *Terra&Memoria* (CISPAC-USC).
https://www.terraememoria.usc.gal/

A emigración atopámola, cando menos, en catro rexistros diferentes: a numerosa prensa de época dá conta das vicisitudes, logros, retornos e doazóns dos emigrantes; as relacións e rexistros de tránsito dos emigrantes: permisos, listaxes de pasaxeiros, indirectamente libros de quintas para os mozos que evitaban o alistamento; epistolarios e memorias persoais, incluídas fotografías e audiovisuais, pouco usados para as posibilidades que ofrecen; a riquísima fonte oral, explorable a través dos variados fondos orais construídos pola investigación académica e amadora, como o *Arquivo Galego da Emigración* do Consello da Cultura Galega.

Índice

LIMIAR

O SÉCULO XX A GALICIA MODERNA E A GALICIA ATRASADA UNHA ECONOMÍA: DÚAS SOCIEDADES?

A ESQUECIDA GALICIA MODERNA. ANTES DA DESFEITA, 1880-1939

A FORZA DAS PERSOAS NO TERRITORIO
- A longa interacción da poboación co territorio, a intensa coevolución das persoas coa natureza
- A emigración que construíu a Galicia moderna

UNHA ECONOMÍA INNOVADORA NA SEGUNDA ONDA DA INDUSTRIALIZACIÓN
- 'Donos de seu' e labregos con ciencia
- A saída da crise agraria finisecular: as casas labregas resistiron máis que as fidalgas
- As loitas en común contra o foro: a unión que fixo a forza e os 'donos de seu'
- Antigas feiras e novos mercados: aprendendo a vender e mercar nun contexto tecnolóxico innovador
- Labregos innovadores e ciencia agronómica: fusión de saberes
- Balance e resultados da innovación labrega no tempo da segunda industrialización
- Máis que sardiñas: industria, servizos e redes urbanas
- As industrias do mar: pesca, conservas, estaleiros
- A industria da conserva, motor do complexo marítimo
- Unha industrialización marítimo-pesqueira con patrón vigués e pegada ferrolá
- Moito máis que mar e terra. Unha economía de seu na segunda onda da industrialización

A SOCIEDADE PLURAL DA GALICIA MODERNA

A mudanza social no agro: un país de labregos con ciencia e conciencia
O tempo do agrarismo: mobilización social e política pola terra de seu
Formas, organización e desenvolvemento do movemento agrarista (1886-1936)
Galicia feita en América. As achegas da emigración coseron a modernidade dunha sociedade europea
Escenarios urbanos dunha sociedade moderna, europea, con moito de americana
Mudanzas sociais e construción dun escenario urbano liderado por Vigo e A Coruña
Operarios, operarias, sociedades de resistencia e organizacións obreiras
As grandes correntes sindicais (1900-1936)
O deporte como nova cultura popular, síntoma do dinamismo sociocultural da época
A democratización da práctica deportiva: o deporte de masas
BALANCE DO MUNDO QUE FOI: CAMBIOS ECONÓMICOS E CONFLITOS SOCIAIS NUNHA MODERNA SOCIEDADE DE MASAS
PARA SABER MÁIS
CRÉDITOS

Edición dixital: abril de 2026

Director da colección: Isidro Dubert
Ilustración de cuberta: Sr. Reny
© Do texto: Lourenzo Fernández Prieto, 2026
© Desta edición: Edicións Xerais de Galicia S. A., Vigo, 2026
Doutor Marañón, 12, 36211 Vigo
xerais@xerais.gal

ISBN ebook: 978-84-1110-756-3

A Galicia moderna (1880-1939)

Está prohibida a reprodución total ou parcial deste libro electrónico, a súa transmisión, descarga, descompilación, tratamento informático, almacenamento ou introdución en calquera sistema de reposición e recuperación, en calquera forma ou por calquera medio, ben sexa electrónico, mecánico, coñecido ou por inventar, sen o permiso expreso escrito dos titulares do Copyright.